



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 37

Sesión plenaria
29 de xaneiro de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 12902 (12/PNP-001051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que explique e remita ao Parlamento a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024

5.2 15652 (12/PNP-001324)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre a esixencia dun compromiso á Xunta de Galicia, así como o traslado ao Goberno central, en favor de medidas orientadas á repotenciación dos parques eólicos antigos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

5.3 15707 (12/PNP-001328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de o Parlamento de Galicia apoiar a celebración do Ano Castelao en 2025

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 135, do 02.01.2025

5.4 16278 (12/PNP-001344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da garantía dunha xestión pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

5.5 16710 (12/PNP-001375)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e dezaseis deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da transferencia da AP-9, o novo trazado para a A-52, a seguridade viaria na A-55 e a interlo-cución con todos os concellos afectados

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025



5.6 17126 (12/PNP-001385)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de garantir unha xestión pública e directa no futuro Centro de Atención a Personas con Discapacidade de Ourense

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 2130 (12/INT-000147)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

6.2 8703 (12/INT-000422)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f1, do 22.08.2024

6.3 16261 (12/INT-000681)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis**

Sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

6.4 17098 (12/INT-000698)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 139, do 15.01.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 17834 (12/POPX-000029)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a orientación que lles está a dar o Goberno galego ás súas políticas de loita contra as desigualdades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025



7.2 17837 (12/POPX-000030)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a reversión das privatizacións e a reconstrución da Área Sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 15888 (12/POP-002298)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as previsións que o Goberno galego ten de dotar a comarca do Baixo Miño cun servizo de transporte público de persoas por estrada que cubra as necesidades de mobilidade da cidadanía desta comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137f1, do 10.01.2025

8.2 17810 (12/PUP-000070)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da constatación de mortes por fusilamentos e polo trato ás persoas represaliadas producidas na illa de San Simón entre outubro de 1936 e marzo de 1943

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.3 17830 (12/PUP-000072)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as iniciativas de coñecemento e divulgación que prevé impulsar a Xunta de Galicia logo da declaración da Illa de San Simón como lugar de memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.4 17080 (12/PUP-000068)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre as liñas básicas do Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos centros de información ás mulleres, que se porá en marcha neste ano 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.5 16708 (12/POP-002566)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a declaración do proxecto para a instalación dunha planta de biometanización en Coeses, no concello de Lugo, como iniciativa empresarial prioritaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025



8.6 16900 (12/PUP-000067)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.7 16370 (12/POP-002452)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis**

Sobre as accións que pensa impulsar o Goberno galego co obxectivo de rebaixar as listaxes de agarda para consultas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

8.8 17348 (12/POP-002742)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre os cambios que está a incorporar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o programa galego de cribado neonatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

8.9 16160 (12/POP-002374)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira das rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orientación que lles está a dar o Goberno galego ás súas políticas de loita contra as desigualdades. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reversión das privatizacións e a reconstrución da Área Sanitaria de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de o Parlamento de Galicia apoiar a celebración do Ano Castelao en 2025. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 22.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 26.) *e Sr. Pazos Couñago (P)* (Páx. 29.).

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 32.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) anuncia a decisión de acumular dúas proposicións non de lei, que figuran na orde do día como puntos 5.4 e 5.6, para o seu debate conxunto, consonte o disposto no artigo 162.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Páx. 33.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da garantía dunha xestión pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense. (Punto quinto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de garantir unha xestión pública e directa no futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 34.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 37.).

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 41.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 41.).

Nova intervención das señoras Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 43.) e *Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 45.).

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e dezaseis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da transferencia da AP-9, o novo trazado para a A-52, a seguridade viaria na A-55 e a interlocución con todos os concellos afectados. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Carrera (P)*. (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S)* (Páx. 51) e *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 53.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)*. (Páx. 56.)

A señora Rodríguez Carrera (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 56.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que explique e remita ao Parlamento a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a existencia dun compromiso á Xunta de Galicia, así como o traslado ao Goberno central, en favor de medidas orientadas á repotenciación dos parques eólicos antigos: *aprobada por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 35 abstencións.* (Páx. 59.)



O señor Pazos Couñago (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado dos puntos 2 e 3 desta proposición; solicitude que non é aceptada. (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de o Parlamento de Galicia apoiar a celebración do Ano Castelao en 2025: *rexeitada por 25 votos a favor, 38 votos en contra e 10 abstencións. (Páx. 60.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da garantía dunha xestión pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 60.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de garantir unha xestión pública e directa no futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 61.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e dezaseis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da transferencia da AP-9, o novo trazado para a A-52, a seguridade viaria na A-55 e a interlocución con todos os concellos afectados: *aprobada por 63 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 61.)*

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 64.)

Réplica do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 68.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Méndez López (S). (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 72.)

Réplica da autora: Sra. Méndez López (S). (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 76.)



Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación de D. Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consecuencias para Galicia do acordo do libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Fernández (BNG). (Páx. 78.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 82.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Fernández (BNG). (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez). (Páx. 86.)

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 92.)

Réplica da autora: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 96.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) comunica a solicitude, por parte da Xunta de Galicia, do aprazamento da pregunta 8.1 (documento número 18059); e o adiamento da formulación da pregunta ao Goberno que figura na orde do día como punto 8.5 (documento número 16708). (Páx. 98.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a declaración do proxecto para a instalación dunha planta de biometanización en Coeses, no Concello de Lugo, como iniciativa empresarial prioritaria. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Valcárcel Armesto (BNG). (Páx. 98.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 99.)

Réplica da autora: Sra. Valcárcel Armesto (BNG). (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 101.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) comunica o debate acumulado das preguntas ao Goberno 8.2 (documento número 17810) e 8.3 (documento número 1830), en aplicación do artigo 159.1 do Regulamento. (Páx. 102.)



Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da constatación de mortes por fusilamentos e polo trato ás persoas represaliadas producidas na illa de San Simón entre outubro de 1936 e marzo de 1943. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas de coñecemento e divulgación que prevé impulsar a Xunta de Galicia logo da declaración da illa San Simón como lugar de memoria democrática. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora e do autor: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 102.) e *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 104.).
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 105.)
Réplica da autora e do autor: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 107.) e *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 107.).
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 108.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas básicas do Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información ás mulleres, que se porá en marcha neste ano 2025. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 110.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 111.)
Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 112.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 112.)

Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 113.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 114.)
Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 115.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 116.)

Pregunta de D^a María Elena Espinosa Mangana e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as accións que pensa impulsar o Goberno galego co obxectivo de rebaixar as listaxes de agarda para consultas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 117.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 118.)
Réplica da autora: *Sra. Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 119.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 120.)



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputadas/os máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os cambios que está a incorporar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o programa galego de cribado neonatal. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 121.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira das rías galegas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 124.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 126.)

Réplica do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 127.)

O señor Prieto Perille (P) pide a palabra e intervén para anunciar a súa renuncia como deputado do G.P. Popular de Galicia pola provincia da Coruña debido a novas responsabilidades profesionais que vai ter nunha federación deportiva galega incompatibles coa condición de deputado. Tamén lles agradece ao presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e aos compañeiros do Grupo Popular o seu respecto e agarimo; así como o talante dos outros tres grupos da Cámara ao longo desta lexislatura. Pide desculpas polos erros cometidos e destaca o gran labor dos servizos da Cámara, e a atención das traballadoras e dos traballadores do Parlamamento e do seu grupo parlamentario. (Páx. 129.)

A señora presidenta (Candia López), en nome de todos e todas, deséxalle moita sorte. (Páx. 130.)

Remata a sesión ás seis e corenta e nove minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi bo día a todas e todos.

Reiniciamos a sesión plenaria.

Empezamos coas preguntas ao presidente da Xunta de Galicia para resposta oral.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orientación que lles está a dar o Goberno galego ás súas políticas de loita contra as desigualdades

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Bos días, señor Rueda.

España medra economicamente e Galicia medra menos que o resto de España, pero medra. En cambio, no tocante ás desigualdades, Galicia medra máis que o resto de España. É curioso. Voulle poñer algúns exemplos.

En materia de vivenda, nos últimos anos o prezo das vivendas subiu case un corenta e cinco por cento. Na percepción das rendas altas —aquelas que superan os sesenta mil euros de ingresos anuais—, hai un trinta por cento delas que perciben rendas de aluguer. A última solución de vostede é a construción de máis vivendas para solucionar o problema da vivenda. Como vivenda pública non se construíu durante os últimos anos dos seus mandatos, teremos que esperar tres ou catro anos para desfrutar desas vivendas; polo tanto, todo o confía á vivenda pública. Nós propuxemos a creación dun banco público de alugueiro, que, ademais, nos parecía que era un mecanismo que conciliaba ben a seguridade dos que teñen vivendas para alugar e o acceso dos inquilinos porque —sabe— neste momento o acceso é moi dificultoso para os mozos e mozas e para as familias que desexen iniciar a súa vida. Votaron en contra. Non lles interesou esa idea e a desbotaron, pero o problema segue aí.

A materia de dependencia probablemente sexa o símbolo da maior desigualdade en Galicia; a desigualdade en Galicia en materia de dependencia é non ter acceso ao dereito. Catro mil persoas non teñen resoltos os seus expedientes e 1.500 téñenos resoltos para acceder a unha residencia, jah!, pero non a hai a prezos accesibles para a inmensa maioría dos galegos e das galegas. Non quere ningún tipo de compromiso con outras administracións nin quere a construción doutras vivendas ou residencias públicas que permitan o acceso en condicións de accesibilidade. Insisto, a desigualdade en materia de dependencia en Galicia consiste en non ter acceso ao dereito —que é a desigualdade máxima—.

En materia de sanidade e de acceso á atención primaria, en toda Galicia hai unha profunda desigualdade e, se xa falo da zona rural, os datos son realmente alarmantes. Nós propuxemos facer un esforzo de investimento para que en Galicia houbera acceso á atención primaria nun prazo razoable de 48 horas. Tamén votaron en contra.



E, en materia de mocidade, o saldo migratorio é negativo, pois os mozos e as mozas foxen de Galicia, xa que non atopan aquí o seu futuro ou non albiscan que o futuro pase por permanecer en Galicia —mozos e mozas formados—. Nós ofrecemos un plan de contratación da mocidade e tamén o rexeitou. O saldo migratorio sálvase positivamente pola chegada de inmigrantes.

E, se falamos dos ingresos públicos, a desigualdade tamén se ve reflectida polas accións da súa política de goberno nas bonificacións ás rendas altas e a aqueles patrimonios que máis teñen. Hai desigualdade no gasto e hai desigualdade nos ingresos públicos.

A pregunta que eu lle fago, señor Rueda, é se cre vostede que está orientando correctamente as políticas do seu Goberno cara á loita contra as desigualdades. Os datos evidencian que non. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Besteiro.

Para dar resposta ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Bos días, señor Besteiro.

É que xa se responde vostede mesmo, e menos mal que recoñece que aquí medramos tamén, pero escoitándoo, ¡claro!, aquí medramos a pesar da Xunta e grazas a Pedro Sánchez. Ese é o reflexo que fai vostede.

Mire, sinceramente, cando vin que o máximo representante do Partido Socialista en Galicia facía unha pregunta sobre a igualdade ou sobre corrixir as desigualdades crin que ía ser valente —ían ser valentes—, polo menos por unha vez, e abordar un escenario que, efectivamente, se está producindo aquí.

Temos unhas enormes desigualdades de trato respecto de quen tiña que estar colaborando con nós, pero xa vexo que non. Vostede sempre está empeñado en darse tiros no pé e volve aquí un socialista. Que nestes momentos, señor Besteiro, un socialista ondee a bandeira da igualdade aquí, en Galicia, vendo como o están tratando, é menos crible, aínda, a que se os seus socios do BNG ondeasen a bandeira de España. Non os ía crer ninguén a ningún os dous.

Polo tanto, señor Besteiro, se quere falamos de igualdade, e empezamos a falar de igualdade porque para facer as cousas aquí, aínda mellor, é necesario ter un trato igualitario da administración da cal dependen moitas cousas. ¿Queren exemplos de desigualdade? ¿Falamos de peaxes, por exemplo? Subindo as peaxes en Galicia que dependen do Estado e desaparecendo ou baixando moitísimas noutros sitios que dependen do Estado? ¿Falamos de igualdade ante a lei? A Lei de amnistía; un tratamento desigual para aqueles que lles convén —¡si, vostede ri moito, pero isto é o que está pasando!—. ¿Falamos de igualdade



financeira para facer todas esas cousas e todos eses servizos a que vostede aludía? ¡Bueno!, xa estamos vendo a que se está preparando e a que están facendo. O Consello de Política Fiscal e Financeira, ao cal nos ían convocar antes de que rematase o mes de xaneiro, ¡nada de nada! O financiamento vai ir para os de sempre, en detrimento dos de sempre, entre eles, Galicia. ¿Falamos de igualdade no trato en canto á asunción de competencias? *Sangre, sudor y lágrimas* para cada competencia a que ten dereito Galicia. Somos denunciados ante o Tribunal Constitucional e, cando nos dá a razón, todo son problemas; e mentres, a mesma competencia é transferida, vía exprés, ás comunidades autónomas que interesan ao Partido Socialista. ¡Xa me dirá vostede, señor Besteiro, se isto é igualdade!

Ao final, cando falamos de igualdades e de desigualdades, todo acaba no mesmo sitio: o Partido Socialista. Polo tanto, se quere falar de igualdade e, se quere falar sobre se estamos orientando ben as políticas, hai que practicar co exemplo e falar en serio. E se falásemos en serio, poderíamos estar falando, dende logo —quero facelo—, de que non somos iguais. Se fósemos iguais non teríamos subido os orzamentos de sanidade un 50 por cento respecto deses orzamentos fantásticos que non tiñan ningún recorte e que vostedes nos deixaron; non teríamos subido un 150 por cento as políticas sociais nos orzamentos. Esa é a desigualdade que interesa aos galegos: unha desigualdade para mellor, con máis recursos e mellor xestionados. Non teríamos subido un 60 por cento os gastos en emerxencias, por exemplo, agora que se ven tan necesarios —nós xa o sabíamos—. En definitiva, señor Besteiro, mire, vendo como plantexa todo vostede, todo o bo é grazas a Pedro Sánchez e todo o malo é por culpa da Xunta de Galicia.

Pois si, dígolle sinceramente que creo que si que temos ben orientadas as nosas políticas de igualdade para corrixir as desigualdades que vostedes provocan. Polo tanto, se quere falar en serio de igualdade, por unha vez non se poña do lado dos de sempre, é dicir, do lado dos seus xefes, e póñase do lado de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o turno de réplica ten novamente a palabra o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Ríame porque, despois do ridículo de onte, no cal o Partido Popular dicía, á mañá, que Junts per Catalunya eran uns patriotas e, á tarde, que volvían ser uns traidores; (*Aplausos.*) era polo que me ría eu: por eses cambios de opinión que ten o Partido popular. (*Murmurios.*)

É verdade que *el otrora presidente dicharachero*, (*Murmurios.*)...

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio!

O señor GÓMEZ BESTEIRO: ...disposto a comentar calquera cuestión de Galicia, de España, de Europa e do mundo, pois, desde o pasado mércores, gardou un sepulcral silencio. Non falou, non opinou, nin de Pedro Sánchez, ou sexa, que é de mérito.



En todo caso, ese presidente *dicharachero*, que era capaz de opinar sobre todo o que afectase aos galegos, gardou un silencio sepulcral sobre cuestións que si afectaban aos galegos e ás galegas. Aos pensionistas, preto de setecentos mil galegos e galegas, que, polo voto en contra do Partido Popular, viron ameazada a revalorización (*Risos.*) das súas pensións, con 441 euros de media; (*Murmurios.*) Eses patriotas, que votaron en contra dos seus dereitos, ou aqueles que estaban chamados a desfrutar do ingreso mínimo vital, de máis de quíntos euros, este ano tamén recibiron o seu voto en contra; ou as familias, esas que vostedes tanto din que lles preocupa, pois, en canto ao Bono térmico social tamén o votaron en contra; e o transporte, do cal están tan acostumados a falar, de se hai un atraso de cinco minutos ou de dez, ¡ah!, pero cando o Partido Popular vota en contra dos abonos gratuítos no transporte ferroviario e por carretera, aí estamos calados e gardamos silencio. (*Aplausos.*) Aí non se fala; aí non hai ruído. (*Aplausos.*) As pensións, o transporte, o Bono social térmico, a protección dos desafiuzamentos —e non dos ocupas—, a protección para aqueles que pasan por dificultades temporais para facer fronte ao seu alugueiro, porque teñen un contrato de alugueiro. A todos eses son aos que votaron vostedes en contra.

Por iso, cando falamos de desigualdades, a xente, hoxe, en Galicia e en España, ten máis claro que cando quere mirar para a protección e para quen vela polos seus dereitos, xa sabe para onde non mirar, e xa sabe que en Madrid non pode mirar para Alberto Núñez Feijóo; e aquí, en Galicia, tampouco pode mirar para Alfonso Rueda. (*Aplausos.*) Así é.

E espero que, por fin, volva a cordura ao Partido Popular e se poña do lado da inmensa maioría dos cidadáns, que é para quen se lexisla ese cordón de protección social, é dicir, para os máis necesitados. Espero que a semana que vén, cando leve ese proxecto de decreto de lei, vote, porque favorecerá aos galegos.

E reconduzan a posición porque por ese camiño van francamente mal. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten novamente a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Si, ten razón señor Besteiro: poden mirar para vostede os galegos, sen ningún problema.

Mire, ¿para que me fai esta pregunta?; ¿para meter en vea o argumentario de Ferraz?; (*Risos.*) ¿para cumprir as ordes que lle deron? «Falen do que falen no Parlamento autonómico, ti deféndenos a nós». E niso vostede é mandadiño coma ninguén, señor Besteiro —mandadiño coma ninguén—. (*Aplausos.*) Se ata o tiña escrito, señor Besteiro. Cumpriu a orde.

Eu creo que isto é unha defensa innecesaria, e vostede xa resolveu o seu futuro barra futuro Partido Socialista. Vostede ten o récord por debaixo de resultados dun Partido Socialista autonómico, e, aínda así, o van renovar. Iso si que é desigualdade con outros compañeiros seus. (*Aplausos.*) Non vai vir ningún ministro substituílo, entre outras cousas, porque, mire, de 22 que hai, non hai ningún ministro galego. Iso tamén é moita igualdade, respecto do tratamento que se nos dá, que é moi sintomático. Polo tanto, señor Besteiro, se ten esa



seguridade, ese trato —permítame que llo diga—, dende fóra, privilexiado respecto de como están tratando a outros compañeiros en función dos resultados, pois ¡sexá valente!, e permítase, por unha vez ser, valente. Vaile ir mellor, de verdade. E se as cousas son así e se se nos trata de xeito desigual, non pasa nada por recoñecelo; non pasa nada por mandar un recado no seu propio partido ao señor Sánchez, dicíndolle que así non pode seguir. Diría mellor —eu creo— menos pelota e máis sinceridade.

Eu xa dicía na miña primeira intervención que quería falar de igualdade en serio. Mire, falamos de igualdade en serio, efectivamente. En canto a vivendas, cómpre duplicar o parque público de vivendas e poñelas á disposición da xente que as necesita e elevar, ademais, os umbrais de renda para que poida acceder máis xente. Iso é igualdade.

En canto á educación, a educación pública gratuíta dende o principio ata o final, dende a gardería ata o final da universidade, só pasa en Galicia. Iso tamén é igualdade.

Ter o calendario vacinal e os programas de cribado de cancro máis avanzados na sanidade pública, en toda España, iso tamén é igualdade.

Ser a segunda comunidade autónoma onde hai menos diferenza ou menos fenda entre os ingresos máis altos e os ingresos máis baixos —a segunda comunidade autónoma despois de Aragón—, iso tamén é igualdade.

Ter unha taxa AROPE nun punto menos que a media nacional, que é a que mide o índice de pobreza, tamén é avanzar en igualdade.

Baixar, orzamento tras orzamento, os impostos, mentres vemos como os soben salvaxemente no Goberno central, iso tamén é igualdade.

Intentar equilibrar os investimentos entre as cidades e o rural —que é o que intentamos facer—, con discriminacións positivas para Lugo e para Ourense, iso tamén é igualdade. Vostedes, respecto do rural, o único que fan é cargarse as paradas de autobuses; iso é o único que coñecemos respecto das intencións do Goberno central en Galicia. Vostedes aplauden todo iso.

Polo tanto, señor Besteiro, agora que ten o futuro solucionado, eu recoméndolle que sexa valente. Nós imos seguir denunciando as desigualdades e as discriminacións, custe o que custe —que vostede defende sempre, e así lle vai—.

Polo tanto, eu vólvolle tender a man e facerlle unha nova convocatoria. Se quere practicar co exemplo e ser crible falando de igualdade e de calquera outra cousa —xa non lle digo que se poña do noso lado; xa non lle digo que se poña de fronte de Sánchez, que sei que non o vai facer por moitísimas razóns, entre elas, porque non se atreve, señor Besteiro—, dígolle que, por unha vez, se quere realmente ser crible falando de igualdade, póñanse do lado de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reversión das privatizacións e a reconstrución da Área Sanitaria de Vigo

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señor Rueda, o seu Goberno converteu Vigo na zona cero dos recortes e das privatizacións da sanidade, poñendo en risco a saúde das persoas; por iso esta cidade viviu hai poucos días unha masiva mobilización baixo o lema «Reconstruír a Área Sanitaria de Vigo», empezando polo rescate do Álvaro Cunqueiro; ese hospital polo cal pagamos un sobrecusto de 470 millóns de euros tras a súa decisión de privatizar a construción. E fíxense, ¡que casualidade!, cando o Partido Popular privatiza sempre hai alguén que se beneficia, e, neste caso, foron empresas de altos cargos do Partido Popular.

E permítame que lle traslade unha reflexión. Un político é un cidadán que cobra dos impostos. Polo tanto, cando inaugura un hospital, a pregunta é: ¿déixao a deber ou está pagado? Porque se o deixa a deber, faga o favor de marchar e pagalo. ¿Sabe de quen é esta interesante reflexión, señor Rueda? Do seu xefe de filas, do señor Feijóo, que si marchou para Madrid, pero deixounos un pufo (*Aplausos.*) de 840 millóns de euros polo hospital Álvaro Cunqueiro, (*Aplausos.*) é dicir, 70,2 millóns de euros cada ano, así até o 2035.

Pero é que o colmo do despropósito é que, por riba, pagamos máis por menos: setecentas camas menos das previstas; os quirófanos pasaron de 35 a 24; as salas de radioloxía, de 62 a 32; suprimiron os pavillóns de investigación, de docencia e de hotel de pacientes; e tamén se construíron menos metros cadrados dos previstos e menos superficie de aparcadoiro. E son vostedes os que presumen de grandes xestores; o que son é unha fraude para este país, (*Aplausos.*) señorías do Partido Popular e señor Rueda. (*Aplausos.*)

O obxectivo do Partido Popular nunca foi dar a Vigo a mellor sanidade posible; ¡Non, non!, o seu obxectivo foi beneficiar as construtoras amigas do Partido Popular e foi seguir permitindo que tamén se fixese negocio ás costas da saúde da xente, como fan mantendo o concerto con Povisa. Esta é a realidade; esta é a situación que hai en Vigo.

E por iso no BNG pedímoslle exactamente o mesmo que lle están pedindo o medio millón de persoas que están na Área Sanitaria de Vigo: que rectifiquen; pedímoslles que escoiten, que abandonen a súa soberbia política e que rectifiquen. E rectificar empeza, en primeiro lugar, por rescatar o hospital Álvaro Cunqueiro.

A pregunta é moi clara, señor Rueda: ¿vaino facer si ou non? (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Pontón, ou sexa que os bos políticos son os que, cando marchan, deixan as cousas pagadas. Pois, volvo recordar aquí, a vostede non lle gusta que falemos do Bipartito: 2.500 millóns de facturas sen pagar no caixón, señora Pontón. *(Aplausos.)* Polo tanto, ¡vaia políticos que tiña o Bipartito, vaia políticos que tiña o Bipartito!

Mire, é evidente que a Comisión de Investigación, que onte se pechou co Ditame no pleno deste Parlamento, non lle saíu como vostede pensaba; pero, vendo que, outra vez, quere volver abrilas, é que lle saíu especialmente mal. *(Murmurios.)* E quere volver, outra vez, sobre un tema que foi obxecto de debate nesa comisión de investigación. E volve, ademais —e perdoe que llo diga—, coa súa soberbia que, despois do descanso parlamentario, non lle cambiou nada, é dicir, segue ben servida.

Formula aquí na pregunta, se vou..., que teño que facer as cousas como me pide a cidadanía. Vostede é intérprete, como sempre, do que pide a cidadanía. Pois mire, voulle dicir unha cousa: a cidadanía exprésase nas eleccións. *(A señora Prado del Río: ¡Claro!)* Cando hai eleccións pregúntaselle tamén unha das preguntas máis importantes, é dicir, ¿quen quere que xestione a sanidade pública? Por iso, cada vez que lle preguntamos, dános maioría absoluta e vostede segue na oposición, onde xa leva case trinta anos, señora Pontón. *(Aplausos.)* Polo tanto, iso é o que di a cidadanía.

É que, na realidade, tampouco entendo moi ben que é o que me está preguntando exactamente. ¿Que é o que está pedindo?; ¿volver á sanidade de hai quince ou vinte anos?; ¿que derrubemos o Cunqueiro e volvamos ao edificio do hospital vello?; ¿que adoptemos outro modelo de sanidade? Quizais a sanidade venezolana é o modelo que para vostede é unha referencia porque todo é unha referencia para vostede nese país. ¿Sabe o que me parece? Que creo que empezou con poucas ganas de traballar este período de sesións. E, nunha magnífica mostra de economía circular da oposición parlamentaria, vostede xa non é que volva sempre co mantra da privatización; é que recicla unha pregunta exacta do señor Besteiro. E vendo as fontes do señor Besteiro, señora Pontón, benvida ás fontes da Moncloa *(Aplausos.)* —benvida ás fontes da Moncloa—. ¡Vaia conclusión podemos sacar! *(Aplausos.)*

Mire, nós imos estar sempre de acordo coa xente que se manifesta e que pide lexitimamente que mellore calquera servizo, incluída a sanidade pública; estamos de acordo cos miles que se manifestan e de acordo cos millóns que non se manifestan. E por iso cada vez investimos máis en sanidade, cada vez hai máis persoal sanitario, cada vez hai máis prestacións e cada vez hai máis infraestruturas.

Se quere falar da privatización da sanidade en serio, falamos, ¿eh? Entón habería que empezar a debater por que vostedes en catro anos aumentaron un 48 por cento os cartos



destinados para concertos privados, tamén na Área de Vigo, señora Pontón; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) un 48 por cento en menos de catro anos. ¿Sabe canto aumentamos nós en dezaseis anos? Un 3 por cento. ¿Quere que botemos as contas e ver quen privatiza máis? Tamén podíamos falar, se falamos da privatización sanitaria, por que, cando vostedes estaban gobernando, o 25 por cento dos galegos quería sanidade privada, e agora iso baixou en máis de dez puntos. Poderíamos falar tamén —se quere falamos, falando de privatización— sobre o que é o tema de máis actualidade: ¿que vai pasar con Muface? Esa subasta indecente que estamos vendo. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Está vostede de acordo, señora Pontón, con que se modifiquen os pregos para pagar máis ás aseguradoras privadas? ¿Que vai facer cando lle pida o seu socio monclovita o apoio?; (*Aplausos.*) ¿que vai facer, señora Pontón? (*Aplausos.*)

Miren, vostedes —e remato xa, señora presidenta— contan moitas trolas —¡moitísimas!—, e xa estamos acostumados; e sobre a sanidade, especialmente. Pero eu crin que o mantra do hospital privado Cunqueiro, despois da Comisión de Investigación, xa lle pasaría, pero vexo que non. Cando non hai ideas, vólvese ao de sempre.

E, polo tanto, respóndolle á súa pregunta. Señora Pontón, estou orgulloso —eu xa o estaba naquel momento— de formar parte dun Goberno que, naquel momento, tomou unha decisión valente que permitiu que, no día de hoxe, haxa un hospital moderno, dos mellores de España —e dino os profesionais que traballan alí todos os días e os que van visitar—, que fai dezaseis cirurxías máis de media ao día; que permite o ingreso de máis de cinco mil pacientes; que fai o duplo de sesións de quimioterapia; que fai catro veces máis probas diagnósticas; que, en definitiva, supón unha mellora enorme da sanidade na Área de Vigo —¡da sanidade pública!—.

Grazas a esa decisión, de que estou orgulloso, grazas aos profesionais e, sobre todo, a pesar de vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o turno de réplica, a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, na verdade, hoxe vino máis perdido que un pulpo nun garaxe. (*Algúns señores e señoras deputadas: ¡Si!*) (*Murmurios.*)

Faloume vostede de reciclar argumentos, cando ten catro palabras máxicas, méteas aquí e repite continuamente os seus mesmos mantras. Un deles é que gañan as eleccións e, (*Murmurios.*) como gañan as eleccións, a oposición ten que estar caladiña. (*Murmurios.*) Esa é a súa concepción da democracia.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Si, si!, ese é o seu argumento. E eu téñolle dito moitas veces: os votos danlles a responsabilidade de gobernar, pero é que non lles dan a razón en nada.



E fíxese, ademais, creo que non estivo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non lles dan a razón, non lles dan a razón absoluta, non lles dan a razón absoluta!

E é que, ademais, eu creo que non estiveron moi acertados porque —fíxense— falar de votos e de Vigo, no resultado das autonómicas, significa que a cidadanía de Vigo ¡non lles deu a maioría!, (*Aplausos.*) senón que fixo do BNG a forza política máis votada. (*Aplausos.*) Quizais por isto, señor Rueda, vostede non estivo hoxe moi acertado nesta cuestión.

E, desde logo, hai que ter valor —hai que ter valor—, señor Rueda, para, despois do que fixeron, vir aquí sacar peito da Comisión de Investigación; unha comisión de investigación que vostedes intentaron impedir con todas as artimañas que puideron. E cando o BNG a impulsou, vostedes, de maneira antidemocrática e absolutista, o que fixeron foi converter esa comisión de investigación nunha comisión de ocultación porque claro que teñen moito que ocultar, empezando, como vemos hoxe, coas súas responsabilidades pola construción privatizada do Álvaro Cunqueiro. Vostede, señor Rueda, ten a desfachatez política de vir aquí dicir que está orgulloso de que os galegos e as galegas teñamos que pagar ¡470 millóns de euros máis a un fondo voitre por construír un hospital en Vigo! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Pero que clase de barbaridade é esta, señor Rueda? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Catrocentos setenta millóns de euros por un hospital con menos servizos dos que estaban previstos. E vostede vén aquí dicir que está orgulloso. A vostede pareceralle normal, a nós non. (*Murmurios.*) Por iso insistimos na pregunta que vostede non quixo responder: ¿vai proceder ao rescate do Álvaro Cunqueiro, si ou non?

Fíxese, fíxese, señor Rueda, (*Aplausos.*) vostede está disposto a poñer 300 millóns de euros dos galegos e das galegas para rescatar as concesionarias de autoestradas porque non lles daban as contas a esas concesionarias. Sen embargo, ten cero euros (*A señora Pontón Mondelo coloca a súa man representando a cantidade monetaria referida.*) para rescatar a saúde dos galegos e das galegas.

Escoite a cidadanía, escoite a cidadanía de Vigo, que lle está dicindo que quere ter un hospital cen por cento público. Rescate o hospital Álvaro Cunqueiro e deixe de beneficiar a privada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señora Pontón, é que, de verdade, non é fácil tomar en serio algunhas cousas que di.

Ou sexa, ter máis votos non dá a razón, salvo que quen teña máis votos sexan vostedes; entón teñen toda a razón do mundo. (*Risos.*) Ou sexa, entón, por esa regra de tres en todas as cidades onde non gañou, e nestas últimas eleccións autonómicas arrasou o PP, aí temos a razón nós e vostedes non teñen ningunha. Iso é o que me está dicindo.



Á parte, digo unha cousa —¿eh?!—... ¡Ah, non, claro,!, porque, (Risos.) aí non —aí non—, porque non lle convén; aí non lle convén. (Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

E, por certo, na pregunta fálame da Área Sanitaria de Vigo. Son moitos máis concellos, pero aí o resultado como non lle foi tan ben, pois é mellor non nomealo. Vaia respecto tamén a eses votantes.

Mire, eu comprendo que para o seu Goberno paralelo e de ficción, a realidade de que houbo eleccións e volveron perdelas non lle convén moito, entón as eleccións tampouco teñen... ¡Si, si!, as eleccións teñen moito que dicir. A xente opina en liberdade, afortunadamente. Aquí, en Galicia, ¡si!; noutros sitios que a vostede lle gustan moito non, ¡pero aquí si! E así ten que seguir sendo, e, polo tanto, o que saia é o que hai que acatar. E a responsabilidade para tomar decisións tamén en materia sanitaria é nosa.

Mire, entre vostedes e nós hai moitas diferenzas —é certo—, pero hai unha fundamental —hai unha fundamental—. E volvo ao tema das eleccións: vostedes, cada vez que hai eleccións autonómicas, perden, pero dá igual. Están orgullosos e aínda presumen. Dan leccións a quen gañamos e todo segue igual. Vostede —ogallá— vaino intentar por cuarta vez e ogallá que a deixen. En cambio, nós, que gañamos sempre —creo—, temos actitude intelixente, que é a humildade. (Murmurios.) A ver en que podemos mellorar para seguir tendo esa confianza. (Murmurios.) ¡Si, si, é o segredo! Vostedes, como nunca gañan, non o coñecen, (A señora Prado del Río: ¡Claro!) pero ese é o segredo; (Risos.) ese é o segredo. (Aplausos.)

E ao final, xa se sabe o que hai; ao final a súa filosofía é a mesma: o Bloque non ten un só fallo e o PP non ten un só acerto. E dá igual o que pense a xente cando lle pregunten. ¡Que máis dá,! se os votos non dan a razón, (Murmurios.) salvo que os votos sexan os do Bloque. (Murmurios.)

Mire, temos unha lexislatura por diante e veñen moitas atrás. Evidentemente, hai cousas que mellorar, pero mellorouse en moitas cousas. E ser patriotas tamén é recoñecer os avances do país e non ter medo. Faga quen os faga e, polo tanto, se houbo avances evidentes —evidentísimos—, señora Pontón, na atención sanitaria en toda Galicia, e tamén en Vigo, non pasa nada por recoñecelos, por matizalos ou por facer suxestións; pero negalos en redondo dálles moi pouca credibilidade.

Mire, na Área Sanitaria de Vigo imos investir unha cantidade récord: máis de mil millóns de euros este ano establecidos no orzamento que xa está en vigor; iso nunca pasou. Este ano, un de cada cinco euros da sanidade pública será para a Área Sanitaria de Vigo. ¿Para que? Para moitísimas cousas: para manter o altísimo nivel do Cunqueiro; para rematar a construción do centro de saúde Olimpia Valencia, un novo centro, en Moaña; para reformar o consultorio de Domaio; para ampliar o Hospital de Día Médico de Vigo, cun trinta por cento máis de pacientes oncolóxicos que se poderán atender; para unha nova unidade de hospitalización infantoxuvenil, en Vigo; para ampliar e reformar o centro de saúde do Porriño —que xa está culminado—, os de Pontearreas, os de Mos... A Área Sanitaria de Vigo, que a vostede, evidentemente —como demostrou—, lle dá exactamente igual.



Mire, agora, na Área de Vigo, espéranse 23 días menos que antes para facer un TAC; na Área de Vigo hai 8 días menos de espera para unha ecografía; na Área de Vigo, a primeira consulta para un cancro, por vía rápida, ten menos de 6 días de espera —é case inmediata—; as operacións prioritarias fanse en pouco máis de dúas semanas, e iso mantendo o altísimo nivel tamén de actividade cirúrxica do Cunqueiro. Señora Pontón, non pasa nada por recoñecer todo isto. E isto, ¡claro!, non é compatible cos seus mantras, con reciclarse sempre a si mesma.

Mire, ese vello conto de que vén o lobo da privatización xa nolo contaron moitas veces; xa é moi vello, ten case tres décadas. Case as que leva vostede de deputada, señora Pontón; polo tanto, visto o resultado — eu creo—, xa era o momento de plantexarse se certas cousas non habería que renovalas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematado o apartado de preguntas orais ao presidente da Xunta, continuamos coa orde do día e avanzamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de o Parlamento de Galicia apoiar a celebración do Ano Castelao en 2025

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Silvia Longueira, que leva o número 18517.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 1 do texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«1. Promover un estudo xurídico sobre a construción do Goberno de Galicia no exilio. De xeito que quede establecido e difundido a conformación dos primeiros pasos para a gobernabilidade democrática de Galicia e a figura de Castelao como artífice do mesmo.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

O BNG trae a este Parlamento unha iniciativa que pretende saldar unha débeda histórica con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, homenaxeando unha persoa que dedicou a súa vida a defender Galiza e a loitar polos dereitos nacionais deste país.



Por iso, recollemos a luva que nos lanzaron tanto as entidades da emigración, en Arxentina, como o Partido Galeguista, e propoñemos que Castelao sexa declarado, de xeito oficial e legal, o primeiro presidente de Galiza. Trátase de rescatar a nosa memoria histórica, de facer xustiza e de recoñecer que o primeiro presidente deste país, por dereito propio, foi Castelao, desde o exilio, á fronte do Consello de Galiza.

Permítanme que faga un pouco de historia, señorías. O 28 de xuño de 1936, Galiza celebrou un referendo en que participaron 1.093.000 galegos e galegas, dos cales o 99,2 por cento votou a favor do Estatuto de 1936; unha participación altísima, para o censo da época, que deu un apoio masivo ao Estatuto.

Poucos días despois, o 15 de xullo, unha delegación do Comité Proautonomía reuniuse en Madrid co presidente das Cortes e, dous días despois, o 17 de xullo, reuniuse co presidente da República, Manuel Azaña, que expresou o seu apoio á carta magna galega. Pero, o 18 de xullo, poucas horas despois do encontro, produciuse o golpe militar franquista que supuxo un ataque á democracia republicana, pero tamén un ataque directo ás aspiracións de autogoberno deste país. O golpe fascista deu paso a unha cruenta represión en Galiza e a catro décadas de ditadura, é dicir, *A longa noite de pedra* que denunciaba Celso Emilio.

Da delegación que acudira a Madrid, os que regresaron a Galiza foron asasinados, como Ánxel Casal, alcalde de Santiago, ou López Bouza, presidente da Deputación da Coruña. Castelao non volveu, nunca máis, pisar a terra que tanto quería, e pronto tivo que tomar o camiño do exilio, desde onde continuou a súa titánica batalla para aprobar o Estatuto que o pobo galego apoiara masivamente en referendo.

Instalado en Bos Aires, desde 1940, converteuse no líder indiscutíbel do galeguismo, no defensor dunha república que quería que fose federal ou confederal e, sobre todo, no defensor dos dereitos nacionais de Galiza. O 1944 foi un ano decisivo, tanto pola publicación do *Sempre en Galiza* como por un fito político fundamental: a constitución do Consello de Galiza en Montevideo, un auténtico Goberno no exilio, presidido por Castelao. O Consello de Galiza tiña como forma xurídica a dun órgano fideicomisario da vontade popular expresada nas urnas o 28 de xuño de 1936; esa vontade que quedara truncada polo golpe militar e pola posterior ditadura franquista.

Estamos ante un órgano representativo para velar polos intereses políticos deste país. O Consello de Galiza situaba o noso país a par de Cataluña e de Euskadi, na futura evolución que defendían para o Estado español. Estamos ante un Goberno galego no exilio, un instrumento que era homologábel, tanto ao Goberno vasco como ao Consello catalán. E este é un feito que está recoñecido historicamente e documentado por historiadores tan reputados como Beramendi ou Villares.

Castelao morreu sen ver cumpridas as súas aspiracións políticas, pero o seu pasamento demostrou até que punto era recoñecido como presidente do Goberno galego no exilio. O seu enterro foi unha manifestación multitudinaria de agarimo, de recoñecemento e de gratitude, a quen foi, sen dúbida, a personalidade máis importante da Galiza contemporánea. (*Aplausos.*) Unha figura equiparábel ás doutros líderes internacionais como Gandhi ou



Mandela, que, pola súa traxectoria de integridade, de xenerosidade e de compromiso, acabaron por converterse en símbolos nacionais. Na mesma época de Castelao temos o exemplo do xeneral de Gaulle, líder da resistencia contra o nazismo desde o exilio, en Londres, que, cando volve a París, foi aclamado e se converteu en presidente do Goberno provisional sen pasar polas urnas.

Penso, señorías, que sobran os argumentos para proclamar que Castelao foi o primeiro presidente de Galiza; no exilio, ¡si!, pero presidente de todos os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

O seu legado político é inconmensurable e a súa figura aínda incomoda, por iso intentan ocultar que Castelao foi un nacionalista da súa época; de feito, durante décadas, o franquismo manipulou a figura de Castelao, intentando reducila á súa faceta artística. Isto foi algo que el mesmo denunciou cando dixo: «*Exáltase a miña personalidade artística co piadoso fin de desvalorizar a miña ideoloxía política*». Pero mesmo a súa creación artística foi, nunha gran parte, unha forma de activismo político, de denuncia do fascismo e de defensa dos dereitos de Galiza como nación e como pobo.

Castelao foi un artista xenial, pero iso non pode utilizarse para minimizar a súa traxectoria e a súa obra política. E os que, no día de hoxe, pretenden perpetuar esa mentira, copian o mesmo reduccionismo e a mesma manipulación practicada polo franquismo. Pretender convertelo nunha figura desprovista de ideoloxía e de compromiso político, mesmo utilízalo como ariete en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación dese inmenso legado político en defensa de Galiza.

Desde logo, no BNG non imos permitir semellante fraude porque sería unha falta de respecto e unha aldraxe a Castelao, e tamén a todas as persoas que, coma el, pagaron un prezo altísimo, mesmo coas súas vidas, por defender unha Galiza libre e dona do seu futuro.

Castelao é de todos e todas as que levan Galiza na cabeza e no corazón. Castelao é de todos e todas, menos dos fascistas e dos seus herdeiros. (*Aplausos.*) Castelao é de todos e todas, menos dos que atacan o que el máis amou: Galiza, a súa lingua e a súa xente. Castelao é de todos e todas, menos dos que deturpan as súas ideas e o seu legado político.

Castelao merece ser recoñecido como o que foi: o primeiro presidente de Galiza no exilio. Pídlles, señorías, que apoiem esta iniciativa por xustiza con Castelao e por toda esa xeración que pagou tan caro o amor por este país e pola defensa da liberdade e dos dereitos.

E remato con palabras de Castelao no *Sempre en Galiza*: «*Estamos fartos de ser unha colonia e, por moitas vantaxes que nos ofrecese unha nova colonización, queremos ditar leis para gobernarnos por elas, sen inxerencias alleas. A liberdade é a única reserva coa que contan os pobos para crearen o seu futuro, e nós poderíamos hipotecar todo, menos o futuro*».

Moitas grazas, sempre Castelao. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día.

As situacións límite, nas cales o medo a perder o sustento, a vida ou a familia é o único pensamento que acompaña, afástannos desa Arcadia, que é a vida. Esas situacións van transformar o que se supón que somos para nunca máis voltar a ese mesmo lugar.

E dicía Castelao: «O pobo é o único que sempre ten a razón, e a liberdade non é un dereito que se dá, é un ben que se conquista». E a unha boa parte dos galegos —ao igual que a outras xentes— a Arcadia da vida acabóuselles o día que subiron a un paquebote de terceira, fuxindo da fame, do feudalismo endémico ou da terrible certeza de que ían morrer nas mans de sicarios ao servizo do fascismo, que un día foi capaz de facerse coas xentes deste país. Dicía: «Nós queremos que o pobo galego viva en liberdade porque só en liberdade se pode ser feliz e traballar con dignidade». E aí estivo Castelao e outros, coma Seoane, que viron como irmáns e amigos perdían a vida sen que eles puidesen atender outra necesidade que a de sobrevivir á barbarie. Explicalo ata a saciedade, divulgalo xeración tras xeración e fixalo na memoria colectiva é unha tarefa que Galicia aínda ten pendente coma sociedade. Dicía: «Non debemos soñar coas utopías, senón, con Galicia, porque o soño de Galicia é unha utopía realizable». Dicía: «Eu creo que a política só é boa cando serve para facer mellores os pobos»; unha reflexión sobre como a política debe ser unha ferramenta ao servizo das persoas e non dos intereses individuais ou partidistas.

Castelao e a xeración do exilio sobreviviron coas súas diferenzas —con todas as súas diferenzas— para honrar este país, salvagardando a práctica da democracia e construíndo a cultura galega contemporánea; esa cultura que tantos réditos dá ao Goberno da Xunta cando impón as medallas Castelao, coma se estivese nun torneo de golf, pero que tan pouco a practica cando esmaga a lingua galega con decretos como o do bilingüismo harmónico. (*Aplausos.*) Un pobo sen cultura propia é un pobo escravo, e non existe verdadeira democracia onde os pobos non poidan usar a súa lingua. Dicía Castelao: «O idioma é a chave coa que os pobos abren o seu cárcere». O seu legado político e creativo é un patrimonio comunal de Galicia, aínda que non leran *Sempre en Galiza* ou non enxergaran ningún dos seus tres *Álbums de guerra*. É patrimonio de todos e de todas: dos que non o coñecen, dos que o usan e dos que o teñen como guía de reflexión porque dicía Castelao: «Unha cousa é ter razón e outra moi distinta, facela valer».

Como patrimonio é todo o creado nese exilio que nunca pretendeu expender certificados da galeguidade, senón simplemente explicar quen somos, denunciar a ignominia e procurar crecer nunha amplitude de miras. E baixo estas premisas entendemos, no Partido Socialista, o xeito de abordar o traballo da xeración máis preparada da historia de Galicia. E isto é polo cal presentamos esta emenda, co fin de promover o que non somos capaces de coñecer de nós mesmos; ese periplo que levou a sentar o precedente da vontade democrática e da construción dunha sociedade máis igualitaria.



Xa se explicou aquí, pero tócame a min tamén dicir que o Consello de Galicia foi unha institución creada no ano 1944 en Montevideo por deputados galegos exiliados, co obxectivo de representar a continuidade lexítima do autogoberno galego durante a ditadura franquista. Pretendía aglutinar os deputados galegos, galeguistas e republicanos, por encima de partidos políticos, para dotar dun órgano político a Galicia que estaba no exilio. Baseaba a súa lexitimidade no resultado positivo daquel plebiscito do Estatuto de autonomía de Galicia —que xa se comentou aquí— aprobado a piques de estalar a Guerra Civil.

A iniciativa do Consello de Galicia foi de Castelao, pero a suxestión foi de José Antonio Aguirre, o *lehendakari* do Goberno provisional vasco no exilio, para reeditar, dalgunha forma, a quimera do Galeuzka, un pacto entre as tres rexións españolas que aprobaran o Estatuto de autonomía para defender a idea dunha España confederal dentro das institucións da República española. O seu primeiro presidente foi o propio Castelao —como xa se dixo aquí— e estaba formado, ademais, —aquel consello— polos deputados Antonio Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Elpidio Villaverde e, posteriormente, integrouse Alfredo Somoza. Tras a morte de Castelao en 1950, o segundo presidente do Consello foi Alonso Ríos.

Propoñemos, pois, iniciar un estudo xurídico sobre a construción do Goberno de Galicia no exilio, de xeito que quede establecida e difundida a conformación dos primeiros pasos para a gobernabilidade democrática de Galicia e a figura de Castelao como artífice daquel, porque —tal e como indica o profesor Núñez Seixas— hoxe rexémonos por un Estatuto, por unha autonomía de nova planta aprobada en 1981 —evidentemente, coa postura crítica dalgúns partidos, que incluso chamaron, no seu momento, á abstención e ao voto en contra—, que é o que rexe hoxe o que somos en Galicia e as liberdades das cales podemos desfrutar na nosa terra.

Non se trata de acadar títulos políticos, como se o exercicio da política fose un outorgamento de títulos nobiliarios; trátase de situar, por riba de nós mesmos, o home que perdeu a Arcadia da vida, pero que atopou un camiño para o futuro. Nada hai máis grande que isto, e non hai maior eiva que a que temos entre todos, que é fixar na memoria e difundir ese legado que nunca fomos capaces de que en Galicia estivese no pensamento de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

A proposta do Bloque é unha moción ómnibus porque ten tres apartados. Estase falando dun deles, que é o de propoñer Castelao como o primeiro presidente; pero hai outros dous: un deles, que refire rehabilitar a figura de Castelao, co cal estamos totalmente de acordo —unha especie de caso Dreyfus, a quen había que volverlle reintegrar os honores e o seu cargo



público— etcétera, e outro punto que tamén piden é o de divulgar a figura de Castelao ao longo deste ano. Con eses dous puntos estamos totalmente de acordo.

Logo está o tema de ser presidente. ¡Bueno!, aí xa temos dúbidas máis que razoables. Eu pregúntome se no futuro —temos que ter un respecto pola Historia e un respecto polos que virán despois— os rapaces, nos colexios, cando reciten a lista dos presidentes de Galicia —como nós recitabamos a dos reis godos—, haberá argumentos para recitar Castelao como presidente de Galicia. Eu, particularmente, penso que non.

E falouse, en termos comparativos, do Goberno vasco e do Goberno catalán no exilio. Efectivamente, o País Vasco e o País catalán tiveron gobernos durante a República —gobernos lexítimos—, e os seus gobernos foron efectivamente gobernos no exilio. Marcharon, tiveron que fuxir e foron gobernos no exilio. O caso de Castelao e o caso de Galicia é distinto. Galicia, naquel momento, non tiña entidade política; era unha mera entidade xeográfica e —digamos— estaba no mapa físico, pero non no mapa político. Loxicamente, Castelao loitou para que fose unha entidade política e para que tivese a mesma entidade que tiñan naquel momento o País Vasco e o país catalán. O lehendakari no exilio —que, a verdade, pasaba moito dos galegos nos Bos Aires. Estaba o océano polo medio. O Goberno republicano e eses dous gobernos vasco e catalán non lles facían moito caso, a verdade, aos galeguistas; ás veces incluso negociaban cos monárquicos, como todos vostedes saben—, nun momento dado, efectivamente, propuxo a Castelao configurar ese Consello de Galicia que, efectivamente, existiu e do cal foi o seu presidente —en termos formais, refírome—; e propúxollo porque pensaba que os aliados ían gañar a guerra e, previamente, coas conversacións cos americanos, intentaban que os americanos recoñecesen un Estado federal en Galicia, xa partindo deses supostos que eran o País Vasco e o país catalán. E quería que tamén Galicia —digamos— fixese forza nese sentido para que, polo tanto, houbera argumentos suficientes para pedir, en colaboración cos Estados Unidos —un dos grandes gañadores da Guerra Mundial—, que España fose un país federal. ¿Que pasou? Que a guerra a gañou Franco, e o señor lehendakari esqueceuse diso por completo, aínda que despois Castelao lle seguise insistindo.

En realidade, Castelao foi deputado, primeiro, en coalición republicana, cando se configurou o Partido Galeguista, que foi a finais do ano 1931, e presentouse ás eleccións, pero non sacou nada. A representatividade histórica do Partido galeguista —por moito que nos poida doer— foi practicamente mínima. Despois sacou algo cando se adheriu á Fronte Popular, pero, como Partido Galeguista, este non sacou nada.

E despois, ¡claro!, pasou o que pasou —o que todos sabemos—, ese Consello de Galicia, que tampouco representaba en gran parte os deputados galegos no exilio —que eran moitos máis dos que xa se nomearon—. Alonso Ríos que —para min, dentro do gran respecto e da admiración que sinto por Castelao— me parece unha persoa tamén digna de admiración e de valoración. Así como Castelao estivo na zona republicana porque o pillou en Madrid xustamente cando se deu o golpe de Estado, porque estaba presentando o Estatuto para ver se terminaba o último trámite para formalizalo, e, a partir de aí —digamos—, xa non volveu á zona controlada por Franco, Alonso Ríos, porén, tivo que disfrazarse de mendigo, cambiar a súa identidade —como saben— pola do señor Afranio e viviu unhas peripecias. Quere dicir que, á parte de Castelao, hai outros nomes, pero Castelao, desde logo, foi o que acadou maior consenso entre todos os exiliados.



Eu penso que a Historia merece un respecto. A historia de Galicia non é a historia do galeguismo, e moitos queren identificar a historia do galeguismo coa historia de Galicia, pero a Historia é a Historia. Castelao foi presidente do Consello de Galicia, pero na segunda edición do Consello de Galicia —xa saben vostedes a que me refiro—, cando se intentou rebozar, xa non lle fixeron ningún caso —e isto é contrastable historicamente— nin os piñeiristas nin a propia UPG, aínda que a segunda edición do Consello de Galicia tivese algunhas cousas boas como, por exemplo, pedir á Igrexa que empezase a dar as misas en galego, o que foi tamén un punto importante.

Aquí se fixeron comparacións con Gandhi, que me parece o máis axeitado. Gandhi, efectivamente, promoveu a independencia, pero nunca foi presidente —¡nunca foi presidente!—. O primeiro presidente, efectivamente, recoñeceu que fora presidente polo labor de Gandhi. De Gaulle foi presidente posto a dedo polos americanos; de Gaulle foi o líder da resistencia francesa no exilio e cando entraron os aliados puxeron de Gaulle que, efectivamente, foi aclamado polos franceses, pero ás primeiras eleccións a que se presentou xa non saíu elixido. ¿De quen máis se falou? De de Gaulle, de Gandhi..., ¡bueno!, non recordo.

Mire, hai unha cuestión moi importante. Eu penso que Castelao transcende a súa dimensión política. Xa se dixo: foi debuxante, foi pintor, foi compositor musical, foi escritor e foi político. E eu non sei se el mesmo, se puidésemos comunicarnos con el a través desa máquina de falar cos espíritos que pretendía inventar Edison —que o pillou a morte; ao mellor, se non morrese, igual a inventaba. Edison estaba traballando nunha máquina para falar cos espíritos—, ao mellor, teño as miñas dúbidas de que o propio Castelao aceptase esa cuestión. Precisamente, primeiro, porque a súa dimensión era moito máis que esa; e así como non se pode facer reduccionismo da súa condición artística, como facía o franquismo, tampouco se pode facer reduccionismo da súa condición política. Ao mellor el quería dedicarse a outras cousas. Cando a Einstein lle propuxeron ser o primeiro presidente de Israel, rexeitouno; é dicir, ao mellor a el mesmo non lle faría graza ser presidente, sobre todo desta autonomía que —como se dixo, e creo que foi a portavoz do Partido Socialista— foi creada —digamos— *ex novo* nos anos setenta, ao mellor, cunhas características que non son as que desexaría Castelao.

De todos xeitos, paréceme ben que se faga un estudo, como propuxo a portavoz do Partido Socialista. Realmente a cuestión é complexa. Fíxosenos chegar un informe do Partido Galeguista —que realmente foi o que impulsou esta nova—, no cal hai un avogado que elaborou un informe xurídico sobre que, con base nas análises históricas, Castelao sería o protopresidente —estamos de acordo con iso— ou o presidente fideicomisario —efectivamente, tamén pode valer—; pero, ¡claro!, dar o salto no baleiro e propoñelo como presidente de algo que non existe, porque, primeiro, o presidente ten que ser de algo que exista, porén, naquel momento non existía unha entidade con identidade xurídica chamada Galicia. Ademais, tamén está a cuestión de que, para ser presidente, o propio afectado ten que aceptalo, e —como digo—, teño as miñas dúbidas de que Castelao aceptase ese cargo —ou sexa, non lle fai favor, ¿non?—.

Teño a seguridade de que iso non é o máis importante. Castelao é unha figura que está —digamos— por enriba de todo isto. Sería como se propuxésemos que Rosalía de Castro —como tanto promocionou a lingua galega e tal— fose a primeira catedrática de



Filoloxía Galega da universidade. Non ten moito sentido. ¡Si!, imos propoñer Rosalía de Castro como a primeira catedrática de Filoloxía Galega da Universidade Santiago. Non lle vexo moito sentido —quero dicir—, e non lle fai falta tampouco a Rosalía de Castro...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: ¿Dígame? ¡Ah!, o tempo. (*Murmurios.*)

Pois nada. Eu penso que Castelao sería algo similar ao que os americanos teñen como os Founding Fathers ou os pais fundadores, que é unha condición diferente da Presidencia. Quero dicir, a ver, un dos pais fundadores foi despois, efectivamente, presidente. Esa condición os americanos téñena moi clara.

É —digamos— o mito fundacional que pode chegar a ser no futuro, porque o mundo non se vai acabar con nós; isto vai seguir, aínda que pensen que non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Efectivamente, a figura de Castelao témola que promover nesa condición de...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: ...porque pode acabar sendo... —¡ah!, porque xa se está pasando aquí...— ...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si, estase pasando vostede, non o tempo.

O señor OJEA BOUZO: ...Eu pensei que era o que me quedaba; eu pensei que era o que me quedaba, perdón. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Non, é vostede. (*A señora presidenta ri.*)

Moitas grazas. (*A señora presidenta ri.*)

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, a proposición non de lei que hoxe debatemos é, ao meu entender, un compendio dos erros máis importantes que o BNG está a cometer ao comezo deste 2025, declarado como Ano Castelao, no derradeiro Consello da Xunta celebrado o pasado ano.

Teño que dicir que —penso sinceramente tamén—, dada a relevancia e a fonda significación do homenaxeado —eu creo—, paga a pena que fagamos un esforzo por reconducir esta situación e brindar a Castelao a homenaxe colectiva que —creo— todos compartimos que



merece; unha homenaxe que a presidenta do Consello da Cultura reclamaba hai pouco que era unha homenaxe pendente que non puido ter lugar no seu pasamento polo veto ao cal o someteu o franquismo, e que tamén se viu empañada nun momento clave, como foi no retorno do seu restos a Galicia, porque, entón, tamén o BNG, unha vez máis, preferiu utilizar ese feito para a confrontación, en lugar de para unir todos os galegos.

Eu creo que un responsable público debería aprender dos seus erros, e, se iso fose así, non debería existir ningunha dúbida sobre que a figura de Castelao pertence ao pobo galego no seu conxunto, polo que, os intentos duns poucos por deostalo ou doutros por apropiarse del minusvaloran a figura deste rianxeiro universal. Os que renegan del, simplemente porque non comparten o seu pensamento político —creo—, minusvaloran a capacidade do pobo galego para recoñecer un dos seus, máis alá dos matices ideolóxicos; e os que se queren apropiarse del, minusvalórano ao restrinxir o seu recoñecemento —o seu merecido recoñecemento— á escasa representación que os galegos lles outorgaron nas urnas.

Se Castelao, como afirmaba a señora Pontón recentemente nos medios, só puidese ser dos que pensan que Galicia é unha nación, non representaría máis que unha mínima parte do pobo galego. Eu creo, señora Pontón, que nin Castelao nin Galicia caben nas estreitezas ideolóxicas do Bloque Nacionalista Galego, e tamén penso que tres eleccións consecutivas sendo a candidata derrotada xa deberían darlle para ter asumida esa realidade. (*Aplausos.*)

Señorías, o Grupo Parlamentario Popular comparte plenamente a conveniencia de que o Parlamento de Galicia apoie a declaración de 2025 como o Ano Castelao; tanto é así que propuxemos unha declaración institucional que vostedes non aceptaron. Resulta sorprendente que, hoxe, despois de impedir a declaración institucional, que foi validada pola propia Fundación Castelao, nos pidan que apoiemos a que aprobou o Consello da Xunta, que é idéntica —¡idéntica!— nos seus termos, á cal vostedes rexeitaron apoiar no Parlamento. Cando a propuxemos como unha declaración conxunta, e de todos, dixeron «non» ao mesmo que agora piden como grupo parlamentario. É certamente curioso.

Pero como o noso obxectivo ao redor de Castelao é sumar, pois se nos permiten a votación por puntos, nós apoiaremos esa declaración —¡como non!—; como tamén apoiariamos a anulación do seu expediente de responsabilidades políticas nos termos previstos na lei, porque xa saben que as sentenzas están anuladas, pero, se se pretende unha certificación, este Parlamento a apoiaría nos termos previstos na lei, que saben que ten que impulsar a familia directa (*O señor Bará Torres fai xestos coa man desde o seu escano.*) ou algunha das institucións que exercese ao seu cargo —é o que di a Lei de memoria histórica, señor Bará, non se enfade comigo—. En todo caso, estaríamos a favor e apoiariamos tamén ese punto.

O que non podemos é recoñecer Castelao como o primeiro presidente de Galicia porque nunca foi elixido presidente de Galicia. E esa é unha realidade incontestable, que, por certo, a señora Pontón corroborou co relato de feitos que fixo na súa intervención. Polo tanto, vostedes pretenden arrogar para Castelao un recoñecemento que o propio Castelao nunca pretendeu. Miren, os membros do Consello de Galicia nunca se constituíron como Goberno, pois eran perfectamente conscientes de que non podían selo; nin elixiron ninguén como presidente de Galicia, podendo ter utilizado esa nomenclatura. Ningún referente daquela



xeración —¡ningún!—, nin no exilio nin no interior, se referiu nunca a Castelao como presidente —¡ningún!—.

Os catro fundadores do Consello —catro dos trece deputados—, que estaban no exilio, eran plenamente conscientes da limitación da súa representatividade, e, por medio da sólida fundamentación xurídica elaborada por don Lois Tubío, aspiraban a constituírse literalmente en fideicomiso do espírito emanado do plebiscito do 28 de xuño de 1936 —nunca en Goberno—.

Precisamente un dos motivos esenciais que fundamenta o gran recoñecemento que —creo— lle debemos a Castelao ten que ver coa súa porfía para que o Estatuto se aprobase definitivamente, para que Galicia puidese aspirar ao autogoberno no seo da República Española ou Ibérica —por certo, renunciando explicitamente ao separatismo, (*Murmurios.*) como indica a propia acta fundacional do Consello de Galicia—. (*Algúns señores deputados e deputadas sorrín.*) Eu, en fin, se quere doulle unha copia porque parece que chama a certos sorrisos. ¡Bueno!: (*O señor Pazos Couñago le a acta fundacional do Consello de Galicia.*) «Os devanditos mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito á autodeterminación para o pobo que representan, pero consideraranse autorizados a restrinxir este dereito ao cal, racionalmente, é xusto e posíbel, descartando de antemán o separatismo e avogando por unha unión paccionada de todos os pobos diferentes de España, ou mellor, da Península». É a acta fundacional, non estou inventando nada.

Os galegos, señorías, elixen os seus presidentes de xeito democrático, mediante sufraxio universal e libre, e, en cada ocasión en que foron consultados, rexeitaron elixir un presidente nacionalista —nin elixiron o primeiro, nin, o que é peor para vostedes, o último—.

O labor de Castelao é impagable porque acelerou o proceso autonómico ao permitir acollernos, como nacionalidade histórica, ao réxime especial previsto na disposición transitoria segunda da Constitución española, feito dunha enorme relevancia que xustifica o recoñecemento que lle fixo este Parlamento como precursor do autogoberno galego; un recoñecemento, por certo, que non debería ser falseado; dígoo porque despois falamos de puridade informativa, e a min aínda hai cousas que me chaman a atención. (*O señor Pazos Couñago mostra o recorte dunha nova.*) Tomado ese recoñecemento polo Parlamento, publícase: (*O señor Pazos Couñago le o titular do recorte da nova referida.*) «Daniel Castelao xa é oficialmente o primeiro presidente de Galicia». Eu creo que isto o poderíamos considerar un titular erróneo e un tanto manipulado. Ou esta publicación moi recente do Concello de Redondela: (*O señor Pazos Couñago le a publicación feita polo Concello mencionado.*) «Castelao foi recoñecido, en acordo unánime, polo Parlamento como o primeiro presidente galego». Eu non sei cando tomei ese acordo e xúrolles que eu estaba aquí. É unha cousa que certamente nos sorprende.

Mire, a súa proposición non de lei contén unha frase tan falsa como reveladora das súas auténticas intencións. Cito literalmente: «O primeiro presidente de Galicia foi un nacionalista íntegro e exemplar». E non é certo, señoría, o primeiro presidente de Galicia foi un galeguista íntegro e exemplar chamado Xerardo Fernández Albor. (*Aplausos.*)



O recoñecemento dos méritos de Castelao non pode implicar o demérito do primeiro presidente democrático de Galicia; por certo, gran responsable, xunto con Camilo Nogueira, de que hoxe os restos de Castelao repousen en Bonaval, na compañía dos bos e xenerosos, a pesar da oposición manifestada de maneira contundente por algúns. Ese presidente de todos fixo canto foi posible por recuperar e dotar a Galicia de símbolos para todos. Castelao non foi o primeiro presidente nacionalista de Galicia —e isto vainos sorprender—, pero tampouco foi militante do Bloque Nacionalista Galego, por moito que o Bloque insista en arrogarse a súa figura. A bandeira galega non é do BNG; o noso himno e a nosa lingua non son do BNG; Rosalía non é do BNG; Castelao non é do BNG e, dende logo, a inmensa maioría do pobo galego non é do BNG.

Dá igual, é que (*Aplausos.*) teñen vostedes que entendela, señorías. Dá igual cantas estrelas vermellas espallen nos símbolos de todos. Eu xa vin estrelas vermellas no rostro de Rosalía, no de Castelao, na bandeira, absolutamente en todo. Dá igual canto se esforcen por apropiarse do colectivo. Dá igual o empeño que poñan en repartir carnés de bos e de malos galegos —dá igual—. Galicia é unha terra plural que gañou a súa liberdade e autogoberno grazas a unha transición que permitiu a chegada da democracia pola cal loitaron galeguistas de dereitas e de esquerdas; e, sobre todo, grazas ao compromiso conxunto do pobo español e, por suposto, do pobo galego.

E, por todo iso, nós imos seguir reivindicando e celebrando un Castelao de todos e para todos. E estaría moi ben que, por unha vez, tan só por unha vez, de verdade...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...vostedes se sumasen a esa celebración conxunta. Cadaquén cos seus matices, cadaquén coas súas ideas e, se fose posible, por unha vez, sen que ninguén se erixise en interprete único do pensamento de Castelao e, moito menos, do sentimento de Galicia.

Se nos permiten apoiar esas dúas cuestións, por suposto e como sempre, estaremos no recoñecemento a unha figura fundamental na historia de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, recoñezo que eu, ás veces, teño poucas expectativas a respecto dos debates neste Parlamento. Hoxe, quizais, inxenuamente pensei que nesta Cámara habería, polo menos, respecto cando falamos dunha persoa do nivel de Castelao, dunha persoa á que tanto debe este país como Castelao, porque, se hoxe estamos todos e todas aquí é grazas á loita de Castelao e de toda unha xeración que deu a súa vida. (*Aplausos.*) E creo merece un respecto que, desde logo —vexo—, o grupo maioritario desta Cámara non ten. (*Aplausos.*)



Eu non falo por Castelao, pero teño moi clara unha cousa: non sei onde militaría hoxe, pero teño clarísimo onde non militaría (*Aplausos.*) e nunca militaría nas filas dun Partido Popular que ataca a lingua, que ataca Galiza e que se abraza ao centralismo. (*Aplausos.*) Polo tanto, claro que Castelao —¡claro que Castelao!— é unha figura que transcende aos partidos políticos pola súa obra e pola súa acción, pero o respecto que temos que terlle os partidos políticos é precisamente respectar quen foi, que fixo, que dixo e que pensou Castelao.

E miren: quizais o máis honesto é ir precisamente ás súas propias palabras. Eu sempre digo que ler *Sempre en Galiza* é un exercicio necesario. Pero fíxense: Castelao plasma do seu puño e letra e asina un manifesto no ano 1918 na Asemblea das Irmandades da Fala celebrada en Lugo, que di o que é con perfecta claridade: «*Tendo Galiza todas as características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos*». Isto é, señorías, o que dicía Castelao, (*Aplausos.*) e isto é o que temos que respectar. Porque para min hai moitas persoas de ideoloxías diferentes á miña que traballaron por este país ás que respecto, como pode ser Isaac Díaz Pardo. Non vou negar cal foi a súa evolución, pero temos que respectalo desde o que foron, non desde os intereses de parte.

E eu tamén lamento que hoxe aquí se vaia agraviar a memoria de Castelao. O problema de fondo dese agravio é que hai unha parte da sociedade que está representada neste Parlamento que non quere recoñecer a lexitimidade, a lexitimidade do que significou o exilio, porque ten un problema co seu pasado, porque, efectivamente, hai unhas diferenzas moi grandes entre o Partido Popular e o BNG. No BNG sentímonos referenciadas nunha figura como Castelao, que foi loitador pola liberdade, pola democracia e por Galiza, e vemos que no Partido Popular teñen entre os seus fundadores a membros dunha ditadura que exiliou a Castelao. Esta tamén é unha diferenza entre o Partido Popular e o BNG. (*Aplausos.*) E non querer recoñecer o Consello de Galiza como esa vontade que permitiu vivir no exilio e que o fascismo impediu que eclosionase nese momento é no fondo non querer recoñecer a realidade.

Eu ánimoos a todos e ánimoas a todas a que recapaciten, porque cando falamos de restaurar a nosa memoria histórica, tamén falamos de lexitimar as accións que se fixeron para que hoxe esteamos nós aquí, e, desde logo, lexitimar ás persoas que deron a súa vida ou que desde o exilio traballaron pola liberdade e por Galiza. Recapaciten e voten si a esta iniciativa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, da que teñen coñecemento.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vai procederse ao debate acumulado de dúas proposicións non de lei, da 5.4 e a 5.6.

Acumúlanse, como saben, para os efectos de debate, non para os efectos de votación, en aplicación dos distintos artigos do Regulamento, nomeadamente o 162.2.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da garantía dunha xestión pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de garantir unha xestión pública e directa no futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se rexistrou ningunha emenda.

Para facer o debate ten, en primeiro lugar, a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

Ao ser acumulado, recórdolles que dispoñen de doce minutos.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e todas.

Quixera antes de nada saudar a plataforma, os pais e nais da plataforma ProCAPD e a quen hoxe vén acompañalos para apoiar esta xusta reivindicación. Grazas, por estar hoxe aquí.

Sexan benvidos á asemblea onde a representación da vontade popular debe ser posta de manifesto e facer valer en beneficio do progreso e a xustiza social que as democracias han de perseguir en primeiro e fundamental termo. E sexan especialmente agarimados nesta casa cando os intereses espurios e as peores artes da humana condición entran en xogo para tentar restar vigor a unha demanda que, pola rotundidade da súa argumentación, unicamente deixa a opción, para os que pretenden negala, de encher o campo de lama.

A vosa causa é limpa, chea de razón e necesaria. A inequidade individual ou colectiva que tente embazada non vai conseguir outra cousa que reafirmala nos inapelables argumentos que a través da loita de todos estes anos se vén consolidando. Contades por iso co noso apoio ben claro, se cabe, redobrado. (*Aplausos.*)

Si, de aí a presentación da iniciativa, que pide á Xunta de Galicia que recapacite, que reconsidere, que dea marcha atrás na decisión de licitar a xestión do CAPD por unha entidade sen ánimo de lucro e garanta ás familias dos usuarios e usuarias que a xestión do CAPD sexa pública e de xestión directa.

E como o PSdeG nesta cuestión estivo e estará sempre detrás da plataforma, hoxe queremos darlle voz. E como non pode tela hoxe aquí de forma directa, vou dar lectura ás palabras que Eva Gutiérrez, palabras que esta nai pronunciou no pleno da Deputación Provincial de Ourense celebrado en decembro, porque ninguén o pode explicar mellor, e dicía:



«¡Ola!, bo día a todos e todas. Chámome Eva Gutiérrez e son nai dun neno de 17 anos que se chama Xabier, tamén son membro da Plataforma ProCAPD.

» Quixera, primeiro, explicar o que significa ser nai dun neno especial, dun neno con discapacidade. A miña vivencia é igual que a de calquera pai, calquera nai que están hoxe acompañándome, con pequenas variacións segundo o diagnóstico, pero cos mesmos sentimentos. Cando nacen os nosos fillos esperamos, desexamos un meniño que non sufra patoloxía ningunha, polo menos nada que non se poida solucionar cunha mínima intervención médica.

» Cando isto non é así e nos comunican do seu grave problema, da súa discapacidade, comeza o noso calvario e, ¿como non?, o deles. Pasamos por fases de negación, de confusión, rabia e ira, dor, culpa e tristura.

» ¿A que lles lembra isto? Pois si, a un duelo porque é o que sufrimos. É o máis parecido a un duelo por unha persoa miúda, polo noso fillo, que non é como esperabamos, que ten problemas serios, que en moitos casos son imposibles de resolver.

» Atopámonos sós, soas. Ninguén do ámbito hospitalario é quen de acompañarnos, posiblemente porque non hai protocolos de actuación para estes casos. Ás veces, cando notamos que os nosos fillos non evolucionan correctamente, algúns sanitarios din que nos preocupamos demasiado, e despois dámonos de bruces coa crúa realidade. Terapias e consultas médicas pasan a ser o noso día a día e atopámonos nos pasillos dos hospitais as nais e pais que pasan polo mesmo, e aí si sentimos a calor humana.

» Comeza a seguinte fase: aceptación, o enfrontamento real á situación que temos entre mans, que non é outra que darlles aos nosos pequenos e pequenas todo o noso apoio e todo o noso traballo. Dedicámonos en corpo e alma a eles, establécese un vínculo que nunca desaparecerá e loitamos con e por eles cada día da nosa vida.

» É duro pero tamén produce satisfacción, unha satisfacción de que o que facemos o estamos a facer moi ben, extraordinariamente ben. O meu fillo non pode falar, hai que darlle de comer, vestilo, duchalo, fregar os seus dentes, cambiarlle o cueiro e agora como adolescente afeitado. Recoñece que tiven que aprender e a nova aprendizaxe xuntos. El, que nunca está quieto, non se move; quere, en certo modo, axudar a súa mamá e compañeira de loita do día a día. É un bebé de seis meses, pero con 17 anos.

» Como xa dixeran: terapias, consultas médicas, burocracias varias. Pero a miña conclusión final é a dos pais e nais que hoxe están aquí, e que os seus fillos non van ver unha vida desde outra perspectiva, porque son nobres, sen dobreces, sen maldade e, por riba de todo, loitadores.

» ¿Comprenden agora por que estamos aquí? ¿Comprenden por que seguimos loitando por un centro de atención a persoas con discapacidade público e de xestión pública directa pola Xunta de Galicia? Pois porque eles nos fixeron ser fortes e porque llelo debemos.

» Despois do ámbito sanitario, chega o proceso de escolarización, que tamén é moi complexo. E os nosos fillos cumpren anos ata que chegan aos 21, idade na que precisamos centros de día, centros



residenciais, para que haxa certa continuidade nos seus coidados. Estas etapas, a sanitaria e a educación, son responsabilidade directa da Xunta de Galicia, coas correspondentes consellerías, a de Sanidade e a de Educación. Polo tanto, o proceso natural é que a Xunta de Galicia continúe asumindo a súa responsabilidade na atención aos nosos fillos coa Consellería de Política Social, e non delegue algo tan sensible como é a discapacidade.

»Na provincia de Ourense hai centros para nenos de máis de 21 anos, si, privados, concertados, hai asociacións, pero non hai un servizo público; é dicir, non hai un centro de atención a persoas con discapacidade como nas outras provincias. E preguntámonos: ¿por que?

»A plataforma ProPACD nace en febreiro de 2016 e comeza a súa andaina: reunións na Xunta, unha manifestación multitudinaria en Ourense co apoio de todos e todas as ourensáns, recollidas máis de 50.000 firmas, conseguidas na rúa polos pais e nais, e mesmo estivemos neste foro» —falaba da deputación— «defendendo o que hoxe defendemos.

»Debater a estas alturas só porque queremos isto coido que non é necesario, o único que nos importa é que Ourense, a provincia onde naceron os nosos fillos, a provincia que todos vostedes representan, non sexa diferente ás demais. Xa nos levan bastante nesta carreira. Non permitan que Ourense estea á cola de Galicia.

»Conseguir o CAPD levounos tempo dabondo, demasiado. Agora xa está construído, non nos demoremos máis; os nosos fillos e fillas non teñen tempo.

»Estamos a piques de entrar no ano 2025, nove anos pasaron, e hoxe sentímonos orgullosos e orgullosas de todo o conseguido ata agora. Consequimos un CAPD público de xestión pública directa por parte da Xunta de Galicia, un compromiso que a Xunta asinou e fixo cos nosos fillos e fillas. Pero agora a Xunta de Galicia quere dar un paso atrás e privatizar ou concertar os servizos, esquecendo as súas promesas. Non podemos, non debemos permitir que isto suceda.

»Un CAPD de xestión directa pola Xunta non só é unha necesidade para os nosos fillos e fillas, é unha cuestión de responsabilidade pública e un dereito das familias da nosa provincia. Somos a única, repito, a única provincia que non ten un, e temos que loitar para que a Xunta cumpra a súa palabra.

»A responsabilidade da Xunta é clara e non imos deixar que se desvíen da promesa feita connosco. Non se trata só dunha demanda, senón dun dereito para os nosos fillos e fillas, que merecen un servizo totalmente público e de xestión directa, sen intermediarios privados que buscan beneficios persoais. Sabemos que isto é un obxectivo común para todos os presentes e quizais xuntos logremos o que é mellor para Ourense e non seguir sendo diferentes, inferiores ás outras provincias. Non podemos seguir sendo a provincia que queda atrás mentres as outras avanzan.

»Ao comezar da miña intervención, dixen que o meu nome era Eva, a nai de Xabi, pero tamén son Marisa, a mamá de Rubén; Mari Carmen, a mamá de Raúl; Ignacio, o papa de Dani; Isabel, a mamá de Gabi; Gloria, a mamá de Félix, e a nai e o pai de moitos e máis nenos. E vostedes hoxe aquí son defensores dos nosos fillos e fillas. Eles teñen dereito a un CAPD público de xestión pública directa pola Xunta de Galicia na nosa provincia, igual que nas outras de Galicia.



»Por iso non podo facer outra cousa que darlles as grazas en nome de todas as familias da plataforma. Grazas por escoitarnos, grazas por estar ao noso carón e por loitar connosco para que a Xunta cumpra as súas promesas. Non permitamos que se perda este dereito dos nosos nenos da nosa provincia.» E dicía: «Moitísimas grazas.»

Loitan estas familias, deputados e deputadas, polo dereito das persoas con discapacidade ou diversidade a recibir atención nun centro público de calidade, terapéutico e emocional, preto das súas casas, sen ter que desprazarse da súa provincia. Todos sabemos, os que vivimos en Ourense, que algunha familia tivo que optar por trasladar os seus fillos e fillas fóra da provincia co golpe emocional que iso provocaba a cada un deles, polo desarraigo que con esta decisión teñen que sufrir estas nais e estes pais —perdoade—, na maioría das veces polas nais, porque son elas as que normalmente renuncian ás súas profesións para ou ben a imposibilidade de conciliar ou optar por traballos a tempo parcial.

Polo tanto, é importante, deputados e deputadas, que hoxe teñan en conta estas reivindicacións. Eu creo que é a reivindicación máis xusta que se está a facer en Ourense nos últimos anos; a promesa máis importante que realizou a Xunta de Galicia coa nosa provincia, coa plataforma. Por iso dicía que sempre estamos detrás vosa.

E hoxe co noso voto imos pronunciarnos, imos pronunciarnos se se vai cumprir esa palabra, se se vai atender a estes nenos e nenas, porque o medo que teñen os pais e as nais destas persoas con discapacidade é que pasará o día que non estean. Esa é a preocupación que hoxe temos que interiorizar todos e todas nós. Sei que é moi difícil, porque os que non temos fillos nenas circunstancias pois ás veces non nos podemos facer a idea. Pero por un momento rogo aos deputados do Partido Popular, en particular aos de Ourense, que pensen ben hoxe o que van votar e que voten si a esta proposta de mellora.

Moitas grazas e esperamos a súa resposta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¿Canto vale a palabra dada? Pregúntolle a todo o mundo que está presente: ¿canto vale a palabra dada, a palabra que damos os partidos políticos, a palabra que damos quen nos presentamos ás eleccións para conformar esta cámara? Porque hoxe estamos aquí para trasladar unha demanda social moi clara, que é que a Xunta rectifique e que o futuro centro de atención a persoas discapacitadas con máis de 21 anos de Ourense sexa de xestión pública e directa.

E hoxe, precisamente, en tempos de trumpismo, de desinformación, de descrédito realmente da política, debemos preguntarnos canto vale a palabra dada. Porque en Ourense hai oito anos pasou algo, pasou algo hai oito anos, catro meses, dez días e unhas horas, porque se a memoria non me falla, foi á última hora da tarde, algunhas das señorías aquí distinguirán



isto, *(A señora Presas Bergantiños amosa un folleto.)* estou convencida de que os pais e as nais de Ourense tamén. Hai oito anos, ¡oito anos!, asinamos un compromiso escrito, tres puntos tiña este compromiso escrito a petición da Plataforma ProCAPD de Ourense, e o terceiro punto dicía: «O Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional será público e de xestión pública, atendido por empregados públicos». Isto asinámoslo todas as forzas políticas que hoxe conformamos este Parlamento. *(Aplausos.)*

E hoxe o que pedimos basicamente é que a Xunta rectifique esta privatización, e o que pedimos é que por unha vez na súa historia o Partido Popular teña palabra e cumpra con Ourense e cumpra co sector da discapacidade. Porque, señorías do Partido Popular, a pregunta é moi clara: ¿vale para algo a palabra dada por vostedes no ano 2016 ou era unha simple estratexia electoralista porque nuns días iamos todos e todas ás urnas? Hoxe o que voten nesta iniciativa desvelará cal é a resposta a esta pregunta.

E eu quero recordar que esta loita que nos trae hoxe aquí vén de lonxe, practicamente unha década de traballo incansable, singularmente dos pais e das nais da plataforma, pero tamén de moitos outros colectivos, e que sen esa presión social hoxe non estaría construído en Ourense un centro destas características.

Quero recordar que houbo manifestacións históricas na cidade de Ourense, que se recolleron máis de cincuenta mil sinaturas, pero é que aínda así o camiño non foi fácil. A Xunta incumpriu longamente o que prometera. Houbo un proxecto inicial que non se correspondía coas características que pedían as familias. Houbo que ter outra vez unha manifestación histórica en febreiro do 2017 para que se corrixisese ese proxecto. Rectificaron, pero estiveron anos consignando unha partida pírrica nos orzamentos; en varios exercicios apenas medio millón de euros, cando sabían que ía ser insuficiente. A isto sumouse a lentitude do Concello de Ourense, as dificultades tamén para atopar un terreo e dispoñibilizalo para esta construción. Por fin, a comezos do 2020 adxudicouse esta obra.

Houbo —como sabemos todos e todas— unha pandemia, unha crise de prezos, esta construción viuse afectada. Isto non é algo que non pasara noutras construcións, pero aquí pasou algo que non pasou noutras construcións, que é que o Goberno galego, consciente dunha paralización, mirou para outro lado. Foi o BNG quen, en marzo do 2022, preguntando nesta cámara destapou que na data na que tiña que estar inaugurado este centro, as obras levaban paralizadas seis meses; seis meses nos que a Xunta ocultou, mentiu e non fixo absolutamente nada ata que de novo sentiu o alento da presión social e sacou unha nova contratación a finais do 2022, cando se prometeu para xaneiro do 2024 o que tiña que estar operativo en marzo do 2022 e que tiña que estar xa feito no 2018.

Así as cousas, chegamos a xaneiro do 2024 e, ¡oh, sorpresa!, non estaba rematado e a Xunta seguía sen aclarar o que máis preocupaba aos pais e nais e o que máis preocupaba á sociedade, que era cal ía ser o modelo de xestión, respondendo sempre con evasivas. A última, nesta mesma cámara, en outubro de 2024, cando preguntou o BNG, entón respondeu cun novo anuncio a conselleira de Política Social, a quen tamén poderíamos chamar conselleira da covardía, conselleira da covardía. *(Aplausos.)* Si, agachan a cabeza, non me estraña. En seis anos, a señora García, nomeada o 26 de setembro do 2018 como conselleira,



en seis anos, catro meses e tres días no cargo, non tivo a decencia de recibir os pais e as nais desta plataforma, por moito que llo pediron unha e outra vez, e polo que se ve tampouco tempo de estar neste pleno. Polo tanto, dicir covardía é pouco.

Pero a indecencia non acaba aí: esperaron a este Nadal para aprobar no último Consello do ano da Xunta esta privatización, a ver se así ninguén se enteraba. E vimos como o pasado venres sacaban xa a licitación, optando ademais por un contrato reservado, a ver se así as familias tragaban; a ver se así tragaban, pero non tragan. Quen hoxe nos acompaña na tribuna representan unha demanda moi clara, e fano ademais —hai que dicilo— sen tutelas, coa conciencia cívica desde a súa propia experiencia e coñecemento; por iso merecen todo o noso respecto e admiración. E desde o BNG quero aproveitar para enviarlles o noso agradecemento (*Aplausos.*) (*A señora Presas Bergantiños fai un xesto co seu puño do corazón cara á tribuna do público.*) e tamén a nosa empatía e solidariedade.

Somos conscientes do difícil que foi o percorrido e tamén somos moi conscientes de que ningún intento de deslexitimar esta loita vai funcionar, ningún. Estamos convencidas. Pedir un CAPD público, ademais, non é algo arbitrario, non é algo que se nos ocorrese así por así a unha maioría social de Ourense.

Primeiro, é algo xusto para Ourense, para reequilibrar minimamente o desequilibrio territorial nos servizos públicos, ter o que xa ten a zona de Pontevedra, co de Chapela, a da Coruña, co das Xubias, ou a de Lugo, co de Sarria, insuficiente pero mínimo. ¿Por que Ourense non?

En segundo lugar, tamén pola contrastada calidade do público. Podemos falar outra vez nesta cámara sobre o Informe do Consello de Contas sobre residencias de maiores do ano 2017; podemos recordar nesta cámara a experiencia da pandemia; podemos recordar a degradación absoluta do Centro de Menores de Montealegre, despois de que a Xunta o privatizase despois de pechalo, e podemos falar tamén de que a Xunta acaba de ter que intervir, por exemplo, unha residencia que privatizou no Carballiño e que as traballadoras están aínda sen cobrar.

Miren: hai moitas nais nesta plataforma, moitas nais e pais, que despois da experiencia na privada foron á pública, pese a que iso supón no mellor dos casos, imaxinemos no mellor dos casos, tendo coche, sendo da cidade, desprazarse, por exemplo, a Sarria. Hai unha hora e dez por unha estrada terrible de Ourense a Sarria, e hai pais e nais de Ourense que optan por esa alternativa, pese á dor que supón e pese ao trastorno que supón, porque non teñen un servizo máis cerca que sexa público. Saben perfectamente do que están a falar cando demandan que sexa de xestión pública e directa. E, ademais, é algo que é perfectamente posible coa lexislación vixente e cos recursos da Xunta. Simplemente hai un obstáculo, que é a vontade política do Partido Popular, que é o que fai que só o 8 por cento da atención á discapacidade sexa pública hoxe neste país, que é unha cifra que é unha vergonza.

E agora no prego de contratación —isto xa é intentar insultar a intelixencia da xente— xustifican a privatización en que non hai persoal, ou sexa, as empresas privadas poden atopar persoal no Inem e nas listas de desemprego pero a Xunta vese que non. Pero ¿como poden ser tan mentirosos? (*A señora Presas Bergantiños amosa unhas listas.*) Estas son as listas



de persoal interino da Xunta na provincia de Ourense. Se vemos as categorías profesionais que se recollen no prego, por exemplo, Psicoloxía —(A señora Presas Bergantiños amosa unha lista.) esta é a de Psicoloxía—: 169 persoas, 169 persoas que a Xunta pode chamar para incorporarse a traballar dun día para outro; se miramos as de traballadores sociais: 244, e así con todo. ¿A quen pretenden tomarlle o pelo, señores do Partido Popular? (Aplausos.)

Por certo, falando do prego de contratación, setenta e dúas horas estivo colgado; mal dous dos documentos, que non facían mención ao CAPD de Ourense, que facían mención ao Souto de Leixa. Este é un centro de Ferrol que coñecen moi ben as señorías que están neste Parlamento, porque o BNG ten traído aquí unha e outra vez os terroríficos casos de abuso, de agresións, de incumprimento dos ratios e mil e un problemas que denuncian as familias, usuarios e usuarias deste centro, e que tamén ten as familias mobilizadas.

Polo tanto, esa xente que está aí arriba e a que está pendente deste debate sabe moi ben por que quere un centro público e non un centro construído cos nosos recursos, dos galegos e galegas, e privatizado posteriormente. Sábeno moi ben, e o que pedimos hoxe é o que pediron tamén, ademais, non só milleiros de persoas que asinaron, non só milleiros de persoas que se mobilizaron, senón tamén moitas institucións de Ourense, tan importantes como o Concello de Ourense, onde alguén que está aquí sentado se abstivo, non obstaculizou a aprobación desta demanda, ou como, por exemplo, a Deputación de Ourense, onde o propio Partido Popular votou que si.

E miren: nestes días cumpríase o aniversario da salvación da sala de partos do Hospital de Verín, que o Partido Popular quería pechar. Eu recordo como naquel momento houbo dignidade nalgúns sectores do Partido Popular de Ourense, nalgúns cargos institucionais, nalgúns alcaldes e alcaldesas, que se levantaron contra o Partido Popular de Santiago e que exixiron que esa sala de partos se mantivese aberta. Lamentablemente, hoxe vemos moita mirada baixa aquí neste hemiciclo, temos moita mirada baixa tamén polas rúas de Ourense, porque está claro que —nun irónico xogo de palabras— o peso do Partido Popular de Ourense é cada día menor; xa a última demostración de pasar por debaixo do futbolín e ter que vir a Santiago o mesmo día que se van reunir as familias coa Deputación de Ourense, a que lles presenten unha marabilla de proxecto nunha pantalla. En fin, hoxe teñen a oportunidade de rectificar, de non deixar vendidas estas familias, de non deixar vendido Ourense e de defender o que é xusto coas familias e co sector da discapacidade.

E con isto remato xa, simplemente unha última reflexión. Hoxe decidimos dúas cousas: se apostamos por rectificar e por ter un CAPD de xestión pública e directa, e demostramos tamén se temos palabra ou se non temos palabra. No ano 2016, (A señora Presas Bergantiños amosa un documento.) todas as forzas políticas que estamos aquí representadas —insisto— asinamos un compromiso. Nós, desde o BNG, mantemos a nosa palabra, sempre estaremos do lado desta loita e do CAPD público, de xestión pública e directa que merece Ourense.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(Pausa.)* O señor Ojea renuncia á súa quenda de palabra.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra a señora Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

Unha aperta a todos os que hoxe nos están acompañando, unha aperta tamén a todos aqueles pais e nais que teñen algún fillo ou filla con discapacidade, e creo que hoxe as persoas que están aquí tamén os representan a eles. Unha aperta persoal como nai, pero unha aperta tamén dende o Grupo Popular. *(Aplausos.)*

Tal como ten dito a conselleira Fabiola García nesta cámara en diferentes ocasións, en diferentes medios, os propios afectados, onte mesmo as entidades sociais, e tal como ten dito o presidente da Xunta Alfonso Rueda, o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade, o novo CAPD de Ourense é un centro público de vangarda, cos mellores servizos e que terá a mellor atención da man de quen máis sabe: as asociacións que traballan coa discapacidade e que son entidades sen ánimo de lucro. Un centro que porá á disposición das familias 110 novas prazas cento por cento públicas, 30 de atención diúrna e 80 residencial, e que oferta prazas específicas para autismo, para discapacidade intelectual, para parálise cerebral e tamén para dano cerebral, para que cada discapacidade teña a atención adecuada no contorno que máis lle convén, e en cuxa construción a Xunta investiu máis de dez millóns de euros.

Como vostedes saben moi ben, e aquí díxose hoxe mesmo, as obras comezaban no verán do 2020 en Barrocás, logo de ser contratadas por 7,6 millóns de euros. Pero a súa execución viuse afectada polos efectos da covid e pola crise de subministracións, que levou a conxelar as obras, posto que a empresa adxudicataria non foi quen de facer fronte ao incremento dos prezos dos materiais de construción, e houbo que sacar un novo contrato e o investimento ascendeu a 10 millóns de euros.

Pero teñan a seguridade de que a Xunta actuou sempre coa máxima dilixencia que se podía facer en cada momento, e estao facendo nestes momentos, para pór xa canto antes en marcha este centro e para facelo coa máxima calidade. E agora mesmo estamos xa nun momento de optimismo co CAPD a piques de abrir as súas portas.

É moi preocupante que o PSOE e o BNG, xusto neste momento que tiña que ser de celebración, estean pondo ás familias coa dúbida sobre a calidade do servizo. Un centro polo que as familias das persoas con discapacidade e as propias persoas levan tempo esperando, máis do que todos quixeramos, pero que abrirá as súas portas xa en abril.

Unhas familias coas que tanto o Partido Popular como a Xunta de Galicia empatizamos. Empatizamos cando estaban inquedas porque diferentes imprevistos fixeron que as obras



tardasen máis do que todos quixeramos e empatizamos cando agora reclaman que a atención que se preste ao CAPD de Ourense sexa da máxima calidade. Ese é o compromiso do Partido Popular, ese é o compromiso da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Tal como acordou o Consello da Xunta, será unha entidade social a que se encargue do seu funcionamento. De feito, a Xunta xa publicou unha contratación reservada única e exclusivamente para entidades sociais sen ánimo de lucro, porque é a mellor maneira de dar resposta ás necesidades dos usuarios, porque se garante así unha atención de calidade, unha atención supervisada en todo momento pola Consellería de Política Social, porque é un centro público cento por cento; un centro ao que a Xunta xa asignou un orzamento de 14 millóns de euros para dous anos.

A conselleira de Familia supervisou en todo momento as obras, estivo pendente de todo o que se ía facendo, de como podía ser a mellor atención, e onte mesmo reuníase para explicarlles o proxecto cos representantes das entidades que conforman o Cermi Galicia, o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia, onde están entre outros: Cogami, Fademga, Feafes, DAO Galicia, Autismo Galicia, Federación Galega de Dano Cerebral, Federación Galega de Parálise Cerebral etcétera. E tamén o fixo, porque así llo pediu, co presidente da Deputación de Ourense.

E pola tarde, na propia da Deputación de Ourense, os representantes desta, así como a delegada da Xunta e a directora xeral de Discapacidade reuníronse coas familias, e explicáronlles tamén como ía ser este proxecto e as garantías da atención que ían recibir. Familias que na práctica totalidade dos casos pertencen tamén a algunha destas asociacións que atenden persoas coa discapacidade que teñen as súas familias. Familias que coñecen perfectamente estas entidades, que levan anos nelas, que confían plenamente na súa profesionalidade e que saben que non teñen ánimo de lucro.

Entidades coas que vostedes se reúnen mesmo para facer os seus programas electorais. E resulta moi difícil entender a oposición frontal do BNG e do PSOE a que sexan estas entidades as que xestionen o CAPD. É moi difícil de entender, se non é dende unha perspectiva única e exclusivamente partidista. *(Aplausos.)*

E de verdade que lamentamos que as familias dos futuros usuarios dos centros e que toda a cidadanía de Ourense teñan que estar pasando polo bochorno e pola indignación que temos todos dende esta fin de semana, cando lemos nun xornal, a páxina completa, que o voceiro da plataforma estivo en prisión condenado por abusos a unha nena de 4 anos. Unha persoa sen ningún tipo de escrúpulos, que non ten vínculo familiar coa discapacidade, pero que utilizou as inquedañas das familias, da xente, que coa mellor intención o creu e o seguiu, porque creu firmemente que estaba defendendo os seus intereses.

O que xa é máis preocupante é que sexa un partido político, unha lideresa como Ana Pontón, a que chamase a este señor para levalo nas súas listas. Un señor co que comparte pancartas, co que comparte publicacións en redes, e que tanto o BNG como o PSOE, con quen tamén ten vínculos, usaron de ariete contra a Xunta unha e outra vez. *(Aplausos.)*



Señorías, en política non todo vale, e a actitude do PSOE e o BNG neste tema é indigna e inmoral, e dende o sábado seguimos esperando que tanto a señora Pontón como o señor Besteiro dean explicacións e pidan perdón. (*Aplausos.*) E de paso, poden explicar tamén ese dobre raseiro, esa dobre moral pola cal, segundo vostedes, segundo o Bloque e o PSOE, se a xestión dun centro de discapacidade é xestionado por entidades sociais, consideran que a Xunta fai negocio cos usuarios e que van estar mal atendidos. Mentres que nos concellos e nas deputacións onde gobernan PSOE e BNG, por norma, externalizan todo o que ten que ver coa dependencia e a atención ás persoas, e non o fan con entidades sen ánimo de lucro, non, fano con multinacionais como Eulen ou Clece e con SS.LL. de todo tipo. E, por certo, aquí non teñen ningún reparo en asociarse con Vox e contratar con empresas vencelladas a Vox.

¡Pero de que nos están falando! ¿Recoñecen polo tanto o PSOE e o BNG que alá onde gobernan están dando un mal servizo a sabendas no ámbito social, porque están externalizando? ¿É iso o que queren decidir? Porque se é iso rozaría o delito. E se pensan, como pensamos nós, que externalizar un servizo público segue sendo ter un servizo público e dar a máxima calidade, se pensan iso, o que están facendo é enganar as galegas e os galegos, e concretamente os futuros usuarios do CAPD de Ourense.

É indecente que PSOE e BNG estean continuamente amedrentando as familias, poñendo en dúbida a calidade dun servizo, cando eles externalizaron o 70 por cento das prazas de residencia cando gobernaron no Bipartito, teñen nestes momentos externalizadas o cento por cento das residencias da Deputación de Lugo, dende que as creou o señor Besteiro, o cento por cento do SAF de todas as grandes cidades e o 70 por cento de todos os concellos onde PSOE e BNG gobernan.

¿Pero de que nos están falando? ¿A quen queren vostedes enganar? A eterna dobre moral do PSOE e do BNG, o seu dobre raseiro segundo se trate deles mesmos ou dos demais. Miren: pódese enganar a moita xente pouco tempo ou a pouca xente moito tempo, pero a vostedes estánselles acabando as dúas alternativas, porque a credibilidade do PSOE e do BNG en materia de servizos sociais é igual a cero. (*Aplausos.*)

A nosa palabra, dada en todo momento, con todo Ourense, con toda Galicia e en especial coas familias das persoas con discapacidade en Ourense, a nosa palabra — como dicía — foi, e é seguirá sendo un CAPD público, de vangarda, cos mellores servizos e coa mellor atención.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten novamente a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.



¡Qué cuajo, señora Arias! Pídolles perdón a todos os que escoitaron o discurso da portavoz do Partido Popular, porque non todos en política dende logo somos iguais. (Aplausos.) ¡Para nada! Chegou á política galega o asesor de Ayuso: Miguel Ángel Rodríguez; a peor política, a que ten hoxe o Partido Popular con este discurso que non esperaba da señora Arias, aínda que onte xa lía o mesmo.

Vou ser máis clara: non existen casualidades, señora Arias. Xustamente cando sae a xestión a licitación pública, casualmente sae á luz o historial que acaba de dicir dese exmembro e exportavoz da plataforma. E casualmente hoxe cando se debate neste Parlamento esta iniciativa na que pedimos que rectifique, señora Arias —baixe a cabeza, baixe a cabeza—, resulta que hoxe casualmente tamén lemos a sentenza, para que a plataforma sufra ese menoscabo. Pero non a vai sufrir, porque a plataforma, ¿sabe vostede por que aceptou a esta persoa? Aceptouna porque traballaba para a Xunta de Galicia como educadora, e segue traballando cos nenos e coas nenas. (Aplausos.) Iso será o que ten que explicar o Partido Popular, se coñecía esta situación e que está a facer nesa cuestión, e non pedir explicacións a estes partidos políticos.

E non diga, non minta que vai ser público de xestión directa, porque non vai ser de xestión directa, non. Todos sabemos o que é unha xestión directa. E en Lugo non é así, ben o saben, son servizos externalizados, o de limpeza, de comida etcétera. ¡É que manda truco! Pero mire: xa sabiamos... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Que pasa, señor Pazos?, ¿que pasa?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor. Silencio.

A señora RODRÍGUEZ DA COSTA: ...¿está vostede no debate, señor Pazos? ¿O portavoz do Partido Popular está no debate, señora presidenta?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio. Non o introduza tampouco vostede.

Señor Pazos, por favor. Silencio, por favor.

Non o introduza e non dialoguen, que vostede non está no debate. El non está no debate. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Pareille o tempo. ¡Silencio, por favor!

A señora RODRÍGUEZ DA COSTA: Miguel Ángel Rodríguez está chamando ao portavoz do Partido Popular para que tamén interveña neste debate. (Aplausos.)

Miren: nós xa o tiñamos o 15 de novembro cando votaron que non en comisión a iniciativa socialista. Pero cando na Deputación de Ourense houbo ese voto a favor por parte do Popular pois tiñamos unha esperanza, pero hoxe gana Rueda. Hoxe gana Rueda porque —como dicíamos onte, Silvia— son negocios. E o negocio ten que... (A señora Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) Si, si, si, son negocios, señora Arias, porque se non



seriamos coma o resto das provincias galegas; iguais, cun CAPD público, si, un público. ¿Non oíron as familias?

E o que tampouco é de recibo é que a propia conselleira de Política Social —que leva bastantes anos no cargo— non fora quen nin de recibilos nin de darlles explicacións. Iso non acontece nun sistema democrático. Levan anos reivindicando esta xestión e non lles daba ningunha cita, ningunha audiencia. Iso que dicía vostede do saúdo, estamos con vostedes, benvidos a este Parlamento, ¡home!, é un pouco hipócrita a cuestión.

Vou acabar como terminei na comisión, na que tamén defendemos esta cuestión, e voulle pór —porque non ten outro título— a esta crónica como frase o título da canción de Los Suaves —e vouno repetir—: «Malas noticias para os pais e nais da Plataforma ProCAPD / Malas noticias para os xoves con discapacidade /...» —que son os máis afectados e afectadas— «...Malas noticias para a provincia de Ourense». Está clara a intención do Partido Popular, a intención que mostra unha e outra vez, sexa nos orzamentos todos os anos, mediante as asignacións a dedo, mediante convenios: beneficiar sempre aos mesmos. E de novo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa termino, señora presidenta— como sinalaba ao inicio da intervención: outra vez, Ourense será discriminada.

E gustaríame que hoxe nesta tribuna un deputado de Ourense, que hai varios, tamén tivera dado a cara.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Eu quero dirixirme aos pais e ás nais que nos acompañan hoxe e persoas da plataforma. Eu lamento moito que teñan que ver este espectáculo, pero lamento sobre todo o sufrimento destes días. Porque é certo que as persoas que levamos moito tempo organizadas politicamente, especialmente en Ourense, sabemos que o Partido Popular non ten escrúpulos, cada vez menos, porque cada vez é un Partido Popular máis degradado moralmente e máis ultra. E temos visto xa de todo pero, desde logo, o que levan pasando estes pais e nais nestas semanas e días non ten comparación e non é xusto.

Señora Arias, eu, de verdade, é que é absolutamente lamentable todo, ¡lamentable! Se co BNG tivese algún tipo de vinculación orgánica esta persoa, ¿sabe o que fariamos? Actuar como sempre actúa o BNG, que é con contundencia. Nós non somos o partido que xustifica que un maltratador condenado sexa un idóneo concelleiro. (*Aplausos.*) Nós non somos o



partido que xustifica que se un concelleiro é detido por violencia machista é voluntario que dimita ou non. *(Aplausos.)* Nós non somos o partido que exonerou e avalou a un expresidente da Deputación —agora delinciente viario tamén—, ao que todos e todas oímos extorsionar unha muller intercambiando sexo por traballo. *(Aplausos.)* Nós non somos ese partido, señora Arias. *(Aplausos.)*

E o que ten que explicar a Xunta é moito, é moito, e o Partido Popular, porque o Partido Popular debería explicar desde cando sabía isto, e no lugar de comunicarlle aos pais e nais, aos que hoxe lles quero mandar unha aperta, o que fixo foi gardalo nun caixón ata que lle interesou filtralo a un medio de comunicación para facer dano á plataforma *(Aplausos.)* e ao principal rival político. *(Aplausos.)* Si, si, faga os xestos que queira, que outras veces lles autorizan, que a min non me intimida, *(Aplausos.)* a esta xente non a intimidan e ao meu partido político tampouco, señora Arias. Sabemos que non teñen escrúpulos porque a nós xa nos acusaron a un portavoz nacional e candidato á Xunta de ser un maltratador inventando con algo sucísimo. ¡Non nos van calar, señora Arias!

E quen o ten que explicar é a Xunta. Si, si, porque xa non é desde cando sabe isto e por que non actuou, é que a raíz desta situación o BNG tivo coñecemento de que esta persoa tivo un expediente aberto na Xefatura de Vigo por unha substitución que fixo no Avelino Montero de Pontevedra entre finais do 2016 e o ano 2017; un expediente co que a Xunta mirou para outro lado. ¿Ese é o *modus operandi* da Xunta, señora Arias, cando ten unha denuncia deste tipo? *(Aplausos.)* ¿Ese é o *modus operandi*? *(Aplausos.)* ¿Si? *(Aplausos.)* ¿Sabendo que hai antecedentes? *(Aplausos.)* O BNG vai pedir explicacións nesta cámara sobre esta cuestión. Claro que vai pedir explicacións, e van ter que dala.

En todo caso, señora deputada, remato xa simplemente dicindo que esta xente non veu aquí pedir ningunha aperta do oso nin unha aperta do lobo; veu aquí pedir dereitos, pedir o que é xusto é o que está en debate. E veñen con autonomía, xente maior de idade, xente que ten conciencia cívica, que cada un vota o que lle peta, señora Arias —moitos seguramente tamén ao Partido Popular—, e que non están dirixidos por ninguén. Son persoas exemplares na súa loita, a quen lles debemos nós, como representantes públicos, todo o noso respecto e a nosa admiración. *(Aplausos.)*

Estou convencida de que todas vós, de que eles e elas non se van render; esta organización política tampouco. Non imos parar ata que o CAPD de Ourense sexa público e de xestión directa, atendido por empregados e empregadas públicas, que foi o que asinei eu persoalmente en nome do BNG no 2016 e que foi o que asinou o Partido Popular, e que hoxe está incumprindo unha vez máis coa súa palabra cos servizos públicos deste país...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...co seu afán privatizador e con Ourense unha vez máis.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e dezaseis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da transferencia da AP-9, o novo trazado para a A-52, a seguridade viaria na A-55 e a interlocución con todos os concellos afectados

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Carlos López Font, e que leva o número 18536, e outra do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, que leva o número de rexistro 18547.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva desta proposición non de lei polo seguinte texto:

«1. Demandar a transferencia a Galicia da titularidade da AP-9 nos termos previstos na Proposición de lei orgánica aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, na que se insta a adoptar progresivamente medidas que conduzan á gratuidade total en toda a AP-9 para todos os usuarios e usuarias.

2. Que a través do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible continúe a tramitación do proxecto do novo trazado da autovía A-52 (Rías Baixas) para conectar O Porriño coa cidade de Vigo, de acordo coa publicación do BOE do 18 de decembro de 2024, polo que se sometía a información pública o documento técnico e o estudo de impacto ambiental do dito proxecto, por consideralo imprescindible desde o punto de vista de seguridade viaria e como elemento de dinamización económica para Galicia, especialmente de todo o sur da provincia de Pontevedra.

3. Que a través do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible atenda de forma rigorosa as alegacións que se puideren presentar, especialmente, polos afectados deste proxecto.»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

1º.- Demandar do Goberno de España a transferencia a Galiza da titularidade da AP-9 nos termos previstos na Proposición de lei orgánica aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza, e a iniciar, con carácter inmediato, negociacións coa concesionaria da autoestrada AP-9 a fin de, na



maior brevidade posible, liberala de peaxes, para abordar de xeito urxente a seguridade da A-55, por ser a solución máis rápida, inmediata e economicamente máis viable ao problema da sinistralidade nesta vía.

2º.- Iniciar os trámites para rescatar a autovía AG-57, rematando coa discriminación e penalización que sofre a área metropolitana de Vigo.

3º.- Demandar do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a paralización da tramitación do proxecto do novo trazado da A-52, Vigo-O Porriño, e que, con carácter urxente, propoña novas alternativas ao trazado proposto da autovía das Rías Baixas A-55 pola grave afección que provoca a parroquias de Vigo, como Bembrive, e de Mos, como Sanguñeda, Petelos, Pereiras e Tameiga, a efectos de buscar unha solución definitiva e a longo prazo.

4º.- Demandar do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que inclúa nun novo estudo de alternativas unha solución baseada na liberalización das peaxes da AP-9 e incluíndo todas aquelas actuacións de mellora de conexión, nomeadamente entre a AP-9 e a A-52, que permitisen lograr unha solución máis sostible e racional das infraestruturas e que teña en conta a mellor articulación de toda a área metropolitana.

5º.- Planificar, promover e demandar alternativas ao uso do vehículo privado en toda a área metropolitana.

6º.- Demandar do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, no inmediato, todas as actuacións pendentes na A-55 e no medio prazo a súa harmonización co ambiente urbano polo que discorre.

7º.- Esixir do Goberno de España a inmediata reapertura dun período de interlocución, institucional e técnica, con todos os concellos afectados para definir a actuación de modo que sexa respectuosa co territorio, socialmente viable e supoña unha infraestrutura axeitada e segura para a mobilidade da zona.»).

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición non de lei —como sabe— por un tempo de dez minutos, por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona Felisa Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, quixera saudar os meus veciños de Mos, os veciños de Vigo, da parroquia de Bembrive que hoxe nos acompañan, a plataforma Defende Mos e a Plataforma Bembrive en Pé, e tamén, ¿como non?, os veciños que nos acompañan na sala de aquí deste Parlamento e os veciños que non están a ver dende as casas. ¡Benvidos todos ao Parlamento galego!

Na data do 18 de decembro do 2024, recibimos no Concello de Mos, para a exposición pública, trece tomos dun proxecto medioambiental e construtivo da nova autovía A-52, que non respecta o PXOM de Mos, que racha Mos e que racha a parroquia de Bembrive, en Vigo.



Contempla un trazado devastador, que nace sen consenso, sen consulta previa, sen transparencia, e nace ás agachadas, que coñecemos por primeira vez ese 18 de decembro. É un proxecto que impacta dunha forma moi grave no territorio, pois no caso de Mos atravesará gravemente as parroquias de Sanguñeda, de Pereiras, de Petelos e de Tameiga, e no caso de Vigo, gravemente a parroquia de Bembrive. Unha nova autovía que leva por diante directamente máis de cincuenta vivendas e deixa unha importante afección en máis de catrocentas vivendas. Falamos de vivendas que quedan debaixo de tremendos viadutos, rodeadas de terrapléns ou ao lado de grandes desmontes, pegadas á autovía, vivendas na sombra. Estamos falando tamén de infinidade de terreos que quedan totalmente afectados e fóra de ordenación urbanística.

Para que vexan a magnitude do despropósito, só na parroquia mosense de Sanguñeda leva por diante cinco chans urbanizables, un chan industrial, un chan residencial, tres comerciais, 100.000 metros cadrados inutilizados e nove naves industriais con 250 postos de traballo en activo, camiños veciñais, viais entre parroquias e viais entre barrios. Un proxecto no que nin o Goberno de Mos nin os veciños de Bembrive puideron opinar, porque descoñecían, porque se ocultou ata converterse en feitos consumados; como xa dixen: coñecérono o pasado 18 de decembro. Pero, sen embargo, non foi igual para todos, pois o Goberno do Concello de Vigo xunto co Ministerio de Transportes participou dunha forma activa na súa redacción durante máis de tres anos, e isto non llelo di esta deputada, isto consta no propio proxecto; encubrimento total. E gústelles ou non, vou dicir alto e claro ao Grupo Socialista e ao alcalde de Vigo que Mos existe e ten voz propia, e tamén existe Bembrive, unha parroquia de Vigo de preto de catro mil quíntos habitantes, que teñen os mesmos dereitos. Non pedimos nada que non lles corresponda, simplemente defender o noso territorio.

O trazado proposto é indefendible. Miren: este proxecto vai a ceo aberto, rebenta e divide Mos, meténdose nun túnel baixo o monte de Pereiras e baixo o monte de Tameiga, cunha pendente do 5 por cento, que demostra a súa mala calidade, seguindo polo monte de Bembrive e saíndo a ceo aberto na mesma parroquia; só hai que ver o proxecto, é demoledor. E ademais é unha autovía insuficiente e incompleta, que non contempla o tan demandado enlace do polígono industrial da Velgadaña, en Mos, un autovía pechada a Mos. É dicir, os mosenses soamente podemos entrar nela en Vigo, no seminario, ou podemos entrar nela no límite co Porriño; está totalmente pechada a Mos. E non esquezamos algo moi importante: as augas, as traídas de augas veciñais que están no monte de Pereiras, no monte de Tameiga e no monte de Bembrive. Falamos de oito traídas de auga en Mos que teñen caudal para subministrar auga potable a máis de dez mil veciños, e falamos tamén de tres mananciais, importantes mananciais, en Bembrive; tamén falamos de fontes, que tal cal está o proxecto desaparecerán. E isto non o inventa esta deputada que lles fala, poden llelo branco sobre negro no propio proxecto da nova A-52, que di literalmente: «*Se reconoce la afección a las captaciones de agua existentes en el trazado y se reconoce la afección a los niveles freáticos y que la misma es imposible de reparar*»; repito: imposible de reparar.

Señores, estamos ante un proxecto destrutivo: destrutivo coas vivendas, destrutivo co territorio, destrutivo co medio ambiente, destrutivo coas augas e destrutivo cos postos de traballo, e, o que é peor, feito ás agachadas.



Unha autovía A-52 que non vai solucionar o problema da saturación do tráfico da A-55. Por todos é sabido que a mellor carga do tráfico vai do Porriño a Puxeiros, ata o nó de Puxeiros, onde enlaza coa AG-57, coa VG-20 e coa AP-9, pois o tráfico pesado todos sabemos que realmente aí se bifurca cara a Citroën, cara a Guixar, cara a Bouzas, ao porto de Vigo, ao polígono de Valadares, ao Cunqueiro etcétera. Pasando Puxeiros, o tráfico cara a Vigo, cara ao centro de Vigo, baixa de forma considerable.

Unha pregunta: ¿o Grupo Socialista desta cámara e o alcalde de Vigo explicáronlles aos vigueses que pretenden meter todo o tráfico cara ao seminario de Vigo?, ¿sesenta mil vehículos diarios cara ao Seminario de Vigo? Falamos da avenida de Madrid, da praza de España, porque non creo que pretendan chegar ao seminario e volver cara a Puxeiros; catro quilómetros atrás, para volver coller o nó de Puxeiros. Miren, non sei se disto vostedes non se deron conta, pero paréceme raro, ou se están realmente agochando algo que lles deban dicir aos vigueses.

Mos soporta multitude de infraestruturas para darlle servizo a Vigo. Somos conscientes de que estamos ao lado da maior cidade de Galicia. Entre elas está a AP-9 Vigo-Tui, que vai baleira; a AP-9 Vigo-Tui vai baleira; soamente fai falta poñerse un día na ponte de Puxeiros.

O artigo 15 da Lei 37/2015, de carreteras, establece que «*siempre que el Ministerio de Fomento promueva la construcción de una nueva carretera, deberá estudiar antes la existencia de soluciones alternativas, de menor coste, mediante el mejor aprovechamiento de las infraestructuras existentes*».

Somos conscientes de que vivimos, como antes dixen, ao lado da maior cidade de Galicia e por Mos pasa a saída de Vigo cara á Meseta. Pero tamén somos conscientes de que temos a solución a esta vía en Mos, unha solución ao problema de tráfico da A-55, sinxela, rápida, eficaz e máis económica, e que é apoiada e solicitada polas plataformas veciñais que hoxe nos acompañan.

Falamos da liberación da peaxe da AP-9 que vai de Puxeiros ao Porriño. Esta alternativa si daría solución real á entrada de todo tipo de tráfico en Vigo, xa que ten todas as conexións posibles para canalizar por distintos accesos a entrada á cidade. Se se libera esa peaxe, acabarían co problema da mal chamada autovía A-55, sen destruír e sen desgastar o territorio.

Por iso hoxe presentamos esta iniciativa. Señorías, pido a esta Cámara do Parlamento galego o apoio de todos os grupos para demandar a transferencia a Galicia da titularidade da AP-9, segundo o acordo desta Cámara, e de forma inmediata, —insisto— de forma inmediata, a liberación da peaxe do tramo Vigo-O Porriño, para abordar de xeito urxente a seguridade da A-55, por ser a solución máis rápida, inmediata e economicamente máis viable para o problema da sinistralidade.

Teñan a valentía de admitir que se equivocaron. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Remato, presidenta.



E se logo a longo prazo precisa unha solución, abran un proceso de diálogo, de interlocución institucional e técnica con todos os concellos afectados, tal e como lles pedimos na nosa iniciativa, unha actuación respectuosa co territorio e socialmente viable.

Teñan a valentía de poñer primeiro os intereses de Vigo e os intereses de Mos. Rechacen o trazado dunha autovía manifestamente errado, que supón toda unha condena para esta comarca. Nin Vigo nin Mos nin os veciños merecen este desprezo.

Grazas, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Tamén saudar os veciños que nos acompañan.

Señora Rodríguez, ¡que catastrofismo! Solo faltaban los truenos y los rayos en este Parlamento, en relación con su intervención. Nin co dobre de tempo se podería contestar a todas as falsidades que trouxo vostede aquí. Pero non vou entrar no seu xogo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.

O señor LÓPEZ FONT: Oxalá o PP tivese a mesma valentía en relación co proxecto do Celta de Vigo para defender Mos, oxalá, señora Rodríguez. (*Aplausos.*)

Miren, como sempre, o PP confundindo nesta Cámara, confundindo e mesturando cuestións que algunhas xa están debatidas de forma reiterada, aprobadas por unanimidade e que, por tanto, non necesitan de reafirmación; todo, señora Rodríguez, para tender trampas aos grupos da oposición á hora da votación, dada a súa maioría absoluta.

O que nos trae aquí en realidade é unha proposición sobre unha actuación do Goberno central, plasmada no BOE, sobre o novo trazado da autovía Vigo-O Porriño, a A-52. O PP trae novamente a demanda ao Goberno de España de transferencia da AP-9. Non fai falta, señora Rodríguez, que o inclúan como acordo, xa que está votado. Polo tanto, deixen de facer trampas.

Falemos do que queren vostedes, dunha resolución definitiva á A-55, que está no BOE; efectivamente, é un proxecto de modificación dun trazado.

É bo lembrar que Vigo, décimo terceira cidade de España, con 300.000 habitantes, non ten conexión directa por autovía na súa entrada á cidade. É a única gran cidade que se atopa nesta situación, sufrindo unha discriminación histórica —si, señora Rodríguez— de hai moitos anos.



A autovía desde a Meseta finaliza o seu percorrido no Porriño, a máis de 20 quilómetros de Vigo. A A-55 é a estrada máis perigosa de Galicia. Unha infraestrutura negra que cumpre trinta anos, rexistra un accidente grave máis ou menos cada día e nos últimos vinte anos, señora Rodríguez, tivo máis de 3.000 feridos e preto de 20 persoas falecidas. Parece incongruente pasar décadas lamentando e denunciando os accidentes na A-55 e agora opoñerse a esta solución. ¿Non tivemos bastante xa? ¿Non era hora de facer algo? Sendo a seguridade viaria o aspecto máis importante, a incidencia económica tamén o é.

A demanda dunha conexión directa en todo o tramo entre O Porriño e Vigo é histórica, e os proxectos veñen tamén desde hai anos, recoñecendo esta necesidade. É importante dicir que a A-55 ten unha intensidade media de 64.000 vehículos diarios, con picos de 70.000.

O primeiro proxecto remóntase ao Goberno Zapatero. Pareceu, en principio, que o Goberno Rajoy continuaría, pero, polo procedemento habitual do PP, deixouno no caixón e deixou caducar este proxecto. O PP parou esta obra no 2015 e contribuíu a incrementar —si, señora Rodríguez— os accidentes e a falta de seguridade na circulación diaria. Como sempre, por moito que lle moleste ao PP, é un goberno socialista, o de Pedro Sánchez, quen retoma este proxecto.

Miren, nunha visita oficial de 2022 da ministra de Transportes entón ofreceulle ao entón presidente Feijóo este proxecto de case 400 millóns. Feijóo, nunha actitude inaudita e indigna dun presidente de comunidade autónoma, rexeita ese ofrecemento e dá unha alternativa, a que propuxo vostede, que é certamente un despropósito desde todos os puntos de vista.

Seguro que esta proposición que vostede defende hoxe aquí ten moito que ver con tapar esta vergoña de Feijóo e da estratexia do hoxe presidente Rueda de confrontar co Goberno de Pedro Sánchez sexa o tema que sexa. Menos mal que o Goberno de España continuou comprometido con esta imperiosa necesidade de Vigo e a súa contorna. Vostedes demostran que, se fora polo PP, non levarían a cabo nunca unha infraestrutura tan necesaria como esta.

Estamos ante un grande investimento que demostra o forte compromiso do Goberno de España con Galicia. É sen dúbida a obra máis importante de cantas están na planificación no Noroeste de España e moi probablemente en toda España.

E os socialistas, con valentía, señora Rodríguez, estamos a favor deste proxecto, (*Aplausos.*) pero pedímoslle algo imposible ao PP: rigorosidade e responsabilidade.

O proxecto, señora Rodríguez, como responsable política, atópase en fase de exposición pública, con todas as garantías para as administracións públicas, as empresas e os particulares, como fan todas as administracións que abordan proxectos de construción de infraestruturas, como tamén a Xunta de Galicia.

O trazado proposto é necesario, trazado tecnicamente moi estudado, e dá resposta integral cun túnel moderno de catro quilómetros, de tres carrís en ambos os sentidos, e todos os avances técnicos para solucionar o paso por este accidente orográfico inevitable na entrada sur a Vigo.



O PP propón unha alternativa que, á parte de ser inútil, saíra máis cara. Esa proposta non resolve o problema actual, obriga a un percorrido moito máis longo e nin sequera proporciona unha entrada e saída funcional en Vigo. Quen propón isto ten, señora Rodríguez, unha desorientación xeográfica absoluta, que con só observar un plano cae polo seu propio peso.

Parece mentira que dirixentes políticos que debaten sobre infraestruturas queiran agora ocultar que toda actuación, e máis nunha obra desta envergadura, sempre terá afectados, como en todas, como en todas as da Xunta; consulten o *DOG* e comprobarano. Pero tamén os que hoxe se posicionan en contra deste proxecto apelan ao interese público cando lles interesa. Nós avogamos por compaxinar o necesario interese público desta actuación con todas as garantías para os afectados, e tentar que sexan os menos posibles.

En suma, presentamos unha emenda de substitución na que, a diferenza do xogo de confusión que practica o PP, nos posicionamos sobre o proxecto coa valentía que vostede pide, e non sobre outras cuestións xa debatidas. Non é necesario que nos posicionemos sobre a AP-9, pero reafirmamos aquí, para que conste no *Diario de Sesións*, que estamos a favor. Estamos a favor deste proxecto, pero tamén instamos o Ministerio a ser rigoroso coas alegacións que se poidan presentar, para evitar, na medida do posible, os efectos que este gran proxecto poida ter sobre a Administración pública, empresas e particulares.

E, finalmente, manifestamos o noso compromiso con aqueles que se poidan ver afectados para buscar as mellores solucións, onde estarán os socialistas.

O importante da votación desta proposición do PP é quen está a favor dun proxecto, o máis importante de Galicia nestes últimos anos, e quen segue, como vostede, no pasado e, sobre todo, quen subordina os intereses de Galicia polo fin último de confrontar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: ...—conclúo— de forma permanente co Goberno de Pedro Sánchez.

É unha decisión histórica para Galicia. Non fagan, como sempre, política partidista e acepten a nosa emenda de substitución.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Alexandra Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi bo día.

Quero comezar mandando un saúdo afectuoso a todos os veciños e veciñas de Bembrive, de Mos e do Porriño tamén, que nos acompañades hoxe aquí. Coma vós, todas as que vivimos na área metropolitana de Vigo sabemos que circular pola A-55 é perigoso, que o afrontamos



con certa preocupación e temor, que as persoas que transitamos a diario ou habitualmente sabemos da perigosidade; hai un accidente diario, sendo unha das vías con maior sinistralidade, e que, a pesar de que se tomaron medidas excepcionais, como a redución da velocidade ou unha maior vixilancia de radares, o certo é que a gravidade dos accidentes é menor pero a sinistralidade segue sendo elevadísima. A súa perigosidade reside en boa medida por ter herdado un trazado zigzagueante da antiga estrada, que apenas foi desdoblada, polo que todas as pequenas actuacións en materia de seguridade son necesarias, pero non van resolver o problema.

Precisamos dunha alternativa, unha alternativa que en boa medida xa existe. Os usuarios da A-55 non só senten temor cando transitan a A-55, senón tamén carraxe, porque a AP-9 discorre exactamente en paralelo a este tramo perigosísimo, pero é prohibitiva, é un auténtico atraco para os petos. O ano pasado este tramo da AP-9, que representa —insisto— a alternativa segura á A-55, foi o tramo da AP-9 menos empregado de toda Galicia, cunha intensidade media diaria de 6.300 vehículos, mentres que os mesmos tramos da área de Vigo que non teñen peaxe son os de maior tráfico de todo o país, con máis de 60.000 vehículos diarios. A xente non se pode permitir desprazarse de forma segura, e isto é o inaceptable, que xogar a vida é gratis, mentres que a alternativa segura está privatizada.

Por tanto, o primeiro de todo é pór fin a esta infamia da estafa da AP-9 para que a xente poida escoller ir por unha vía segura dende xa, sen ter que agardar décadas a que se faga algunha infraestrutura. E tardemos máis ou menos en conseguir isto, é certo: é que a liberalización das peaxes da AP-9 vai producirse, vai ser unha realidade, o que exige traballar de cara ao futuro tendo en conta este escenario, en dous sentidos: primeiro, en mellorar a articulación da AP-9 coa rede de infraestruturas de toda a área metropolitana para que sexan máis funcionais os desprazamentos dentro da área e tamén para dar maior conectividade con outras autovías como a A-52; e, en segundo lugar, apostar por unha progresiva transformación da A-55 nese tramo perigosísimo para a súa harmonización e adecuación co contorno polo que transita. En definitiva, unha alternativa que dea resposta a estes grandes obxectivos: dar seguridade, vertebrar o territorio, planificar a sostibilidade das infraestruturas e a súa adecuación a unha realidade urbana e metropolitana.

Porén, o Goberno central, man a man co alcalde da cidade de Vigo, decidiu apostar por outra vía, obviando totalmente a existencia da AP-9 e dun escenario próximo de liberalización, na que deberían por certo estar traballando. O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible vén de someter a información pública un proxecto para construír un novo tramo da autovía 52 para conectar O Porriño con Vigo. Esta proposta non responde aos obxectivos antes citados. Primeiro, porque sería outra vez apostar por unha duplicidade de infraestruturas contraria á sustentabilidade e á racionalidade. Segundo, porque a solución proposta é moito máis deficiente en termos da articulación da área metropolitana que a solución dunha AP-9 mellorada, porque este novo tramo proposto polo ministerio discorrería entre Bembrive ata O Porriño en túnel sen posibilidade de conectarse coas restantes infraestruturas; non habería posibilidade de conectala coa AP-9, que vén dende o norte circunvalando a cidade de Vigo; non habería posibilidade de conectala coa VG-20, que circunvala a cidade cara ao sur; non habería posibilidade de conectala coa AG-57, que vén do Val Miñor; só permitiría conectar a cidade de Vigo dende a saída pola avenida de Madrid,



en concreto dende o nó de Baruxán, que desembocaría logo nese punto da A-55. E, terceiro, pola afectación evidente que ten esta infraestrutura especialmente nas zonas polas que se prevé que discorra a ceo aberto, unha afectación brutal, porque se trata de zonas altamente urbanizadas e que, ademais, teñen unhas condicións orográficas que agravan os previsibles impactos acústicos e visuais que suporía esta infraestrutura, para, alén das afeccións xa mencionadas, as augas; ademais, trátase de zonas especialmente damnificadas xa por unha alta densidade de grandes infraestruturas, esas mesmas infraestruturas coas que precisamente este proxecto non dialoga.

Todo neste proxecto rezuma falla de visión de conxunto e unha perspectiva anticuada do que teñen que ser as infraestruturas. Decía o señor Caballero que oporse a este novo trazado era voltar ás pallozas. O que si que é volver ao pasado, en concreto á peor política do desarrollismo, é licitar a construción de grandes infraestruturas sen valorar adecuadamente as alternativas e sen valorar os custos de duplicar infraestruturas. E, fronte a iso, defendemos que o futuro da área ten que pasar por unha planificación territorial e das infraestruturas actualizada, beneficiosa para todos, para as arcas públicas, para os usuarios das infraestruturas e para as persoas que habitan o territorio.

Por desgraza, este proxecto ten todos os ingredientes desa cultura urbanística caducada, tanto pola proposta en si como polos métodos para intentar aprobala, sen diálogo e falseando o estudo de alternativas, porque non hai un estudo de alternativas; as tres son a mesma, só que variando se o trazado vai un pouco máis ao norte ou un pouco máis ao sur, pero en ningún momento se contemplan solucións alternativas de menor impacto e non se ten en conta ese horizonte futuro de liberalización de peaxes na AP-9 e o seu impacto.

Por iso dende o Bloque pedimos a inmediata paralización da súa tramitación e exiximos que se inicie un novo estudo que contemple como posible alternativa unha solución baseada na liberalización das peaxes da AP-9, onde se inclúan todas esas actuacións de mellora das conexións, nomeadamente entre a AP-9 e a A-52, que permitisen lograr unha solución máis sostible e racional das infraestruturas e unha mellor articulación de toda a área metropolitana, incluíndo na nosa emenda tamén a liberalización das peaxes da AG-57, o redeseño do tramo da A-55 ou o impulso da mobilidade alternativa ao vehículo privado.

A emenda do BNG pon enriba da mesa unha alternativa real fronte a unha posición do Partido Popular que temos que dicir que resulta pouco crible, porque vostedes son cómplices desta situación. Foron vostedes os que escribiron a historia de inxustizas que fan da AP-9 unha autovía privatizada que obriga a xente a ter riscos na A-55. Se hoxe pagamos esas peaxes, é porque o Partido Popular no ano 2000 (*Aplausos.*) decidiu prorrogar vinte e cinco anos esa concesión, unha ampliación considerada ilegal pola Comisión Europea, e hoxe, en lugar de emendarse, aínda intentan darlle máis beneficio a Audasa inflando os custos dun posible rescate. Son cómplices de non ter feito nada con Rajoy en Madrid para cando menos liberar as peaxes deste tramo polo risco que supuña a A-55 para as persoas. Son cómplices porque, ao tempo que hoxe se escandalizan por este proxecto, votaban a favor no Concello de Vigo dese plan xeral onde xa se incluía esta infraestrutura. E son cómplices tamén dende o propio Goberno galego, dende a propia Xunta, cando a AGI bendiciu ese plan sen obxección ningunha, ningunha, a esta infraestrutura.



En realidade, os feitos apuntan a que o Partido Popular e o Partido Socialista teñen máis en común do que parece: política de paus nas rodas a que a AP-9 sexa totalmente gratuíta, concepción dunha rede de infraestruturas sen visión metropolitana e aceptación de que se debe construír este novo tramo da autovía tal e como defendía antonte o portavoz do Partido Popular en Vigo, co único matiz respecto do Partido Socialista de que se procurase minimizar afectacións apenas alterando lixeiramente o trazado.

De aí que a esta PNL lle falte sinceramente convicción e propostas alternativas. Agardamos que acepten a nosa emenda para melloralala e dotala de contido dunha alternativa real. Temos que dicir tamén que, en todo caso, votaremos a favor na medida en que solicita que se reabra o estudo. Mais, de non aceptar esta emenda do Bloque, tamén evidenciarán a fraqueza e a falla de credibilidade da súa posición, hoxe contraria pero tantas veces cómplice con esta infraestrutura. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto, que renuncia ao seu turno de intervención.

Entón, ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, dona María Felisa Rodríguez Carrera.

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Grazas, presidenta.

Ben, creo que non entendín mal, ¿non?, señor Font. ¿Non sería que lle chamamos accidente xeográfico? *(Aplausos.)*

E véñolle aquí dicir que isto é moi serio, e que leccións, cero. Chegou un proxecto medioambiental e construtivo. Non intenten enganar a todos os veciños que nos están a ver.

E mire, vuelle dicir unha cousa: a hemeroteca non mente: «*El Congreso apoya suprimir los peajes en la AP-9 y anular la prórroga de su concesión, con el Gobierno dividido*». Congreso dos Deputados, outubro de 2024. «*El PSOE y Vox han sido los únicos que han votado en contra.*» *(Aplausos.)*

Estamos ante un grave problema para Mos e un grave problema para Vigo, e consecuentemente para Galicia, ante unha nova autovía devastadora. E o que hoxe aquí se escoitou non axuda. Este Grupo Parlamentario Popular non vai desviar o foco. Este problema é o suficientemente importante como para ter iniciativa propia. Sería unha falta de respecto e un desprezo aos veciños de Mos e aos veciños de Vigo. É unha pena que os socialistas non sexan capaces de defender os veciños, que só estean ás ordes de Abel Caballero e ás ordes de Pedro Sánchez.

Pídolles aquí, na casa de todos os galegos e as galegas, que non lle dean a espalda á veciñanza. Señores, as plataformas están a recoller miles de alegacións ao proxecto polas graves afeccións que sustentan, miles de alegacións. Abandonen esa soberbia política, recoñezan que as palabras do alcalde de Vigo, Abel Caballero, hai uns días en prensa non



foron moi acertadas, acusando os que se opoñen a este proxecto dos posibles accidentes da A-55; literalmente, dixo: *cada persona que muera ahí es responsabilidad del que no quiere que se haga esto*. Sobran as palabras.

Señor Font, ¿quen fixo a mal chamada autovía, que sufrimos os que circulamos a diario por ela e vivimos a súa vida, que tantos accidentes acumula? Vostedes, os socialistas. A autovía 55, que vostedes construíron sendo presidente do Goberno Felipe González, ¿e quen estaba na reunión do Consello de Ministros do 18 de decembro de 1987, onde se aprobou a ocupación dos terreos afectados para a construción da A-55? Abel Caballero, como ministro de Transportes. ¿Quen é o culpable dos accidentes ata o día de hoxe?

Miren, estamos retrocedendo trinta anos. Agora o alcalde de Vigo, o señor Abel Caballero, volve querer impoñer unha nova autovía de baixa calidade, con elevados niveis de contaminación e destrozando o territorio, destrozando o monte e levando por diante mananciais de auga.

Só lles pido unha cousa: que deixen de impoñer e se deixen do ordeno e mando. Defendan Vigo, porque xa sabemos que a Mos non o van facer. Pero Mos ten un goberno forte, unha alcaldesa á fronte que considera que os intereses dos veciños están por riba de todo; deberían de copiala.

Pero ¿non lles importa a vostedes Bembrive, unha parroquia de Vigo? ¿Realmente non lles importa o problema que esta autovía lles vai causar aos veciños de Bembrive e pode ser evitable? ¿Por que ocultan claramente a saturación que vai ter a avenida de Madrid, que vai ter o Seminario? Ao Seminario de Vigo van chegar diariamente 60.000 vehículos lixeiros e pesados....

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Carrera.

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Remato, presidenta.

Porque non creo que os vaian mandar de volta para o nó de Puxeiros, catro quilómetros arriba.

Miren, non sei se é ocultismo ou non é ocultismo, pero están a tempo. Apoien esta iniciativa, e, se non é así, estarán apoiando un trazado devastador a unha nova autovía, A-52, que non vai solucionar o problema existente na A-55.

Remato xa, presidenta.

Necesitamos unha solución de futuro. Apoien a transferencia a Galicia da titularidade da AP-9, xa acordada nesta Cámara, apoiem a liberación da peaxe da AP-9, apoiem a paralización do proxecto da A-52 e apoiem de forma inmediata a liberación da peaxe no tramo Vigo-O Porriño.

Miren, señorías...,



A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Sobre as emendas?

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: ...se queren unha alternativa eficaz ao tráfico da A-55, xa existe; está sen aproveitar; liberen a peaxe do tramo Vigo-O Porriño, pero de inmediato, non temos tempo que esperar.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Sobre as emendas?

(*A señora Rodríguez Carrera pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non acepta as emendas.

Moitas grazas.

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematado o debate, imos proceder á votación.

Rogo aos servizos da Cámara que pechen as portas.

Comezamos coa votación das proposicións non de lei, pola enumerada na orde do día co punto 5.1, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados e deputadas máis.

A esta proposición presentárase unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que foi aceptada. ¿É así? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois votamos a proposición coa emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Recordo a delegación de voto —por se a alguén non lle saen os números—, que cando son todos unánimes pois aflora dunha maneira máis clara.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que explique e remita ao Parlamento a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Seguinte iniciativa, a punto 2, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de don Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados e deputadas máis.

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a exixencia dun compromiso á Xunta de Galicia, así como o traslado ao Goberno central, en favor de medidas orientadas á repotenciación dos parques eólicos antigos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos. E agora votamos a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados e deputadas máis.

Infórmame o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista como engádega.

(O señor Pazos Couñago pide o uso da palabra.)

Pide a palabra o señor Pazos. ¿Para que quere a palabra, señor Pazos?

O señor PAZOS COUÑAGO: Para reiterar a petición que fixemos durante o debate de que se voten separadamente o punto 2 e 3 da iniciativa, como pedimos nós e algún grupo máis.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Acepta o Bloque Nacionalista a votación separada? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non a acepta. Por conseguinte, votamos a iniciativa coa engádega do... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Acepta o Grupo Parlamentario Socialista que a súa emenda sexa trasladada á engádega.

Votamos entón...

(A señora Longueira Castro pide o uso da palabra.)

Déanlle a palabra á señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Aceptamos a votación por puntos. *(Murmurios.)*



A señora PRESIDENTA (Candia López): Si, pero iso non o pode dicir vostede, que a iniciativa é do Bloque.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Aceptamos a votación por puntos pero non como engádegas, senón como substitución.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, pois entón votamos o texto inicial do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que rexeitou a votación por puntos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de o Parlamento de Galicia apoiar a celebración do Ano Castelao en 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 38; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Votamos a seguinte, que tivo obxecto de debate conxunto pero que se vota separadamente, a 5.4, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da garantía dunha xestión pública e directa do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa votación da iniciativa enumerada co punto 5.6, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, formulada por dona Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados e deputadas máis. *(Pronúnciense palabras que non se perciben.)* Non. Alteramos porque votamos seguidas estas dúas.

Non se presentaron emendas.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de garantir unha xestión pública e directa no futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): E, agora si, votamos a enumerada no apartado 5º, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de dona María Felisa Rodríguez Carrera e dezaseis deputados e deputadas máis.

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e dezaseis deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da transferencia da AP-9, o novo trazado para a A-52, a seguridade viaria na A-55 e a interlocución con todos os concellos afectados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; votos en contra, 9; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día e avanzamos no apartado de interpelacións.

Poden abrir as portas.

Comezamos coa interpelación do señor don Xosé Luís Bará Torres e dous deputados e deputadas máis. (*Murmurios.*)

Prego silencio, por favor.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, por tempo de dez minutos, ten a palabra, por parte do Bloque Nacionalista Galego, o señor Xosé Luís Bará Torres. (*Murmurios.*)



Espere, se quere, un ratiño a que...

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señora conselleira, cincuenta días despois do previsto, está vostede neste Parlamento para responder á interpelación do BNG. E quero comezar ofrecéndolle unha cita —non é unha cita literaria, é unha cita administrativa— dun *DOG*, que di exactamente así: «A actual lista de lugares de importancia comunitaria en Galiza foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea. É urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega e así dar cumprimento ao mandato da Comisión». Esta cita corresponde ao *DOG* do 2 de xaneiro do ano 2012, señora conselleira. Van alá máis de doce anos e está sen cumprir o que era urxente en xaneiro do ano 2012. E, curiosamente, dous días despois, o *DOG* volve facer unha publicación que ten que ver con este tema, e é a destitución do conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, que foi o que promoveu esta ampliación da Rede Natura. E isto déixanos unha conclusión moi fácil: quen pretenda ampliar a Rede Natura desde a Xunta de Galicia xa sabe o que lle vai pasar: *kaput*, como lle pasou a Samuel Juárez, que acabou, tempo despois, desterrado na embaixada española en Pequín.

E imos ver algúns detalles desta proposta, que ademais está publicada en parte en documentos oficiais da Xunta de Galiza, que recoñece, por exemplo, que Galiza está á cola do Estado e de Europa en protección da Rede Natura, co 12 por cento; era a terceira pola cola no ano 2011. E este documento prevía que coa ampliación desas 147.000 hectáreas que estaban previstas no 2012 Galiza tivese unha protección do 15,2 por cento e estivese case na media europea, pero iso —como sabemos— non se produciu.

Nesta proposta de 147.000 hectáreas incluíase a ampliación dalgunhas zonas de conservación, como por exemplo a da serra do Careón —que teño aquí, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) señora conselleira; hai aquí unha zona que imos falar despois dela, porque ten moita enxundia para os efectos de debates que están agora sobre a mesa—. E tamén propoñía, por exemplo, declarar Rede Natura espazos como as brañas do Deo, que están sometidas a un proceso constante de degradación; ou a serra do Suído, tamén ameazada por numerosos proxectos.

Pois ben, todos estes espazos, estas 147.000 hectáreas que tiñan altos valores naturais, quedaron sen protección. E a pregunta que nos podemos facer é: ¿por que? E voulle dicir eu por que: pola presión dos *lobbys* económicos —do *lobby* forestal, do *lobby* eólico e do *lobby* mineiro—, que son os que ditan a política ambiental da Xunta de Galiza, señora conselleira. (*Aplausos.*)

E, se non quedase claro, voulle ler outra cita, que é de febreiro do ano 2012, da Cámara Mineira: «A ampliación da Rede Natura porá en risco como mínimo 1.000 empregos directos e 3.000 indirectos de 61 explotacións». Ben, dando por feito que estes cálculos dos empregos directos e indirectos da Cámara Mineira teñan fiabilidade, pero aquí está unha das claves: presión da Cámara Mineira para que non se fixese esa ampliación. E tamén polo conflito naquel momento co *lobby* eólico, señora conselleira, porque vostedes na Lei de acompañamento do ano 2012 incluíron unha disposición transitoria quinta da Lei do sector



eólico que dicía que «o anuncio da exposición pública da proposta da ampliación da Rede Natura determinará por si mesmo a suspensión do procedemento da utilización dos parques eólicos que se sitúan en todo ou en parte no ámbito territorial obxecto de ampliación». É dicir, que vostedes, en vez de paralizar os parques eólicos previstos nestas zonas de ampliación da Rede Natura, paralizaron a ampliación da Rede Natura, obedecendo aos intereses destas grandes empresas enerxéticas que lle ditan a política ambiental á Xunta do Partido Popular. Se non é prevaricación, pasou rozando o poste.

Miren, nos últimos oito anos cando menos vostedes aprobaron no Parlamento a proposta de ampliación da Rede Natura; fixérono no ano 2017 e no ano 2021. E no ano 2021, en resposta parlamentaria —este é o nivel que lles dan vostedes de respecto ás respostas parlamentarias—, o 14.01.2021 —pasaron, polo tanto, catro anos— diciánnos que «nesta lexislatura elaborárase unha nova proposta de declaración de lugares de interese comunitario ou a ampliación das zonas de especial conservación», facendo referencia ás matogueiras e ás turbeiras; e vostedes nesa lexislatura 2020-2024 non fixeron nada.

Nisto vese claro que vostedes, en primeiro lugar, non teñen palabra, non teñen credibilidade e non teñen vergoña. Porque, se tivesen un mínimo de vergoña, virían aquí dar explicacións e desculpase por estes incumprimentos.

Ademais, vostedes contrataron cando menos dous servizos técnicos, dous contratos, coa Universidade de Santiago, sobre medidas de conservación para os hábitats de matogueiras, e tamén para os hábitats de turbeiras acedas, turbeiras calcarias e paraturbosos, que son os espazos naturais dos máis valiosos que hai no noso país e no mundo. E tendo estes estudos técnicos —técnicos, feitos pola Universidade de Santiago—, vostedes néganse a aplicalos e néganse a protexer eses espazos. E isto é moi grave, señora conselleira, e pode dar lugar —fíxese o que lle digo— a responsabilidades por prevaricación ambiental, porque, sendo conscientes dos valores naturais, con documentos técnicos contratados por vostedes, non os protexeron, e sabemos por que foi isto. E, ademais, vostedes, no documento do Marco da acción prioritaria da Rede Natura para o ano 2021-2027, dixeron e puxeron aí que ían protexer as turbeiras e as breixeiras, e aínda estamos esperando, e dixeron vostedes tamén que ían protexer as especies ameazadas, entre elas a ampliación da Rede Natura serra do Careón e sobreirais do Arnego, para incluír as poboacións do mexillón de río inventariadas durante o proxecto LIFE Margal-Ulla. Puxeron este compromiso neste documento que enviaron a Europa. ¿E sabe vostede como van protexer estes espazos naturais do río Ulla? Pois coa macrocelulosa de Altri, que vai verter 30.000 metros cúbicos contaminados neses espazos que vostedes din que hai que protexer. (*Aplausos.*)

É dicir, que teñen estudos técnicos que din que hai protexer esas especies e non o están facendo. E teñen ademais documentos técnicos que din que a zona onde vai Altri é unha zona da ampliación da Rede Natura porque ten especies e hábitats prioritarios, e non os protexen. E mesmo no documento do Plan director da Rede Natura (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) vostedes incluíron esa mesma zona onde teñen previsto instalar Altri como unha zona de altos valores naturais, de hábitats prioritarios lindantes coa Rede Natura, e, a pesar diso, di vostede que fixeron un informe favorable no Servizo de Protección Natural. Pois explique como pode ser isto, porque a nós desde logo non nos cadra.



Miren, vostedes enchen a boca, din protexer o medio ambiente pero en realidade son un perigo público, un PP que é un perigo público para a biodiversidade. Vostedes utilizan moito o márketing verde, a maquillaxe verde, pero teñen claro a quen obedecen; obedecen a eses *lobbys*, a eses grandes grupos económicos que ditan a política ambiental da Xunta de Galiza, e vostedes desobedecen de maneira consciente e de maneira reiterada os mandatos da Comisión Europea, que lles di que hai que protexer todos eses espazos.

E remato xa, señora conselleira, dicíndolles unha cousa: vostedes teñen a obriga de protexer a biodiversidade e non o están facendo, non o están facendo. Iso é un delito, un atentado contra o medio ambiente. E por iso lle fago unha pregunta concreta, e quero tamén unha resposta clara, concreta e directa: ¿cando, onde e como van ampliar a Rede Natura 2000, que teñen a obriga de protexer? ¿Que zonas de especial conservación van ampliar? ¿Que lugares de importancia comunitaria van propoñer nesa ampliación?

Quero, por favor, señora conselleira, unha resposta concreta: ¿de que lado están vostedes? ¿Están do lado do patrimonio natural ou da biodiversidade e da xente deste país ou están do lado deses grandes grupos económicos que queren espoliar os nosos recursos e non queren de ningunha maneira que se protexa a Rede Natura 2000?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días.

Señor Bará, preguntábame vostede de que lado estamos ou de que lado estou. Estou do lado de Galicia, estou do lado da lei e estou do lado da liberdade. E a verdade, primeiro período de sesións, a miña intención era tenderlle a man para traballar en conxunto e ir coa verdade por diante, porque sería mellor para todos os galegos e as galegas, pero creo que isto é misión imposible. Sendo misión imposible, de todas as formas eu téndolle a man para que isto sexa así.

Cando vostede me fala de *lobby* eólico, supoño que se refire a ese Bipartito onde gobernaban vostedes e autorizaban os eólicos en Rede Natura. Supoño que se refire tamén a ese momento onde as eléctricas non pagaban nin un só imposto. Ese é o *lobby* que tiñan cando vostedes gobernaban. E, fronte a iso, o que hai é un control exhaustivo, hai un ditame de Europa que di que a eólica, a enerxía verde é un ben público superior polo ben da saúde das persoas, e iso é o que nós obedecemos, pero tamén lles exiximos ás eléctricas que invistan no territorio, exixímoslles a repotenciación, para mellorar o noso espazo, e mentres vostedes están de brazos cruzados, crítica tras crítica, sen dar ningún paso á fronte. (*Aplausos.*)



Señor Bará, protexer Galicia non é só Rede Natura, e vostede sábeo perfectamente, pero, ben, con poucas ganas de traballar comezan e entón o que fan é un *remix*. Cando me di vostede que cincuenta días despois, sabe perfectamente que se xustificou, porque había unha viaxe institucional programada a Europa, e ademais era pública.

Pero hoxe estou aquí, efectivamente, para responderlle, dicirle que é o que estamos facendo, dende o rigor e dende a verdade, sempre por diante cunha premisa, que é a deste goberno, que paso a continuación a detallarlle, que é protexer Galicia. E agardo que coa información que lle vou achegar quede clara dunha vez por todas a importancia que ten para o Goberno autonómico a protección e a conservación do noso medio natural.

Pero tamén quero que quede claro que Galicia ten 355.000 hectáreas que están en Rede Natura. Trátase do 12 por cento do territorio. Vai dende o litoral ata a alta montaña, e máis que temos aínda por contabilizar cando ese goberno do que vostedes forman parte, e que aínda están dando voltas para trasladarnos os medios, tanto persoais como materiais, xa poidamos dicir que somos plenamente competentes de xestión desas 30 millas do litoral, onde tamén hai máis Rede Natura.

Pero agora céntrome no que temos, e quero dicirles, ademais, que nas rexións atlánticas de toda Europa o tanto por cento de territorio baixo unha figura de Rede Natura está entre o 10 por cento e o 15 por cento, e no caso de Galicia estamos no 12 por cento. Por debaixo de nós, señor Bará, está Francia, está Suecia, está Dinamarca; iso por poñer algún exemplo.

Pero, non sendo a excepción, tamén lles direi que once comunidades autónomas de España están por debaixo dese 12 por cento. O que está claro e o que teño que dicirles é que o alto nivel de protección da biodiversidade lévanos a que haxa instrumentos nos cales Galicia ten o 42 por cento do seu territorio galego amparado baixo algunha figura de protección, señor Bará, e sábeo. Son 6 parques naturais e 1 nacional, son 7 reservas da biosfera, son 6 humidais protexidos, son 8 monumentos naturais, son 2 paisaxes protexidas, son 12 ENIL e 2 EPIN, son 59 ZEC, son 16 ZEPA, son 2 xeoparques mundiais.

Penso que somos bastante ambiciosos, pero é máis: non nos conformamos, e este ano xa lle anuncio que comezaremos os trámites para que Galicia teña a oitava reserva da biosfera. (*Aplausos.*) Coa súa creación, Galicia vai chegar a 1,2 millóns de hectáreas protexidas, polo que a metade do territorio vai estar baixo algunha figura de protección. Terá o seu núcleo no parque nacional das Illas Atlánticas, e irá dende Porto do Son ata Baiona. Somos, polo tanto, un referente natural, señor Bará. Recoñécennos a nivel nacional e internacional, pero hai alguén que quere seguir desprezando Galicia, e ese é o BNG.

Para acadar este recoñecemento, hai un traballo, un traballo que non é meu, un traballo que vén de atrás, un traballo de moitos galegos e galegas, e sobre todo o que hai é moita planificación. Unha previsión que nos leva nestes momentos a estar centrados na elaboración de plans específicos de xestión para os espazos de Rede Natura 2000, para cada zona de especial conservación, e cada zona de especial conservación para aves, as ZEPA, de acordo co establecido con Europa. Isto é o que nos pide Europa, e nós imos obedecer o mandato de Europa, e facémolo, ademais, por propio convencemento.



É unha información que sabe vostede, porque xa lla facilitou a directora de Patrimonio Natural na comisión o pasado xoves. Estamos traballando nestes intres no deseño dos plans específicos de xestión das 59 ZEC e as 16 ZEPA incluídos na nosa Rede Natura, tal e como marca Europa, e cumprindo co acordado na última reunión que se levou a cabo da Comisión Europea de Medio Ambiente, Clima e Seguridade Alimentaria, celebrada o pasado mes de xuño en Madrid.

Na dita xuntanza, na que estiveron representadas todas as comunidades autónomas e os ministerios, xunto cos representantes europeos, non se tratou —e vouno dicir ben claro— en ningún momento nin se fixo ningún requirimento á necesidade da ampliación de Rede Natura 2000 en Galicia. Esa é a verdade, esa é a única verdade, señor Bará, pero comezan outra vez o ano coas súas mentiras. *(Aplausos.)*

Pola contra, si que se nos fixo un requirimento a todas as comunidades, e ese requirimento lévanos a adquirir un compromiso, e o compromiso é que teremos elaborados todos os plans de xestión específicos para cada zona de Rede Natura como data tope no ano 2027. Galicia, señor Bará, vainos ter rematados no ano 2026. E nisto estamos traballando, non agora, senón que isto vén cunha planificación que parte de atrás, isto vén cun orzamento de preto de 1 millón de euros.

Detállolle, ademais, que hai un traballo principal que foi ese plan director, que por certo é un moi bo documento, que non quita que teña que ser completado e actualizado, con anexos que recollan as medidas específicas de xestión en cada unha das zonas. Estes documentos, polo tanto, señor Bará, recollerán obxectivos e medidas concretas de conservación.

E estamos, ademais, a deseñar sistemas de seguimento, levando a cabo unha análise de medidas de conservación precisas por distintas clases de especies e de hábitats, e dentro deses hábitats, señor Bará, están as turbeiras, as matogueiras, as queirugas, as augas, os cantís, as costeiras, as marismas ou as dunas. Non se preocupe pola prevaricación deste goberno, preocúpese por ser vostede un pouco máis honesto con Galicia e trasladarlles a verdade aos galegos.

En consecuencia, as actuacións para dar cumprimento ao artigo 6 da Directiva 9/2743 están moi avanzados e a súa finalización está prevista antes da data que nos marca Europa.

A Xunta, en resumo, está traballando dende hai moito tempo, e a Xunta cumpre, cumpre, señor Bará, coas obrigas referentes á designación de ZEC, destacando que a nosa comunidade ten rematado xa ese proceso de declaración para todos os espazos de Rede Natura. Non o digo eu, dío o Goberno central, e vostedes, que cogobernan con eles, tamén deberían de sabelo.

E é máis: é que Galicia nin tivo nin ten neste momento ningún procedemento de infracción no relativo á superficie da nosa comunidade cunha figura que é a figura da Rede Natura. Polo tanto, eu quero trasladarlle esa tranquilidade, porque debe ser tamén a tranquilidade que vostede debe de trasladar ao resto da sociedade. Trasládoo eu e trasládao o Goberno central.



Lémbrolle, ademais, señor Bará, que hai un traballo inmenso feito, e ese traballo pois vai dende os plans reitores de usos e xestión de todos os parques naturais, incluído o parque nacional, pasando pois polos plans específicos de xestión en monumentos naturais, como é a serra de Pena Corneira, a carballa da Rocha ou a praia das Catedrais, o souto da Retorta, as fragas de Catasós, que teñen ese plan de xestión, e por suposto desta forma podemos dicir que, dos oito monumentos naturais, cinco xa contan con plan de xestión, e nestes momentos estamos a tramitar o correspondente á costa de Dexo, en Oleiros, que está agora en exposición, e ao que poden vostedes contribuír, ao igual que proximamente iniciaremos a elaboración do do souto de Rozavales, en Manzaneda, e o pregamento xeolóxico...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...de Campodola e Leixazós, na serra do Courel; por suposto, tamén das dúas paisaxes protexidas como é o caso dos penedos de Pasarela e Traba e do val do río Navea.

Esta é a situación de Galicia, señor Bará. Créame que a vostede lle gustaría que non fora así, pero, se alguén protexe o noso territorio, esa é a actual Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, falou vostede aquí de todo menos do que lle pedín, menos dar unha resposta clara e concreta de cando, como e onde van ampliar a Rede Natura. Isto é o que lle preguntabamos, señora conselleira, e vostede non respondeu.

E o que non se pode tampouco é vir aquí mentir, mentir en sede parlamentaria, como fixo vostede. Non é certo que haxa once comunidades que teñan menos porcentaxe de superficie protexida que Galiza. Galiza é a última do Estado, co 12 por cento; non hai ningunha que teña menos do 12 por cento protexido. Mentiu vostede en sede parlamentaria e pídlle unha rectificación, señora conselleira. *(Aplausos.)* Está aquí o documento oficial *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* que demostra isto, que lle podo deixar se fai falta.

E claro, vén agora presumir vostede de que van facer os plans de xestión de cada un dos espazos da Rede Natura. Se hai un procedemento de infracción xa do ano 2015 que obrigaba o Reino de España a facer eses plans de xestión, e vostedes non os fixeron, e vén agora presumir, case dez anos despois, de que van facer algo que tiñan que facer xa en 2015, en 2014, cando fixeron o plan director. Pois non nos vale, señora conselleira. *Tarde me lo fiáis.*

E claro, di vostede que a enerxía eólica é un ben de interese superior, que o di a Comisión Europea. Efectivamente, di iso, pero vostede non conta a segunda parte: garantindo a protección do medio da saúde das persoas, cousa que vostedes non están facendo. Señora conselleira, tamén di iso e vostedes non o están facendo.



Di vostede que vén aquí defender o rigor, a liberdade e a verdade. Pois mire, voulle dicir como fan vostedes as avaliacións ambientais. Como as fixeron, por exemplo, na Rede Natura no caso da serra do Oribio, que permitiron unha declaración ambiental favorable caducada do ano 2005, que permitiu a destrución da grande parte deste espazo. Así é como protexen a Rede Natura, que está protexida nos parques eólicos desde que o Goberno do BNG no Bipartito o fixo no ano 2007, señora conselleira. Non nos veña aquí contar milongas. *(Aplausos.)*

E dígolle como fai as tramitacións tan rigorosas o Partido Popular, e tamén llo digo cunha cita dunha declaración que fixo un alcalde do Partido Popular, o alcalde da Pastoriza, o señor Darío Cabaneiro, ao que lle preguntan: ¿que o levou a presentarse á alcaldía? E di el: «os eólicos. Vin que había unha problemática grande cos novos parques proxectados e ao reclamar a miña presenza desde o partido aceptei sempre e cando se me axudase a solucionalo, e parece que así se está facendo» —*fin de la cita*—. Vostedes actúan ao servizo de intereses particulares, das grandes empresas, *(Aplausos.)* castigando os intereses do país e prexudicando os intereses da xente e desprotexendo os espazos naturais protexidos. Quedounos claro que non van mover nada porque van seguir favorecendo as eólicas, as mineiras e as pasteiras, e a Altri, está claro, na Ulla.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten novamente a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señor Bará, non teño nada que rectificar porque eu non minto; vostede si. Non ten aberto ningún expediente esta comunidade autónoma en relación coa Rede Natura. *(Aplausos.)* Esa é a realidade. A partir de aí, deixen traballar.

Pero ¿como pode vir vostede aquí unha e mil veces falar de DIA e de como se realizan as DIA? Eu si que lle podoo dicir como se fan. Dende o ano 2020 emitíronse 111 DIA favorables e 62 DIA negativas. ¿Que quere dicir? ¿Que foi pola súa presión? ¿Quere dicir que aquí os técnicos fan o que lles dá a gana? Un pouco de rigor e deixen traballar, que teñen o persoal amedrentado, cando non é por unhas cousas é por outras. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Vostedes, vostedes. E cando non o fan vostedes, utilizan os seus secuaces. Deixen de ameazar os funcionarios, incluso nas alegacións. *(Aplausos.)* É fortísimo o que está acontecendo neste momento, única e exclusivamente por algo que se chama BNG, por ter un oquiño máis amplo.

Mire, eu non sei se vai saír Altri ou non... *(Murmurios.)* Sábeo vostede. É que vostedes xa sabían que ía saír a DIA no Nadal, é que lles encantaría que saíra a DIA no Nadal. E sabían —dicían vostedes— de primeira man, porque así acusarían unha vez máis o PP de escurantismo, porque se fai nun momento onde a xente non se ía enterar de nada. ¡Que présa teñen vostedes, señor Bará! Pero ¿por que están tan nerviosos? *(Aplausos.)* Eu estou moi



tranquila. ¿E sabe por que estou moi tranquila? Primeiro, porque me fío dos técnicos, que son funcionarios, que poden estar con vostedes ou poden estar comigo; segundo, porque toman o tempo necesario, o tempo que necesiten para facer as avaliacións correspondentes; e, terceiro, porque nós non nos dedicamos nin a mandar correos nin a facer alegacións, nin a amedrentar o persoal para que se poñan nerviosos e incluso que deixen de durmir de noite porque están agardando a reacción de vostedes e duns cantos para acabar no xulgado; e diso vostedes saben moito.

Polo tanto, rigor, rigor e ser moi estritos co medio ambiente; e, a partir de aí, tranquilidade e non nerviosismo, que é o que vexo que teñen vostedes agora mesmo. Sexan responsables e transmítanlle á cidadanía esa información veraz. Aquí os que informan son dende sanitarios a químicos, pasando por enxeñeiros, por persoal que é máis que competente; é un centenar de persoas que traballan no proxecto que tanto a vostedes lles gusta ou non gusta, porque primeiro gustou e despois das eleccións deixou de gustar tanto, e con ese e con moitos máis. É que vostedes fixeron moitas máis DIA favorables de eólicos cando gobernaron que as que fai o Partido Popular, que as que fai o Goberno do Partido Popular. Esa é a realidade, señor Bará, non hai outra.

E por suposto que nós velamos, igual que vela Europa, pola saúde das persoas, porque hai que diminuír as emisións, e o xeito de diminuír as emisións é optar pola enerxía verde e limpa. E vostedes o que están intentando facer, e que conseguiron paralizar durante un tempo, é que se sigan emitindo 2,5 millóns de toneladas de CO₂ polos parques que están paralizados neste momento.

Dito isto, señor Bará, eu contesteille os plans de cada unha das zonas. As ZEPA estarán antes do ano 2027, que é o que nos pedía Europa, ano 2027; Galicia vainos ter no ano 2026. Por outro lado, tamén lle digo: é que imos chegar ao 50 por cento do territorio galego baixo algunha figura de protección. Sei que a vostede só lle gusta a Rede Natura, pero vaian ampliando a mente, vaian ampliando as DIA, imos pola oitava reserva da biosfera; esa figura parece que non lles gusta tanto. Gústalle a Europa, gusta a nivel mundial e gústanos a Galicia, porque é o mellor, é marca, é unha marca onde se convive pero onde tamén se protexe o noso territorio.

Polo tanto, eu creo que hai exemplos, e dentro deses exemplos está a nosa infraestrutura verde, que somos a primeira comunidade autónoma en aprobala, que agardamos polo Goberno central, porque debería de ser o que abra o camiño, e non o fixo; e vostedes seguen cogobernando e tampouco llo están exixindo; a nosa vai saír publicada o 10 de febreiro. E, polo tanto, son avances moi importantes que é bo poñer en valor.

Pero, dende logo, se algo temos que poñer en valor, señor Bará, é o rigor co cal estamos traballando e o respecto que temos co medio ambiente, un respecto que ademais, tal e como nos amparou o Constitucional, ten que velar polos tres eidos: o medioambiental, o social e tamén o económico.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.



Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, e por tempo de dez minutos, ten a palabra dona Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi bos días, señorías.

Conselleira, mire, no pasado mes de decembro levabamos unha pregunta á Comisión 7^a para saber se tiña previsto a Xunta de Galicia crear un foro de escoita activa e poñer tamén en marcha o Observatorio do Leite, co fin de escoitar, señora conselleira, e con iso garantir a supervivencia das explotacións gandeiras de Galicia. Un punto de encontro periódico, iso si, no que escoitar, atender e materializar as demandas do sector, que ademais isto non lle supón ningún custo á Administración. Trátase simplemente de vontade política, para contribuír á mellora dun sector tremendamente necesario na economía galega, pero tamén no contorno do medio rural, para preservar e conservar ese contorno que tanto nos enorgullece.

Pois ben, o director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria despachoume cun: dende o ano 2007, que se creou o Observatorio Lácteo de Galicia, téñense realizado distintas reunións. Só faltaría que o Goberno da Xunta en dezaseis anos non tivera falado nin unha soa vez co sector. E trasladábame tamén que se elaboraron distintos estudos de todo tipo, pero a realidade é que non vale de nada estudar se ese coñecemento non ten retorno. Os ditos estudos non melloraron para nada a situación do sector lácteo, porque estamos nun constante *déjà vu*.

Espero que vostede, conselleira, me conteste se teñen pensado crear ese foro que nós denominamos co nome da Mesa do Leite —que o nome é o de menos, pódeno rebautizar se queren, para boa gloria do Goberno galego—, pero do que se trata é de dar resposta ao sector.

Mire, España —e xa o temos comentado en distintas ocasións— é un país deficitario en produción de leite; é dicir, producimos menos leite do que consumimos. É iso é o principal motivo polo que non se entende que os prezos sexan historicamente dos máis baixos en comparación cos principais países europeos. E tampouco se entende que a industria non remunere de forma xusta os nosos produtores, para protexer o sector, garantindo tamén así a supervivencia do mesmo, pero, en definitiva, tamén están garantindo a supervivencia da propia industria galega, a súa propia supervivencia.

A reivindicación é básica, é dicir, prezos xustos. ¿Que é o que queremos? Cubrir os custos de produción, velar polo cumprimento da Lei da cadea alimentaria e que os gandeiros e as gandeiras non só estean preocupados para ver se poden non ir a perda cubrindo os custos



de produción, senón que teñan un lexítimo beneficio para poder vivir dignamente; ese beneficio lexítimo industrial como ten calquera outro negocio, xa que ninguén traballa para cubrir os custos de produción, trabállase para vivir dignamente do seu traballo.

Por iso, é imprescindible que se cumpra —como dicía— coa Lei da cadea alimentaria, para garantir a supervivencia das explotacións. Porque mire, conselleira, os datos son tremendos, despois chámanos vostede alarmistas, pero os datos están aí e falan por si sós, e son preocupantes. Cada ano desaparecen en Galicia máis de 350 explotacións de leite. Poderíamos dicir que case se pecha unha explotación por día. E detrás dunha explotación hai persoas, familias, que viven no rural, que ademais están espalladas por todo o territorio e que fan a conservación do mesmo. Por iso falaba ao principio desa conservación do medio rural e de que ademais están incluso facendo outros labores.

E no día de hoxe quedan 5.284 explotacións de leite en Galicia, con entrega de leite, o que representa o 56,52 por cento do total das explotacións de España, cunha produción total de 3 millóns de toneladas de leite. Isto no exercicio do ano 2024. Isto supón que o 41,3 por cento do leite producido en España se produce en Galicia, seguido ben de lonxe da seguinte comunidade autónoma, que sería Castela e León, cun 12,4 por cento. Calquera das outras comunidades autónomas que tivesen o sector que temos nós, como está no día de hoxe o sector do leite, teríao *en palmitas*, sería como a galiña dos ovos de ouro.

Hai que recordar tamén que ese modelo de explotacións que temos no rural, esas pequenas explotacións, contribúen a xerar riqueza nas comarcas onde se asentan, que asentan a poboación no rural. Porque cada vez que se pecha unha desas 350 explotacións, unha case por día, vai aparellada tamén esa perda de poboación. E, como dicía, tamén contribúen a manter esa contorna, esa paisaxe verde, coidada e, polo tanto, tamén inciden de forma directa na prevención de lumes. No día de hoxe, conselleira, hai máis superficie de terra abandonada, case chega ao trinta por cento, que de superficie agraria, que apenas supera o vinte e tres por cento. Algo mal estamos a facer aquí en Galicia.

Por iso, con todo isto, señora conselleira, ¿non cree que merece a pena escoitalos de forma periódica? E fíxese que non lle digo nin cal ten que ser a periodicidade; que poden ser dúas, tres, catro reunións ao ano e alí poder traballar, que lle trasladen as súas necesidades, as súas preocupacións e as propostas. Porque, ademais, se os escoita, conselleira, van sempre con esa parte propositiva de buscar acordos e de chegar a consensos entre as partes.

E, mire, nos próximos meses vanse renovar o noventa por cento dos contratos de leite en Galicia. E as ditas negociacións van condicionar todo o ano 2025, van condicionalo de todas as explotacións. E Galicia, como xa dixemos, é a comunidade que máis leite produce, un 41,3 por cento. É a que ten máis gandeiros, que ademais son persoas que queren seguir apostando por vivir no rural e por vivir do rural. As renovacións dos contratos de compra ás explotacións leiteiras galegas do ano pasado chegaron con malas novas, porque tiveron unha baixada entre dous e catro céntimos por litro, dependendo da empresa. Polo tanto, estamos nun momento onde é crucial que tamén a Administración actúe para garantirles eses prezos, porque ben sabe que ningún gandeiro de forma individual ten a capacidade para negociar o seu contrato. E todos sabemos como os contratos dunha industria son todos iguais e non



atenden a individualidades. E, como xa teño comentado nalgunha ocasión, temos que escoitar por parte dos gandeiros como se lles di esta premisa de «ou firmas este contrato que che poño na mesa ou non che recollo». Esta segue sendo outra máxima que teñen enriba.

Mire, os gandeiros galegos cobran catro céntimos menos que a media de España, a pesar de ter o leite de maior calidade. E, se o comparamos con Asturias, chega ata seis céntimos menos. A escusa é que aquí en Galicia os custos de produción teoricamente son menores debido á súa climatoloxía. Claro, é que Asturias, como ten un clima tropical, págase a seis céntimos máis... Porque, entre Asturias e Galicia, a verdade é que hai moitas similitudes. Esa merma no prezo do leite supón que os gandeiros galegos deixaron de cobrar —o dato, jeh!—, 127,5 millóns de euros ao ano polo feito de ser galegos, a pesar de ter mellor produto. Pero, por ese feito, deixan de cobrar 127,5 millóns de euros ao ano.

O principal gasto das explotacións, o custo da alimentación, pode chegar a un setenta por cento do total. Incluso este ano pasado, con incidencias climatolóxicas como puido ser o Kirk... Que, por certo, tamén lle pedimos que habilitase algunha liña de axudas para poder facerlle fronte a eses custos que se viron moi incrementados e a resposta foi nula por parte da Xunta de Galicia. E tampouco fixo nada a ese respecto, como dicía.

Mire, señora conselleira, sobran os motivos. Polo tanto, non se entende algo que non ten custo, algo que non lle supón máis aló da vontade política como crear ese foro de escoita activa, ese foro onde se plantexen problemas, solucións e propostas. Esperemos que nos dea, que me dea agora na súa intervención esa noticia positiva de que se creará esa mesa do leite ou como queiran rebautizala, para escoitar os gandeiros e as gandeiras do noso país e, sobre todo, para buscar solucións ás distintas problemáticas e necesidades que teñen.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidenta da Mesa, deputados, deputadas, moitas grazas e bo día.

Estou de acordo con moitas das cousas que dixo aquí, señora Méndez. A importancia do sector do leite en Galicia é incuestionable. Se o medimos en parámetros económicos, representa o 1,5 por cento do PIB galego. Xera uns ingresos anuais de máis de mil cincocentos millóns de euros. Pero non queda aí, a súa relevancia vai moito máis alá, ben o dixo vostede. Contribúe a fixar poboación no rural, contribúe ao mantemento da superficie agraria e desa paisaxe en mosaico que tanto caracteriza Galicia. Tamén xera un importantísimo número de postos de traballo directos e indirectos. Contribúe a consolidar a imaxe de garantía e calidade dos produtos de Galicia e o seu prestixio nacional e internacional é incuestionable.



Nos últimos anos o eido do leite experimentou unha evolución vertixinosa: pasamos de ser unha economía de subsistencia a unha potencia leiteira. Ben o dixo vostede. O segundo produtor está ao doce por cento da produción, cando nós achegámonos ao cincuenta nesta pequena rexión de España. Somos os principais produtores de España con moito, pero somos a sétima rexión en Europa.

Partindo desta realidade, e como somos conscientes da importancia do sector, dende o Goberno da Xunta de Galicia e dende a Consellería do Medio Rural abordamos a súa xestión dun xeito integral, non só atendendo aos prezos do leite, que tamén. Cada unha das medidas articuladas para garantir a subsistencia do rural ten unha aplicación directa nas explotacións lácteas. A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia é un exemplo desa aposta da Xunta de Galicia por recuperar terra agraria para achegala ás explotacións de todo tipo, ás leiteiras en particular.

A partir de aí comezamos a tecer máis medidas complementarias. O Banco de terras, xa coñecido por todos, e, este ano, o Banco de explotacións. O primeiro dos instrumentos para poñer a producir terras que xa estaban abandonadas e o segundo vai garantir a continuidade de moitas desas explotacións leiteiras nas que os seus titulares se xubilan despois de moitos anos de traballos e esforzo, cun incentivo extra e podendo poñer á disposición esas explotacións.

Precisamente un dos asuntos que nos preocupan especialmente e no que vimos traballando ao longo dos últimos anos é en fixar poboación no rural. E as explotacións leiteiras son un instrumento para acadar ese obxectivo. Para iso toca facelas o suficientemente atractivas e rendibles, por suposto. O plan de remuda xeracional, as axudas ás incorporacións para mozos e os plans de mellora son fundamentais para logralo. Tamén as de novos agricultores, para aqueles que por primeira vez se poñan á fronte dunha explotación e que teñan máis de corenta anos, precisamente de 40 a 55.

Os datos indican que as medidas son as apropiadas, xa que nos últimos quince anos téñense incorporado máis de cinco mil mozos a explotacións de Galicia. (*Aplausos.*) Para iso, percibiron axudas por preto de 161 millóns de euros. Polo tanto, estamos a falar, coas deste ano, de preto de 5.200 incorporacións que percibiron ou van percibir máis de 165 millóns de euros, que son esas primas para as incorporacións.

Ademais, este ano poñemos un novo mecanismo, un plan de titorización con asesores públicos da Consellería para acompañar eses mozos que se incorporan ás explotacións. E tamén apoiamos as poxas de gando, como esta fin de semana vimos en Santa Comba, que son moi importantes para que aquelas gandarías que queiran medrar con xenética, con animais de explotacións de referencia, poidan facelo.

E tamén a formación consideramos que é algo clave e esencial. Encántame visitar explotacións gandeiras e ver xente formada que sabe o que fai, que ten un plan de negocio e que traballa de xeito sostible e apoiado na innovación para facer máis rendibles e máis produtivas as súas explotacións. O noso traballo é facilitarlles tamén o acceso a ese ensino, con eses plans de formación que tamén vimos facendo desde os centros de formación e



experimentación agraria con eses ciclos formativos. E alégrame ver que cada vez hai máis mozas e máis copropietarias ou propietarias de explotacións.

Estamos tamén preocupados de que as axudas europeas cheguen con axilidade ás granxas. Nesa preocupación traballamos con celeridade e a finais de 2024 liderabamos os pagos da PAC en España. Agora estamos preparando a nova orde de axudas.

Tamén é moi importante poder afrontar con seguridade os imprevistos sanitarios, como estamos vendo estes días na veciña Asturias. Apostamos por esa sanidade animal.

Apostamos por incrementar o orzamento de apoio aos seguros agrarios ata os 9,5 millóns de euros. E sacamos a semana pasada esa liña de axudas directas para que todos os afectados pola EHE poidan percibir esas axudas, cofinanciadas ao cincuenta por cento con fondos propios da Xunta de Galicia e do Goberno central.

Por non falar dos custos de produción. Saben vostedes que implementamos a conta láctea para que todos aqueles gandeiros que queiran saber os custos de produción poidan calculalos de xeito voluntario.

Para garantir o prestixio do leite está a Lei da cadea alimentaria de Galicia, que entrou en vigor o ano pasado e que permite asegurar os dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios.

Esta visión e xestión global é a que fixo que hoxe sexamos unha potencia nacional e internacional. Iso é incuestionable, porque os números así o avalan. (*Aplausos.*) E fai tamén esa potencialidade de Galicia que cada vez se transforme máis leite na comunidade e se fagan máis produtos de valor engadido, o que repercute directamente na nosa comunidade.

Falan vostedes de prezos e custos de produción. Home, eu creo que o sector o coñezo ben e que diálogo co sector teño todos os días. Iso pódolle asegurar. De feito, as declaracións preliminares do mes de decembro sitúan o prezo do leite en Galicia —que non estou contenta, que sempre hai marxe de mellora e traballamos arreo para diminuír esas diferenzas— en 0,47 céntimos o litro. Iso representa unha subida de 1,2 puntos porcentuais con respecto ao mes anterior e 5,3 por cento con respecto ao mes de agosto. En canto aos custos de produción, os insumos de alimentación están nuns prezos relativamente baixos se os comparamos cos de 2022, aínda que o prezo da enerxía e doutros elementos, como pode ser o gasóleo, vén de incrementar unha subida nos últimos meses do ano. Onte mesmo, nese diálogo que mantemos co sector reuniámonos co sindicato Unións Agrarias para defender a redución deses diferenciais de prezos, porque avogamos por un diálogo construtivo con todo o sector. Queremos que os nosos gandeiros e gandeiras perciban polo seu leite prezos semellantes, por suposto que si, ao resto do país.

E, como dicía, falaba vostede dun foro. Vimos de adaptar ese observatorio do sector lácteo de Galicia. O seu labor é analizar a situación do sector, as diferentes problemáticas que o afectan, recompilar os datos das explotacións de vacún, facer asesoramento con estudos e publicar os datos de produción e os prezos do leite. Vimos de modificalo e adaptalo á



realidade actual. Intentamos incluír todos os axentes implicados na cadea de valor do leite, a produción, a industria, a distribución e o consumo; como digo sempre, esas catro patas da mesa que deben ir da man. E dotámolo de ferramentas que permitan a toma de decisións empresariais e de estratexia no mercado de xeito áxil.

Así que xa ven que ese espazo de seguimento da problemática do sector de toma de decisións, de control de prezos e de intercambio de opinións que demandan xa está creado. Convocarémolo, pode estar segura. Creo que esa actualización que acabamos de facer é moi positiva e, como lles digo, por suposto, estamos sempre abertos a escoitar iniciativas construtivas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

A ver se intento darlle resposta a todo o que foi comentando por aquí, señora conselleira, porque ás veces dá a sensación de que vostedes gobernan para os administrados, pero sen os administrados; para os gandeiros, pero sen os gandeiros. Porque, neste caso, o silencio é positivo ou negativo? Porque non me respondeu se ía crear ese foro. Porque non se trata de que teña as reunións puntuais por temas puntuais por petición dos e dos sindicatos, ou dos sectores ou das federacións etcétera etcétera, porque hai máis interlocutores que os propios sindicatos. É un foro no que poida estar representado o tecido gandeiro e industrial. Polo tanto, non sei se neste caso, conselleira, o silencio é positivo ou negativo. Espero que me diga, porque, como dicía, é que só se trata de vontade; non lle consume ningún recurso máis aló de que despois, evidentemente, dunha reunión hai que facer algunha xestión sempre, e iso é traballo. Pero iso é o que debe facer.

Porque ocupou a maior parte da súa intervención nos bos datos do PIB, da riqueza e dos postos de traballo. Pero recórdolle: 350 explotacións ao ano, que case é que pecha unha explotación por día. Esta é a realidade, conselleira. E fállame vostede das bondades que está tamén a Xunta levando a cabo, como a Lei de recuperación de terras agrarias, pero dáballle un dato na miña primeira intervención —e repítollo, por se acaso non se quedou con el—: case o trinta por cento están abandonadas, case o trinta por cento do noso territorio, e a superficie agraria supera un pouco o vinte e tres por cento. Mire se hai traballo por facer. Escoitando o sector pódese reverter esta situación.

A incorporación de mozos co plan de mellora, cos plans de incorporación, xa temos falado tamén nesta sede parlamentaria da situación que incluso se pode dar a paradoja. Recordábo antes a miña compañeira tamén, Silvia Longueira: que algún que poida recibir o plan de incorporación pero non o plan de mellora e teña que renunciar a ese plan de incorporación. Unhas modificacións que fixeron vostedes, conselleira.



Mire, hai pouco estaba visitando unha SAT, precisamente no seu concello, unha SAT que estaba formada por tres matrimonios, dous deles xa xubilados. De tres matrimonios que tiña esa SAT só queda unha xeración; é dicir, vanse facer cargo desa SAT, pero de tres matrimonios que había pasa a estar composta por unha das xeracións deses tres matrimonios. Polo tanto, eses son os datos e esas son as realidades.

E falaba do plan de formación. Éncheselle a boca dando datos, pero que despois non reverte no territorio, que non reverte a situación. Polo tanto, se hai xente que se forma pero despois non se incorpora, haberá que pensar que é o que se está facendo mal. Ese foro tamén lle pode valer para saber e analizar e despois tomar medidas e solucións.

Falaba despois da lei de cadea alimentaria, pero é que non velan tampouco polo cumprimento da mesma. En moitos casos non cobren os custos de produción, que é algo polo que se creou esa lei de cadea alimentaria cun posterior decreto para garantir precisamente iso. E veu por parte do Goberno central, porque, escoitando o sector, tiñan esa problemática e, polo tanto, púxose en marcha a lei co seu decreto posterior.

Sempre despois acaba as intervencións dicindo que é un sector que coñece ben e que ten un diálogo constante todos os días co sector. Mire, aquí non se trata de que fale co marido, que me parece moi ben e lóxico e incluso á hora da cea se pode falar co marido, pero iso non é falar cos sectores; non é ter un diálogo constante co sector. O diálogo constante pasa por crear eses foros, alí falar do que lles preocupa, porque á parte, é dicir, son realidades distintas tamén. Nese foro pódense contemplar todas as realidades, que non quero dicir con isto que haxa mellores e peores.

E como lle dicía, mire, nos próximos meses vanse renovar o noventa por cento contratos do leite en Galicia, e isto condiciona todo o ano 2025. Polo tanto, o que pedimos non é outra cousa que que se cree ese foro, que se poña en marcha tamén o Observatorio do leite, que iso si dixó que parece ser que esta vez si se vai poñer en marcha. O que vimos nós pedir e reivindicar aquí é o que nos traslada o sector, porque nós si temos reunións, escoitamos e falamos con eles.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Señora Méndez, mire, encántame que visiten o meu concello. Síntome orgullosísima, dígoos sempre, de ser de Guntín e moi feliz de que visiten explotacións como a que visitaron en Vilamaior de Negral. Non ía sacarles ao tema, porque non me gusta ir ao meu concello todos os días, pero saíu o señor Besteiro aquel día falando de infraestruturas, de mellorar as infraestruturas. Precisamente acabamos de sacar ese plan marco, que vai chegar directamente aos 313 concellos de Galicia para mellorar esas infraestruturas rurais.



(Aplausos.) Espero que de paso que foron á explotación, a Vilamaior de Negral, pasasen por esa ponte que pertence á Deputación, que leva máis de ano e medio caída —caída non, pero a punto de caer— e pola que non poden pasar os tractores, precisamente os desa explotación, e que o Concello tivo que amañar outro vial polo que poidan entrar os camións do leite, porque por esa ponte precisamente non poden pasar. Aproveito por se non foron por alí para lembrárllelo, aínda que non é o lugar máis axeitado para facelo. (Aplausos.)

Mire, diálogo co sector teño continuamente. Non só co meu marido, que evidentemente falo co meu marido todos os días, e dialogo non só do leite, procuro falar doutras cousas... Pero, bueno, é importante, o diálogo sempre é importante. Mire, con todas as asociacións: dende Fefriga aos Africores, aos sindicatos, aos gandeiros en particular, ás cooperativas... Falo con todos os entes do sector, porque precisamente o sector lácteo coñezoo ben; non porque sexa esposa de, que me doe un pouco que o digan vostedes, que van de feministas. (Aplausos.) Eu non necesito ser esposa de para coñecer o sector do leite; coñezoo en carne propia, xa llelo dixen aquí máis veces. E síntome moi orgullosa de ser gandeira, de ser filla de gandeiros e de nacer —mire, xa llelo dixen un día— vendo a miña mai muxir a man seis bidóns de leite e ver hoxe as explotacións que temos en Galicia, que son punteiras en España. (Aplausos.) Orgullosa do sector lácteo; que non quere dicir que non haxa problemas, que non teña ameazas, por suposto que as ten.

Mire, falaba vostede de que pechan explotacións. Certo é que pechan as explotacións. Tamén me da lástima ver esa visión negativa que teñen do sector. Na miña nenez o herdeiro tiña que quedar na casa, había esa obriga do herdeiro para quedar na casa. Eu creo que os mozos e mozas galegos teñen dereito a elixir libremente a que se queren dedicar. E, se non podemos ter 10.000 explotacións, pois perfecto, pero o que queira quedar, que quede con profesionalidade e porque é a súa decisión. (Aplausos.) E a administración considero que está para acompañar.

E, falando desa remuda xeracional, voulle dar os datos deste ano 2024. Mire, en Asturias —comunidade veciña moi similar a Galicia, non polo clima; eu nunca dixen semellante cousa, non sei de onde sacou vostede que houbera diferenzas por cuestión do clima, precisamente, sempre digo que somos moi similares— incorporáronse este ano 76 mozos. ¿Sabe cantos se van incorporar en Galicia? Pois dígollo eu: 320 mozos menores de 40 anos, máis 133 de 40 a 55. (Aplausos.) Esa é a realidade do sector.

E mire, xa que teñen liña directa cun Madrid, pois eu agradézolle dúas cousas. En primeiro lugar, ¿quere axudar a reducir os custos de produción? Estamos todos de acordo niso, seguramente. O gasóleo agrícola no último mes vén de rexistrar unha subida exponencial. Se lle quitan os impostos para ese gasóleo agrícola, se os reducen, irá directamente á conta de resultados dos gandeiros. E o mesmo coa enerxía, que no mes de novembro e decembro tamén vén de experimentar esa subida exponencial e iso é o que vai directamente á conta dos gandeiros e das gandeiras.

E voulle dicir máis: tamén pode falar co Catastro, porque esas cartas que está enviando fanlle á terra agraria fraco favor. ¿Sabe cantas hectáreas van quedar fóra da PAC? ¿Sabe cantas hectáreas van quedar? Máis de 3.000 hectáreas en Galicia, por ese labor tan bo que está a



facer o Catastro. Así que fale cos seus compañeiros en Madrid se quere axudar os gandeiros galegos. *(Aplausos.)*

E falando do Observatorio Lácteo, non sei a que foro se refire vostede. Eu reúnome tanto co sector como con vostedes; se o diálogo é construtivo, eu reúnome con calquera. ¡Faltaría máis! Mire, no Observatorio lácteo, precisamente, que vimos de levar ao Consello da Xunta, temos: tres representantes da Consellería do Medio Rural, tres por parte da industria láctea, tres por parte da distribución, catro das organizacións máis representativas dos produtores, un representante da organización de produtores lácteos con maior representatividade, un representante do Consello Galego de Consumidores, dous representantes de asociacións de mulleres rurais, un representante do LIGAL, un vogal de Fefriga, que é a Federación de Frisona Galega, e dous representantes das principais cooperativas lácteas de Galicia. Un observatorio, un organismo que nos vai permitir...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): ...ese diálogo con todos os entes e «patas» —como digo sempre— do sector.

Dende a Consellería do Medio Rural, e esta conselleira, garantízolle que estamos plenamente comprometidos co sector lácteo, como non pode ser doutra maneira.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rematada a interpelación, procedemos a suspender a sesión, que será reanudada ás 16 horas.

Bo proveito a todas e todos.

Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde a todas e todos.

Reanudamos a sesión e continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D. Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consecuencias para Galicia do acordo do libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, e por tempo de dez minutos, ten a palabra o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Señores deputados, señoras deputadas, conselleira.



Para comezar a falar deste acordo de libre comercio entre a Unión Europea e o Mercosur, pois o mellor é comezar por lembrar o que é o Mercosur, que é unha zona xeográfica ampla constituída por, entre outros, dous estados colosos no tema da agroindustria, que son Brasil e Arxentina. Para contextualizar, vou dar uns breves datos agrarios desta parte de América, en contraposición ás producións do noso país ou da Unión Europea. Son uns datos significativos que tamén nos mostrarán perfectamente de que estamos a falar.

Se falamos do vacún e de Brasil, que é o principal país do Mercosur, hai que indicar que é o estado que máis cabezas de gando ten no mundo no ano. No ano 2023 estabamos falando de que tiña 234 millóns de cabezas de gando, incrementándose un 4,3 no último ano e pastando 1,62 millóns de quilómetros cadrados. Se temos en conta que Galicia ten 29.575 quilómetros cadrados de extensión e o Estado español 505.000 quilómetros cadrados, é coma se tivéssemos un pasteiro 54 veces maior que a superficie total de Galiza ou tres veces superior á superficie do Estado español. Mentres isto sucede no Brasil, no noso país temos 224.000 vacas de carne e no Estado 2,2 millóns. A diferenza, polo tanto, é abismal, e só tendo en conta un país do Mercosur, non mencionamos Arxentina e o Uruguai. No caso da carne de vacún, pois temos unha situación moi similar; é dicir, que Brasil produce 11 millóns de toneladas, o 18,3 por cento do total mundial. A Unión Europea, 6,5 millóns, e Galiza 96.400 toneladas.

No tema das aves, seguimos pola mesma dinámica: Galiza temos 211.000 toneladas, o Estado español 1,7 millóns de toneladas e Brasil 14,9 millóns de toneladas, que é o 14,4 por cento da produción mundial.

Na produción de mel, que é outro dos sectores afectados, en Galiza temos unha produción de 2.600 toneladas. España, o Estado español, que é o maior produtor da Unión Europea, 27.000. E, pola contra, Arxentina, que é un dos maiores produtores do mundo, 79.500 toneladas, catro veces máis que o Estado, trinta máis que Galiza.

Ben, non vou seguir afondando nos datos, porque a produción do Mercosur é xigantesca mirémola por onde a miremos; e non respecto a Galiza, senón á Unión Europea. ¿A que veñen os datos destas producións, señora conselleira? Pois veñen a que o Mercosur é un grande produtor de alimentos a nivel mundial, uns países produtores nos que a lexislación é moi laxa en todos os aspectos, tanto no respecto ambiental, sanitario, dereitos laborais e un longo etc.

Como exemplo, podemos explicar que, dende o ano 1988 ata o 2014, calcúlase que o 63 por cento da zona deforestada na Amazonía converteuse en pastos para o gando. Isto supón un total de 408.000 quilómetros cadrados, practicamente o mesmo que o Estado español, dezaseis veces a superficie de Galiza. Entre o 2008 e o 2018, o número de cabezas de gando na Amazonía incrementouse nun vinte por cento, a un ritmo case catro veces maior que no resto do Brasil.

¿E por que temos que falar destes datos e destes temas, señora conselleira? Pois porque o pasado 6 de decembro asinábase o acordo entre o Mercosur e a Unión Europea. O obxectivo principal deste acordo é a liberalización do comercio entre os dous bloques, creando unha



das maiores áreas de libre comercio do mundo. Este fluxo de mercadorías beneficia especialmente as grandes multinacionais agroindustriais, que controlan gran parte do comercio global e os recursos e as infraestruturas de produción nos países do Mercosur. Este acordo permitirá a entrada dun volume enorme de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado, e así favorecer un monocultivo e especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros. Coa eliminación progresiva dos aranceis, que chegarán a cero, os produtos do Mercosur entrarán en Europa a prezos moi baixos, algo que poñerá en perigo a competitividade das nosas pequenas explotacións.

En resumo, un tratado que está a causar unha fonda preocupación no sector agrario e gandeiro galego, pois consideramos que terá graves repercusións pola entrada de produtos agrarios procedentes desta zona xeográfica e que afectará especialmente —como xa dixen anteriormente— ao sector avícola, de carne de vacún e apícola.

Explícome cun pequeno exemplo. É dicir, segundo as cifras publicadas, nada máis entrar en vigor este acordo poderán entrar na Unión Europea 99.000 toneladas de carne de vacún, 180.000 toneladas de aves e 45.000 toneladas de mel anuais procedentes do Mercosur, sen ningún tipo de arancel, no momento da súa entrada en vigor. Posteriormente, irán aumentando estas cantidades. E repito: sen ningún tipo de arancel, o que se unirá ao resto dos produtos que tamén teñen algún.

E, como dixen anteriormente, se en Galiza se producen 95.600 toneladas de carne de vacún, pois entrará o mesmo que a produción de Galiza; se son aves, o mesmo; e en mel, se entran 45.000 e temos 2.700, o que está claro é que entrará na Unión Europea o dobre da produción do Estado español, que, recordemos, é o máximo produtor de mel da Unión Europea. Iso sen ningún tipo de arancel.

Claro, ¿que traerá consigo esta entrada sen control? Pois vai favorecer un monocultivo, unha especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros. Prácticas completamente contrarias á descarbonización, contrarias á recuperación da biodiversidade natural, contrarias á soberanía alimentaria, contrarias ao consumo de produtos de proximidade...

Tamén hai que destacar que os cultivos e a cría de gando que se produce nesa zona ten unhas condicións moi diferentes, pois permítense unhas prácticas de uso de pesticidas, antibióticos e pensos que están restrinxidas na Unión Europea e incluso outros que teñen distintos estándares ou doses e os controles en orixe son moi distintos dos que temos aquí. Un dos puntos máis graves son os agroquímicos. Como ben saberá, na Unión Europea están prohibidos ou hai moitas limitacións aos pesticidas organofosforados e aos herbicidas baseados no glifosato.

Tamén hai que ter en conta que as condicións laborais son moi distintas. Hai traballadores que non teñen garantido en moitos casos os salarios dignos e as condicións dignas de traballo.

Polo tanto, estamos ante un acordo cunha zona que practica unha agroindustria salvaxe; en definitiva, un acordo que, pendente de ratificación polo Consello da Unión Europea e o



Parlamento, liberalizaría o noventa por cento das importacións e exportacións entre ambos os bloques. De momento non coñecemos a letra pequena, a realidade total, porque, nun exercicio de grande transparencia da Unión Europea, pois non publicou a exactitude do acordo. Non coñecemos, polo tanto, esa letra pequena. E tampouco non compartimos esa decisión da Comisión Europea, presidida por unha famosa Ursula Von Der Leyen, que está avalada polo seu propio grupo, polo grupo do Partido Popular Europeo.

¿Que deberamos facer? ¿Que hai que facer ante esta situación? Pois, bueno, a Unión Europea o que debería facer, e o Estado español e a Xunta de Galicia tamén, en primeiro lugar, era favorecer o consumo de produtos locais sen transporte —os chamados «quilómetro cero»—, limitando a importación de produtos non necesarios de forma masiva. E, en segundo lugar, exixir o cumprimento dos estándares dos produtos para asegurar tamén a igualdade competitiva dos produtores e gandeiros de Galiza co resto, neste caso, do Mercosur.

Claro, dende o BNG vemos que esta situación é moi grave para os nosos produtores. Entón, o primeiro que fixemos foi rexistrar iniciativas, tanto nas Cortes do Estado como no Parlamento Europeo, polas graves repercusións que terá para o noso sector agrogandeiro galego e tamén traemos este debate aquí, á sede da soberanía do pobo galego, ao Parlamento galego. Tamén exixiremos ao Goberno do Estado unha posición firme no Consello en contra deste acordo.

Porque para o BNG é incomprendible que haxa uns macroacordos que implican un incremento das emisións contaminantes. Uns acordos que traen consigo o empobrecemento dos nosos sectores agrogandeiros ou a desaparición de pequenas e medianas explotacións, que non poderán competir, pois, con estes xigantes comerciais que dan carta branca á entrada de alimentos a un prezo moi inferior.

¿Que fixo a conselleira con toda esta situación que se está a dar desde o 6 de decembro —aínda que vén desde atrás—? ¿Que medidas toma ante esta situación? Pois a actuación, para nós, non puido ser máis preocupante. Limitouse a dar unha rolda de prensa en compañía da outra conselleira, da señora Lorenzana, conselleira de Industria, e as palabras textuais desa nota de prensa, que mandaron aos medios de comunicación, dicían: «A conselleira amosou a súa preocupación polas posibles consecuencias do acordo no sector agrogandeiro». *Se acabou*. ¡Pois vaia actuación! Mostrar preocupación e con iso xa está solucionado. ¿Non hai máis nada? ¿Non vai a expresar ningunha opinión máis? ¿Non vai tomar ningunha medida a Consellaría? ¿Ou para vostede a produción agraria, a vida de mulleres e homes que a duras penas conseguen manter abertas as explotacións das nosas parroquias, sobre todo nas zonas de montaña, non é importante? ¿Ou son unha moeda de cambio para intereses externos á nosa terra?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Espero a súa resposta, conselleira.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Boa tarde, presidenta, deputados, deputadas.

Como ben di, señor Fernández, o pasado 6 de decembro finalizaban esas negociacións que levan vinte anos —¡doadas non deberon ser!— para chegar a ese acordo entre a Unión Europea e o Mercosur, que abre a porta a un mercado supostamente de 280 millóns de consumidores en América Latina para as empresas e produtores europeos e, polo tanto, tamén para os galegos.

Este tratado transcende a política galega e queda enmarcado nun ámbito superior, como vostede saberá, o da Unión Europea. Polo tanto, todos os estados membros deben acollerse ou adaptarse a ese novo escenario —primeiro terán que ratificalo— de comercio. E Galicia, como parte do Estado español, pois terán que achantar co que diga o Estado español. Por iso, solicitámoslle, como vostede ben dixo, ao ministro de Agricultura, Luís Planas, unha reunión para que nos informase —pois é el o representante do noso país na Unión Europea— dos termos do acordo. Unha reunión que non aconteceu, porque o ministro non quere dar esas explicacións. Dito isto, señoría, nós estamos a traballar no día a día de Galicia, que é a competencia da Consellería do Medio Rural e está no ámbito das nosas competencias.

Fala vostede de monocultivos en América Latina. Eu non son tan ousada, non vou intentar gobernar América Latina, non sei se vostede o quere facer. (*Aplausos.*) En canto ás competencias laborais, preocúpanme os custos que iso supón nas explotacións galegas; pero as condicións laborais españolas, non as de América Latina, para iso xa están outros.

Sabemos que o noso punto forte é o prestixio dos nosos produtos, porque despois de moitos anos de traballo conseguimos que o consumidor identifique con calidade todas as materias primas e alimentos que saen de Galicia. Así é como competimos non só co Mercosur, senón co resto do mundo. Porque nesta economía globalizada —gústenos ou non— na que vivimos estamos en constante competencia e as palabras «calidade» e «Galicia» van unidas.

O noso traballo non é facer cábalas sobre as consecuencias que vai ter un acordo que aínda está pendente de ser ratificado. E lémbrolles que hai países con gran peso dentro da Unión Europea —como Francia, Austria, Países Baixos e Polonia— que non o teñen tan claro; de feito, mostraron certo rexeitamento a Mercosur. Nin sequera Italia, tampouco, parece telo tan claro.

Por iso, en lugar de perder o tempo, o que facemos é seguir apoiando os nosos produtores, os produtores galegos, con todo tipo de medidas que lles fagan medrar e lles permitan ser coñecidos e recoñecidos cada vez en máis lugares. Somos a terceira comunidade de España con máis selos de garantía, denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, e temos os nosos propios distintivos de calidade para todos aqueles produtos que non se axustaban aos parámetros administrativos exixidos, pero que tiñan a suficiente calidade como para merecer que se distingan. Estou falando do selo «Artesanía alimentaria» ou de todos aqueles produtos ecolóxicos amparados baixo o paraugas do Craega. Esa é a nosa fortaleza para competir en



todos os mercados: produtos de calidade diferenciada galegos. Temos que ser cada vez máis rendibles, máis sostibles e seguir incidindo na calidade dos nosos produtos. Ese é o labor que temos que desenvolver dende o Goberno da Xunta de Galicia e é o que estamos a facer.

Un dos primeiros pasos para apuntalar a defensa dos produtos galegos foi a Lei de calidade alimentaria. Con ela impulsamos a competitividade das denominacións de orixe e as indicacións xeográficas protexidas ou o selo artesanía alimentaria. E seguimos co apoio aos produtores de todos os xeitos posibles. Por exemplo, con axudas ao viño, que este ano van ter un importe de 11.400.000 euros e que teñen como finalidade mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola galego e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade.

Ou os labores de promoción con accións como o plan Saborea Calidade Diferenciada de Galicia, a asistencia a feiras e eventos gastronómicos nacionais e internacionais que serven como escaparate para os produtos galegos. E satisfaimos dicirlles que o *stand* de Galicia é a envexa cada vez que saímos das nosas fronteiras.

Tamén apoiando os pequenos produtores e os produtos de proximidade, como non pode ser doutro xeito. Somos unha potencia hortofrutícola e mesmo no sector da planta volvemos destacar pola calidade dos nosos produtos. ¿E que dicir dos queixos, que levan premios non só a nivel de España, senón alén de España, e do mel, entre outros moitos?

Como lles dicía, traballamos diariamente para afrontar os retos da sociedade actual, onde o mundo é un gran mercado e preparámonos para facer fronte a todo tipo de competencia, veña de onde veña.

Por riba de todo isto, o Goberno da Xunta de Galicia aínda ten máis ámbitos de competencias para protexer e poñer en valor os nosos produtos. Estou a falar das medidas de control no ámbito da sanidade animal e vexetal, con probas específicas para detectar patóxenos que poidan causar infeccións alimentarias e con analíticas para detectar fármacos fitosanitarios, hormonas e outras substancias prohibidas en Europa. Facemos un control exhaustivo de toda a trazabilidade, desde os lugares de produción ata o consumidor. E velamos para que o etiquetado dos produtos sexa conforme á normativa europea e indique, sen ningunha dúbida para o consumidor, a orixe dos produtos, os alérxenos, a composición ou a información nutricional. Vixiamos as relacións comerciais e o mercado para detectar posibles distorsións que poidan afectar a comercialización. Supervisamos a concesión de axudas para que ningunha empresa se aproveite de traballar tamén en terceiros países.

En definitiva, poñemos á disposición do sector agroalimentario galego todas as ferramentas regulamentarias e legais para a defensa dos seus produtos, sempre dentro das nosas competencias. Pero, como lles dicía antes, o que temos é que estar preparados para facer fronte á competencia global. Por iso, cada día implementamos novas medidas para dinamizar o sector agrogandeiro galego.

Poden estar seguros de que faremos o que faga falta para amparar os intereses dos produtores galegos. Por iso, e con respecto ao acordo do Mercosur, exiximos ao Goberno de



España que estea atento á implantación de cláusulas espello, para garantir que os produtos que chegan ao mercado procedentes de América Latina cumpran as mesmas normas que deben cumprir os nosos produtores. Utilizaremos todos os mecanismos de control dos que dispoñemos no Goberno autonómico para exercer unha vixilancia activa e que se cumpran as medidas de control. Estaremos atentos para detectar se o acordo prexudica os intereses dalgún dos sectores produtivos galegos, non lles caiba ningunha dúbida.

En definitiva, nós imos seguir traballando na defensa dos produtos galegos en calquera escenario e colaborando co sector agrogandeiro para que cada vez sexamos máis competitivos. Mentres tanto, estaremos atentos para ver como se van desenvolvendo os seguintes pasos despois da firma do acordo co Mercosur. Pero lémbrolles que agora entra na fase máis complicada: que sexa ratificado polos estados membros, e parece que non todos lles dan os seus parabéns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidenta.

Señorías.

Señora conselleira, falamos do acordo do Mercosur e vostede fala doutras cousas. Non hai resposta, non hai ningunha medida, non hai ningunha opinión do Goberno galego. Supoño que vostede representa o Goberno galego, por iso está aquí.

Na primeira intervención, e a propósito deste nefasto acordo que prexudica enormemente o sector agrario galego, fundamentalmente —e volvo repetir— ao vacún de carne, á agricultura e á apicultura, pero tamén aos outros, falei de que os únicos feitos coñecidos sobre este tema eran esa rolda de prensa na que recoñece que tiña certa preocupación. Nada máis. Iso para nós son palabras pouco alentadoras e pobres da responsable do Medio Rural ante un acordo que pode afectar gravemente o sector primario galego. Polo tanto, unha produción agrarias moi importantes en amplas zonas do noso territorio, moitas delas en zonas de montaña que teñen xa unhas dificultades engadidas por outra vía.

Falamos deste acordo nefasto e vostede fálame de calidade e fálame doutras cousas que en realidade non é do que estamos a tratar, que é un acordo entre a Unión Europea e o Mercosur. Non sei se a vostede lle parece que este tema non é unha cuestión prioritaria para o Goberno galego, igual pensa que as mulleres e homes que viven e traballan nas nosas parroquias non están preocupados por este acordo que se negocia alá en Bruxelas e que se fai co Mercosur; que igual pensa que tampouco non saben que significa iso do Mercosur. Como a Unión Europea non fai moita publicidade deste documento, igual di: pois non hai de que preocuparse. Igual vostede pensa que os apicultores da montaña de Lugo, de Ourense ou de Viana do Bolo non se van decatarse dos prexuízos que lles pode traer este acordo. Igual o pensa.



Tamén me gustaría lembrar que nesa rolda de prensa a conselleira de Economía e Industria tamén dixo —segundo sae na nota de prensa— «que o novo marco comercial conte cunha estratexia eficaz e intelixente que asegure a inclusión de todos os sectores produtivos estratéxicos para a economía galega» —palabras textuais—. Pero, ¿cal é esa estratexia eficaz e intelixente? ¿Ou é que non se pode saber esa estratexia ou é unha estratexia secreta? ¿Ou é tan eficaz e intelixente que se fai soa? As conselleiras si que coincidiron as dúas nesa rolda en que ese acordo podería servir para liberalizar o comercio de mercadorías e materias primas. E tan contentas. É dicir, liberalízase, veñen uns países vendernos aquí con todas esas especificidades que dixen anteriormente e vostedes tan contentas porque se liberaliza o comercio. Eu penso que debían estar un pouco de carallada nesa rolda de prensa, porque non mo explico. En definitiva, liberalízase ese mercado, con eses monstros da produción salvaxe de alimentos, dunha agroindustria sen normas que pode arruinar o noso agro e os nosos produtores e din que o importante é liberalizar o comercio. Ao final, non sei, pero o único que sacamos en limpo das súas opinións é que lles importa pouco a produción agraria galega e menos aínda as persoas que viven desa produción. Igual pensan que, con esa crise de prezos con esa importancia que xa teñen nestes momentos, non se van dar conta e que non van buscar ningún problema nese tipo de acordo.

E como non entrou a detallar esas medidas que ten que tomar a Consellería, que ten que tomar o Goberno galego, pois eu voulle facer unhas preguntas para que mas conteste nesa segunda. É dicir, ¿coñece a Xunta de Galicia o acordo? ¿Fixo o Goberno galego algunha análise das consecuencias deste acordo para o sector agrogandeiro galego? ¿É consciente a Consellería do Medio Rural do perigo deste acordo para o sector agrogandeiro galego, especialmente a vacún de carne, a avícola e a apícola? ¿Parécenlle adecuadas e suficientes esas declaracións feitas por vostede nesa rolda de prensa? ¿Que posición vai tomar o Goberno galego ante este acordo? ¿Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para salvaguardar as producións agrogandeiras galegas ante a ameaza que supón este acordo?

Ou tamén, dado que o sistema imperante no Mercosur e sobre todo en Brasil e Arxentina —que son os países máis destacados— é totalmente contrario ao sistema galego en todos os aspectos, tamén me gustaría que aclarase neste Parlamento a súa posición sobre unhas cuestións básicas do noso país. ¿Parécelle adecuado o sistema agrario galego con pequenas e medianas explotacións agrarias que ocupan a maior parte do noso territorio? ¿Parécelle adecuada a existencia de numerosas parroquias e núcleos de poboación no noso país? ¿Pensa que son necesarias esas explotacións agrarias, sobre todo as ligadas á terra, que articulen o noso rural e que manteñan a poboación nas nosas parroquias? ¿Gustaríalle un modelo máis industrial, con miles de cabezas de vacún por explotación? ¿Gustaríalle un modelo tipo Mercosur en Galiza? ¿Gustaríalle un modelo de inmensas explotacións gandeiras con miles de cabezas de gando e que non teñen poboación ligada a ese territorio? Como di que ve oportunidades e que hai libre mercado, pois igual lle gusta máis ese modelo; aínda que, claro, ese modelo aquí daría para unhas poucas explotacións, igual con tres ou catro explotacións de Brasil pois xa tiñan tantas vacas como ten hoxe o noso país. De todos os xeitos, se lle gusta ese modelo, o modelo Mercosur, pois defínase e dígao; e, se non lle gusta e lle parece máis adecuado o sistema agrario galego, deféndao...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Fernández.



O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...e actúen e traballen polo noso país e posiciónense e defendan o noso país en contra dese modelo.

E nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Moitas grazas de novo, presidenta.

Deputadas, deputados.

Señor Fernández, ten vostede un problema: non escoita. Porque lle acabo de enumerar na miña primeira intervención todas as medidas que toma o Goberno galego para traballar con, por, para e a carón do noso sector primario, especialmente dos gandeiros e agricultores galegos. (*Aplausos.*) Pero como a vostede non lle interesa escoitar ou trae escrito o discurso, pois fai caso omiso. Pero, mire, ese non lle é problema meu, que non escoite. É moi importante escoitar; a escoita activa é moi importante.

Eu xa sei que é a primeira hora da tarde e faise un pouco pesado isto, pero, mire, equivócase de Parlamento, porque eu non vexo o BNG en Madrid defender os intereses de Galicia nin atacar o Goberno de España como fan aquí. Vostedes veñen aquí moi bravos contra a conselleira do Medio Rural, pero non os vin nada bravos contra o ministro de Agricultura. ¡El foi o que firmou o acordo! (*Aplausos.*) ¡O que está de acordo co Mercosur! E vostedes aplaudían todas as decisións que toman en Madrid. Entón, creo que se equivoca de Parlamento, se imos falar de estar de acordo ou non co Mercosur, pero bueno.

Outra cousa que lle vou dicir é que cada vez que eu veño aquí e me interpela vostede sinto unha falta de respecto. (*O señor Fernández Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si. Dixo vostede que estaba de carallada nunha rolda de prensa. Mire, eu o meu traballo tómoos sempre en serio; de carallada estoulle pouco, porque me dedico a facer o que teño que facer, que é traballar. (*Aplausos.*) Así que, por favor, pídolle que me respecte. Non só a min, eu represento a maioría que ten o Partido Popular nesta Cámara e que depositou o seu voto no Partido Popular. Polo tanto, por favor, un pouquiño de respecto. (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señor Tabarés, silencio, por favor.

(*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Pois ao Goberno. Ao Goberno e ao meu traballo.



Ben, imos continuar.

En canto ao seu sentimento de desacougo, sempre lle produzo desacougo e desalento. Eu sinto que estean acougados ou desacougados, pero ben, élle o que hai. (*Murmurios.*) Mire, no consello consultivo que tivemos do luns 27 do mes pasado o señor ministro do Goberno de España díxonos que non tiñamos por que estar preocupadas as comunidades autónomas, que non era cousa nosa esa decisión. Tamén llo digo así de claro. E literalmente dígolle o que dixo o ministro: «Interesantes oportunidades que o acordo con Mercosur ofrece ao sector agroalimentario europeo». Eu creo o que teñen é que falar cos seus compañeiros que están no Goberno de Madrid apoiando todas as decisións e dicirlles que vostedes non están de acordo con esas palabras do ministro, porque son compañeiros de goberno. (*Murmurios.*)

E tamén lles vou recordar o que implica ser un estado membro da Unión Europea, porque parece que non o saben: «Os acordos internacionais celebrados pola Unión Europea son vinculantes para as súas institucións e os estados membros e, por tanto, estes últimos están obrigados a cumprir as súas disposicións». Gústennles ou non lles gusten. Así que creo que, como lle digo, se equivocan de Parlamento.

Efectivamente que o miramos, canto menos, con receo. Sabemos o que é o Mercosur e sabemos o que é Brasil e Arxentina. Pode estar tranquilo, ¿vale?; non desacougado. E estaremos atentos e expectantes, dentro das nosas competencias; repítolle: das nosas competencias. Non teña dúbida ningunha. Precisamente por iso estamos a traballar, como digo, na medida das nosas posibilidades polo campo galego, dende as nosas competencias, con ferramentas que nós temos, coas que conta o Goberno galego, para salvagardar as producións do noso agro. Medidas de control para que se cumpra estritamente esa normativa europea. Exixirémolle, como lle dixen antes, ao Goberno de España que solicite a implantación desas cláusulas espello, para que ningún alimento que entre do Mercosur compita en desigualdade de condicións cos produtos galegos.

E tamén lle vou lembrar unha frase do señor ministro, que dixo que non era importante, porque entraría un filete por cada persoa en Europa. Pregúntelle a el se iso é así ou non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, os produtos que cheguen do Mercosur exixiremos, como lles digo, que cumpran as condicións que cumpren os nosos na utilización de pesticidas, antibióticos ou calquera produto fitosanitario, como lle dixen na miña primeira intervención.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): E apostamos por esa calidade diferenciada, promocionando os nosos pequenos agricultores, por suposto, todos eles. E apoiamos os produtos quilómetro cero. Véxase o Come Local ou eses desayunos saudables que estamos levando aos centros educativos con produtos quilómetro cero, produtos das DO, das IXP ou dos selos Artesanía Alimentaria ou Craega que estamos levando aos centros para que os máis pequenos dende a súa infancia vaian afeitos a eles.

Poremos á disposición do sector agroalimentario galego todos os instrumentos dos que dispón o Goberno galego para a defensa dos produtos galegos. Porque esa é a nosa



competencia. E pode estar tranquilo, que traballaremos para defender os intereses dos galegos e das galegas, como facemos sempre. Pero, como lles dixen ao principio, se queren que lles rendan contas, pregunten aos seus socios do Partido Socialista.

Moitas grazas e boa tarde. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación, e por tempo de dez minutos —silencio, por favor—, ten a palabra dona Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Señora Gómez, vai permitirme dicir que, xa que traballa vostede tanto, lle dedique un pouco a ver que se fai no Congreso dos Deputados. Vería as iniciativas presentadas polo deputado do BNG xusto reclamando o mesmo que estamos reclamando aquí no Parlamento galego. Porque nós non dicimos unha cousa aquí e outra en Madrid. E sería bo... *(Aplausos.)* Sería bo, non sei se vostede sabe que é conselleira dun Goberno e que a súa obriga é gobernar e tomar medidas, non facer de oposición. Dígoo porque, a ver... Si, leva xa case un ano aquí, a ver se se vai dando conta de que vostede ten que gobernar, non facer de oposición do Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, silencio.

A señora PRADO CORES: É unha idea, é unha idea. *(Murmurios.)*

Tranquilidade... Alborotouse o galiñeiro. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.

A señora PRADO CORES: As galiñas andan soltas. *(Murmurios.)*

Ben, miren unha cousiña, señores e señoras... *(Protestas.)*

É que vostedes...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Iso non está moi ben, pero ben.

A señora PRADO CORES: ...só se poden tomar de chiste, só se poden tomar de chiste. Porque vostedes pensan que intentando interrompernos, como fan sistematicamente, *(Murmurios.)* imos deixar de dicir o que temos que dicir. Non, non imos deixar de dicilo. *(Murmurios.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

A señora PRADO CORES: Entón, nada, vostedes sigan interrompendo. Alá vostedes.

Ben, señor Gómez —era a señora Gómez, agora é o señor Gómez—, vostede anda por aí, por todo o país, lanzando a idea de que todo está baixo control. Vostede pon o máximo esforzo en dar a imaxe de normalidade, de minimizar o que está acontecendo, de ignorar, de acusarnos de alarmismo. A palabra clave é: «os alarmistas». Que causamos alarma, que non hai problema, que as cousas graves si que se atenden e todo está baixo control. Facémolo estupendamente. Intentando agochar a verdadeira situación da sanidade galega. Esa situación de normalidade só a ven vostedes. Vostede sae á rúa, pregúntalle a calquera galego e galega e non ven esa situación de normalidade por absolutamente ningún sitio.

E, claro, vostedes persisten e o que todos vemos é que o sistema sanitario galego está ao límite permanentemente; que leva moito antes, pero os últimos dezaseis anos poñendo ao límite o sistema sanitario galego, non poñendo en marcha ningunha medida estrutural que solucione os problemas dos galegos e das galegas. Naquela máxima de «canto peor o público, mellor o privado». Iso entusiasticamente.

Voulle dar uns cuantos datos para que non sobre tanto. E, claro, vostede fala desa normalidade e eu vou dicirlle que non hai nin un só centro de saúde nin hospital que estea en situación de normalidade; e que os problemas na sanidade pública van desde a Mariña a Vigo e desde Valdeorras ao Barbanza, por todos os lados. Vou facerlle unha pequena radiografía porque non me dá tempo a máis. Pero, se vostede quere, emprázoo a que veñamos sen tempo limitado para falar centro de saúde por centro de saúde e hospital por hospital.

Mire, no Barbanza, no centro de saúde de Ribeira hai unha espera de catorce días para conseguir unha cita. En Ribeira, de catorce médicos a maioría das veces faltan cinco; de catorce, cinco. Como vostede imaxina o traballo deses cinco fano o resto ¿non? Podemos falar de que en Aguiño levan meses reclamando ter un médico como tiñan. Na Pobra, levan sen PAC de 15 e 22 horas desde hai meses. En Rianxo, sen PAC de 15 a 22 horas.

En Valdeorras, todo o distrito de Valdeorras sen un só pediatra; de Viana do Bolo ao Barco. É dicir, tres médicos que tiña que haber, os tres vacantes; 2.626 crianzas sen pediatra. Como pode imaxinar, terán que ir a Ourense, a moitos quilómetros de distancia, para que os atenda un pediatra.

Santiago. En Compostela demoras de quince días, cando o normal eran cinco. Agora xa estamos en medias de cinco. Rois e Dodro sen pediatra, teñen que ir a Padrón. Ou podemos falar de Brión ou Ames, que son concellos con moita natalidade, con moitas crianzas, que teñen grandes dificultades para ter crianzas.

Morrazo. Cangas, demoras de dez a quince días para unha cita no centro de saúde. Moaña, máis dunha semana sen servizo de urxencias.



Lugo sur, unha auténtica desfeita. Podemos empezar con que en Pediatría tiña que haber catro pediatras e hai dous. Podemos dicir que non hai sistema de Hado específico; aténdese de medicina interna cun só equipo, un só profesional de dixestivo, un só pediatra, un só médico rehabilitador, dous radiólogos de catro. Non se fan mamografías desde decembro; como non hai radiólogos a solución é «non facemos mamografías». As mulleres de todo Lugo sur, pois que se busquen a vida. Unha soa enfermeira da quenda de noite para atender 28 doentes por planta. Esta é a situación do Hospital de Monforte.

Costa da Morte. O hospital de Cee, sen otorrino. Hado un só equipo. Un só psiquiatra.

Ferrol, sen consulta de pneumoloxía durante meses. ¿Consecuencia? Que todas as consultas de pneumoloxía, podemos poñerlle o exemplo dos afectados polo amianto, con atrasos nalgúns casos de máis dun ano. Esta é a súa sanidade sen problemas destacables, que vostede anda por aí dicindo.

Vigo. No Nadal, 550 persoas de media acudindo aos servizos de urxencias. Os servizos de Pneumoloxía, Medicina Interna, Xeriatria e Pediatría cun altísimo nivel de ocupación. No centro de saúde de Navia, por exemplo, vinte días de demora para ter unha cita no centro de saúde.

E na Mariña, o Hospital da Costa totalmente esmorecendo. Servizo de Uroloxía, un só profesional; cando falta, péchase o servizo. Os doentes que están ingresados ou que teñen que facer probas, teñen que ir ata o HULA. Na fin de semana van ao HULA e logo volven, se hai urólogo. Podemos falar o mesmo de que de dez internistas, que xa son insuficientes, só hai cinco. Dixestivo, Cardiología reducidos á mínima expresión. Viveiro, demoras dun mes para ter unha cita. Ribadeo, teñen pediatras algúns días si e algúns días non, como os pementos de Padrón. É así de triste, é así de triste. En Trabada hai médicos tamén de vez en cando.

Catoira, dezaioito días para ter unha cita médica. ¿Consecuencia? PAC saturados, os servizos de urxencias saturados.

¿O que nos queda máis cerca, o do CHUS? A norma segue sendo cadeiras polos pasillos, padiolas... Si. Horas de espera para ser ingresados, horas de espera para facer probas diagnósticas. Esa é a norma, señor conselleiro. Pero vostede non pode dicir que, como esa é a norma, estamos coma sempre. Porque estar coma sempre significa estar ao límite. ¡Iso é estar coma sempre! (Aplausos.)

E as coberturas dos centros de saúde —púxenlle unha pequena escolma— ¿como están atendidas? Pois co que vostedes chaman eufemisticamente «intersubstitucións»: que se ocupen os que están de todo o traballo, que sigan pola tarde ou, se están pola tarde, que veñan pola mañá. Ou que os dos PAC fagan quendas nos centros de saúde ou que os nenos queden sen pediatra ou que os crónicos sigan sen atención. Iso é como a resposta que lle dá vostede.

Listas de espera nos hospitais, señor conselleiro: 379.250 persoas en lista de espera hospitalaria; 13.000 máis que hai un ano. E 220.000 persoas para unha primeira consulta, que son 53.000 máis que no ano 2019. Ou 52.000 para unha intervención cirúrxica, que son



3.000 máis que no ano 2019, antes da pandemia. Esta é a sanidade das marabillas que vostedes describen, pero a realidade é esta que lle acabo de describir.

E, diante desta situación, vostedes anuncian un plan de inverno. Anuncian un plan dun plan de inverno consistente teoricamente en 8 millóns de euros. O que lle quero preguntar é onde investiron os 8 millóns de euros para ese plan de inverno. Porque a situación é así ao límite. E vostedes presentan un plan para cando haxa sobredemanda por procesos respiratorios, fundamentalmente, para atendela. ¿En que consiste? Non en ter un plan para atender todo nas mellores condicións posibles. ¡O seu plan de inverno só consiste en deixar de atender unhas cousas para atender os procesos respiratorios! Só consiste niso. E iso non é un plan; é desvestir un santo para vestir o outro. Si. O que vostedes mandan, o que vostedes consensuaron entre as direccións xerais e as xerencias é que nas axendas de primaria se reserven ocios, se pechen á atención ordinaria e se deixen ocios para a atención aos problemas respiratorios. Iso é todo o plan para a atención primaria. Nos PAC, que intensifiquen os tratamentos para evitar derivacións aos servizos de urxencias hospitalarias. ¿Que significa intensificar os tratamentos nos PAC, señor conselleiro? ¿Sobremedicar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, iso está por escrito por persoas ao seu servizo. Está por escrito, non mo negue. Ou que hai que axilizar as altas nas plantas para deixar camas libres ou derivalos aos hospitais privados; fundamentalmente cuestións de trauma, derivar aos privados para que queden camas libres. ¿Esta é a súa estratexia? Ou esperar a que estea todo colapsado para habilitar camas e contratar persoal. Como vostede sabe, todo iso non se fai dunha hora para outra; entre tanto, as persoas amoreadas nos servizos de urxencias.

Ou a súa medida estrela, señor conselleiro: farmacias sentinela. Primeiro, nós non somos campións nin somos os primeiros; está posto en marcha —si, si, si— vostede anunciouno por terra, mar e aire—xa noutros moitos sitios. E, ¿que significan as farmacias sentinela? ¡Monitorizar a automedicación dos galegos e das galegas! ¡Que a todos aqueles que van pedir medicación porque non teñen vez nos seus centros de saúde, as farmacias digan cantos antigripais ou cantos test piden os galegos e galegas para vostedes ir adiviñando cando vai haber unha sobredemanda! (*Aplausos.*) ¡Esa é a súa medida estrela! E iso ¿que significa? Significa que non hai un auténtico sistema de vixilancia público no noso país. A pesar de que o BNG o demandou en moitas ocasións, ¿que fixo o Partido Popular? Votar en contra; non fai falta un sistema de vixilancia epidemiolóxica. Xa lles pedimos ás farmacias que nos digan cantas veces e que medicamentos piden os galegos nas farmacias. ¿Parécelle de recibo, realmente?

Polo tanto, ningunha medida estrutural...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora prado.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, o que lle pedimos é que explique eses recursos do plan de inverno en que consistiron: cantos profesionais contrataron, onde, por canto tempo, onde investiron os cartos, se neste plan coas farmacias hai algunha aportación económica e logo medidas estruturais. Pregúntollo, non o sei; vostede nolo dirá. Ou ¿cal é a situación? ¿Cantas horas están facendo os médicos? Queremos información. ¿Cantos pacientes están atendendo cada día? ¿Cantos galegos e galegas están sen médico asignado? ¿Cantos nenos están sen



pediatra? ¿Cal é a planificación para resolver esta situación? Son cuestións bastante razoables porque, mire, somos tan *lights* no BNG que hoxe só pedimos información, só pedimos información. Agardo que, á parte *del rollete*, nos dea algunha.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señora Prado, imos *co rollete*. Ante todo, quixera aproveitar esta primeira intervención no Parlamento de Galicia despois do Nadal para agradecer unha vez máis o traballo de todo o persoal do Servizo Galego de Saúde que, nun contexto de déficit de profesionais en toda España, conseguiu atender o incremento de demanda moderada deste inverno, garantindo unha prestación sanitaria de calidade no conxunto de Galicia.

A responsabilidade dos profesionais e os equipos directivos das áreas permitiu planificar a asistencia, garantindo a continuidade do servizo sanitario e creo que a percepción global é que a asistencia sanitaria tivo ata o momento menos complicacións das que puideron existir en anos anteriores. (*Aplausos.*) Coido que vostedes tamén teñen a mesma percepción, porque durante o Nadal nada dixeron da atención primaria, nin das urxencias, nin da gripe; estaban a outras cousas que consideraban que lles daban maior rendibilidade política. Agora que a súa estratexia contra o mellor hospital público do Servizo Galego de Saúde quedou desmontada, están tratando de recuperar o argumentario tradicional de colapso, saturación e apocalipse, neste caso microbiolóxica.

Os clásicos son os clásicos, señora Prado. O de menos é como estean as urxencias. Pero nesa actitude vostedes chegan a resultar esperpénticos, porque baten unha e outra vez coa teimuda realidade. Vostedes veñen aquí acusándonos de falta de planificación e, ao mesmo tempo, aluden ao plan sanitario de inverno posto en marcha pola Xunta, por primeira vez. Logo, ¿en que quedamos, señora Prado? ¿Hai planificación ou non hai planificación? Porque o certo é que resulta moi estraño que traten vostedes de acusarnos de falta de planificación concretamente o ano que presentamos un plan específico e pioneiro para a tempada de gripe. Quizais a quen lle falta planificación é a vostede, que non se lembra de que todos e cada un dos invernos os servizos sanitarios afronta un incremento da demanda sanitaria por mor da vaga da gripe.

Isto non é culpa da Xunta, nin do conselleiro de Sanidade nin do Partido Popular; é a culpa do virus da gripe. ¿Que fixemos? Planificar de maneira conxunta dende a prevención ata o momento da asistencia sanitaria. Para iso puxemos en marcha un plan que nos permite afrontar coas máximas garantías a tempada de gripe e de infeccións respiratorias, cun investimento extraordinario de 8 millóns de euros que se suman aos 11,3 millóns de



orzamento, dedicado á vacinación, que é a clave de todo isto. Un documento común para todas as áreas sanitarias que establece unha serie de medidas que levamos meses impulsando, tanto transversais como específicas, en función do escenario en que se atopen segundo a presión de urxencias e a ocupación da hospitalización. Este plan artículase a través de prevención, vixilancia epidemiolóxica, planificación dos recursos asistenciais e seguimento e monitorización continua.

Desta volta a novidade está na maior anticipación, a cal nos permite reforzar os recursos asistenciais antes de que a demanda se vexa incrementada. Para iso puxemos en marcha, coa colaboración dos colexios de farmacéuticos de Galicia, unha rede de vixilancia de farmacias sentinela con setenta oficinas que informan semanalmente das dispensacións de medicamentos antigripais e de test de antíxenos. Isto, aínda que a vostede podía parecerlle irrelevante, bríndanos unha información tremendamente valiosa, que nos permite comparar as dispensacións coa taxa de consultas por infeccións respiratorias agudas en atención primaria e coa taxa de ingresos hospitalarios con gripe confirmada. É un modelo predictivo, señora Prado, é un modelo predictivo. Non sei se sabe o que significa iso, un modelo predictivo. A análises epidemiolóxicas que temos de forma anticipada permítenos planificar a mobilización de recursos e optimizar procesos asistenciais, de xeito especial nas áreas de urxencias hospitalarias, a hospitalización e a actividade cirúrxica. Para este cometido e para toda a vixencia do plan temos a posibilidade, como continxencia, de ampliar seiscentas camas en hospitalización nos escenarios de maior tensión. Estas camas están xa nos hospitais, despréganse e habílanse en momentos puntuais de maior tensión.

No que ao persoal se refire, para articular este plan empregamos os recursos existentes no Sergas, xunto con reforzos extraordinarios mediante bolsas de voluntarios, intersubstitucións e prolongacións de xornada, porque ante unha situación de escaseza xeral de profesionais sanitarios non nos queda outra que reforzar a atención sanitaria e anticiparnos cos recursos que temos dispoñibles. Pero neste asunto, na escaseza de profesionais, lamentablemente vostedes nunca enfocan ben e por iso nunca lle piden contas ao Goberno central, que é quen ten a responsabilidade.

Mire, señoría, empregar estes mecanismos que vostede critica permítenos garantir que a poboación reciba unha asistencia de calidade, á vez que se compensa o esforzo dos profesionais sanitarios. Nestes anos este Goberno foi quen de incrementar os conceptos retributivos para mellorar as condicións dos traballadores do Servizo Galego de Saúde. Incrementamos o prezo das intersubstitucións; igualamos as retribucións das prolongacións de xornada en primaria coa hospitalaria; habilitamos un sistema de repartición dos pacientes no caso de vacante dun médico habitual; actualizamos os prezos das gardas, incluíndo as MIR; e aprobamos o manual de cobertura de ausencias en centros de saúde. Todas estas medidas tomáronse co acordo dos representantes sindicais e dos profesionais sanitarios.

Temos que ser realistas e unir esforzos mentres afrontamos este déficit de profesionais sanitarios. Negar a evidencia e pórse de perfil, como fan vostedes, non conduce absolutamente a nada. Moitas das medidas anteriormente enumeradas foron da man de acordos sindicais máis amplos que, no caso da atención primaria, permitiron mellorar as condicións establecidas: implantación dun complemento de turnicidade na atención



primaria; establecemento dos días 24 e 31 de decembro como día de especial significación para efectos retributivos; habilitación dun sistema de repartición dos pacientes no caso de vacante dun médico habitual; redución progresiva de 112 horas anuais na xornada laboral; posibilidade de facer prolongacións de xornada cos pacientes propios cando exista un exceso sistemático na axenda diaria do profesional. Estas medidas permiten que a atención primaria teña o maior índice de estabilidade laboral. Sirva de exemplo que menos do oito por cento do persoal médico é eventual, reducíndose a 0,7 por cento en pediatría.

Como dicía, este reforzo invernal que facemos garda similitude co dispositivo que puxemos en marcha este pasado verán con resultados moi satisfactorios. E, señoría, os resultados aválannos na nosa decisión. De maneira semanal, cada xoves publicamos un amplo informe onde se detalla a evolución da gripe, taxas de consultas, resultados de probas, ingresos hospitalarios e informacións remitida polas redes de farmacia. Planificación sanitaria, señora Prado. Semanalmente todos os galegos teñen a información precisa publicada na nosa web cos datos, indicadores de evolución de cada semana dende que se puxo en marcha o plan. Transparencia, señora Prado.

Así pois, de todos os datos recollidos ao longo destas semanas de funcionamento do plan pódese extraer unha tendencia clara: o descenso dos casos dos ingresos e das consultas. Atopamos un escenario de risco baixo. Os datos da semana tres confirman que a taxa de consultas por gripe nos servizos de atención primaria diminuíu un 13 por cento con respecto á semana anterior. Os ingresos hospitalarios son un 26 por cento inferiores. A taxa de consultas por infeccións respiratorias agudas descendeu un 31,1 por cento. Os ingresos por VRS tamén se viron reducidos en relación coa semana anterior e o 71 por cento dos galegos ten cita no seu médico de cabeceira en menos de catro días. ¿Onde está o colapso, señora Prado? ¿Onde está o colapso? Os informes semanais que se foron realizando mostran que nestes momentos nos atopamos nunha situación estable e de baixo risco, onde só o quince por cento das urxencias atendidas son ingresadas.

En definitiva, se tivésemos que definir en dúas palabras o dispositivo posto en marcha este inverno serían «planificación» e «anticipación». O seu catastrofismo e alarmismo continuo carece de fundamento. Pero vostede siga a teimar contra realidades, que nós seguiremos traballando para mellorar a sanidade pública e de todas as galegas e galegos.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

En rolda de réplica, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señor Gómez, a súa intervención lembrábame ás intervencións dos conselleiros do Medio Rural do Partido Popular, que gababan o éxito do dispositivo contra o lume porque chovía. Entón, viñan aquí presumir de que case non houbera incendios e tal porque resulta que choveu. E vostede vén facer o mesmo. Vén aquí presumir de que, claro, a súa planificación fixo que non houbera saturación nos servizos de non sei que.



Primeiro, xa lle dixen cal é a situación. Pero é que, claro, segundo esa planificación que vostedes colgan na súa web agora tiñamos que estar botando por fóra, que tiñamos que estar en pleno pico da gripe. Nin sequera acertan na predición, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Si, si, si. Vostede andou dicindo que o pico da gripe ía vir agora, cando só con ver tamén o que pasou no hemisferio sur podían facer unha idea. ¡Home, por favor! Ou sexa, que gábase un pouco menos dos seus modelos predictivos, porque de momento van *justitos*.

Vostede fala de que planificou e de que non ten a culpa de que o virus da gripe afecte. Claro, non ten culpa de que veña a gripe; do que ten culpa é de non planificar e de pretender pasar por planificación medidas que o único que fan é os mesmos recursos decidir que se atende e que non. E vostedes deciden que cos mesmos recursos se atendan as persoas con procesos respiratorios, que estou de acordo, ¡pero á custa de deixar desatendido todo o resto! Iso é o que teñen posto no papel. (*Aplausos.*) E xa lle dixen que é o que teñen posto, esa é a realidade. E, se non, saque aquí vostede esas comunicacións das direccións xerais e das xerencias a ver o que din.

Vostede dixo hai uns días nunha entrevista nun medio de comunicación, en concreto na Ser, que a vida de conselleiro é moito mellor do que agardaba. Díxoo vostede. Podes facer moitas cousas, coñeces moita xente interesante. É unha vida apaixonante. A min paréceme moi ben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero déixeme acabar, tranquilo, non se acelere. A min alégrame que vostede estea tan satisfeito, que lle pareza tan fascinante o seu labor. O que xa non me alegra é que as persoas que teñen necesidade da sanidade pública e que sofren as políticas sanitarias do Partido Popular, e desde hai case un ano a de vostede, non se sintan así de satisfeitas. Iso é o que me preocupa. Porque, mire, a situación da sanidade non son estatísticas, non é vir aquí soltar unha verborrea de cousas que non se sustentan na realidade. Porque vostede pode dicir que todo é fantástico porque non se pon nos centros de saúde. Porque, se se puxese nos centros de saúde ou nas entradas dos hospitais —non protexido, non avisado—, a resposta que ía recibir da xente non é ese mundo de marabillas que vostede veu aquí dicir.

As consecuencias da sanidade non son estatísticas; aféctanlle a persoas reais, a persoas de carne e óso. E vou darlle un exemplo dunha persoa, Lola, de Ponteareas, que faleceu hai uns días e que quixo que a súa esquela pública dixese: «Voume con 57 recén estreados, con gran axuda das mans privadas que xestionan a sanidade pública». Pódense imaxinar polo que pasou esta doente para poñer isto na súa esquela. E ¿por que o pon, señor conselleiro? Porque as estatísticas non valen para atender os problemas da xente. Porque Lola, desde que empezou a sentirse mal e empezou a ir ao médico de familia ata que lle diagnosticaron un cancro pasaron meses; como desgraciadamente lles pasa a moitos galegos e galegas, aínda que vostede o nega. Pasaron meses, porque ela vivía en Ponteareas e en Ponteareas deuse a circunstancia de que houbo días que en vez de quince médicos había cinco, de que tardan un mes para ter unha cita e, para as sucesivas, outro mes. Ela encontrábase mal e parecía que non era nada, volvía encontrarse mal e parecía que non era nada e cando llo diagnosticaron era tarde. Logo tivo que dar a cara polo mal que estaba de recursos o Hospital de Día de Oncoloxía do Álvaro Cunqueiro, porque moitas veces mandáronos para a casa sen tratamento, e volveu dar a cara polos profesionais que estaban alí exhaustos. (*Aplausos.*) Esta é a realidade de Lola, que o estou dicindo aquí porque a familia nos pediu que o fixésemos público, porque ela loitou porque a sanidade pública atendese as persoas cando o precisan.



Desgraciadamente, non é un caso illado. Non é un caso illado, señor Gómez, non é un caso illado. Eu podería falarlle doutras cantas Lolas. Entón, non veña vostede aquí dicir que todo está ben, porque non está ben. ¡Nada está ben! E non veña aquí dicir que a maioría da poboación ten atención sanitaria en tres ou catro días, porque sabe que non é certo. Non veña aquí dicir que os nenos e nenas deste país —como dixo unha deputada o outro día— teñen asistencia pediátrica sempre, porque é mentira. Vaia a Valdeorras dicirlles a eses nenos que non teñen pediatra. Vaia á Barbanza, vaia ao Salnés, vaia á Mariña, vaia a Ribadeo e dígalles que teñen a atención que precisan, porque igual o corren a gorrazos. Porque non se pode ter tanta desfachatez de vir aquí dicir que todo está ben cando esta é a situación. *(Murmurios.)*

Eu, en nome do BNG...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...tiña por escrito toda unha serie de preguntas concretas e vostede non contestou ningunha. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non contestou ningunha porque lle é máis fácil vir aquí co rollete, efectivamente, e non contestou ningunha. Pedímoslle información: ¿cantas persoas en Galiza non teñen médico asignado? ¿Cantos nenos están sen pediatra? ¿Cantas horas traballan? Porque vostede o único que e dixo aquí é: «pagámoslles aos profesionais polo traballo que fan». ¡Faltaría máis! Páganlles por traballar o dobre ou o triplo. ¿Vostedes cren que estean en condicións de atender os doentes traballando todos os días o dobre do que teñen que traballar?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Xa remato, señora presidenta. ¡Faltaría máis! ¿En que condicións? ¿En que condicións atenden? Pasan estas cousas: que, cando os profesionais están nesta situación, as Lolas do noso país chegan tarde aos diagnósticos e perden a vida con 57 recén estreados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Señora Prado, lamento moitísimo o falecemento de Lola, pero lamento aínda máis que utilice un drama persoal como ferramenta política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non vou caer nese circo; *(Aplausos.)* nin por formación, nin por educación, nin por traxectoria profesional vou caer nese circo. E voulle dicir unha cousa que coñezo ben, que é o que pensan os pacientes do cancro da xente que os quere utilizar politicamente: non pensan moi ben, que o saiba.

En resumo, sigo co rollo. Desde a Xunta traballamos co obxectivo último de mellorar a sanidade pública e a vida dos galegos. Moitos exemplos: plan de inverno, plan de verán, o



Proxecto Xenoma Galicia, o plan de redución da burocracia, o incremento do número de cribados... Vostedes, mentres tanto, ¿que fixeron? ¿Que fixeron? O de sempre; criticar, criticar e criticar. Incluso cando facemos algo novo, como é o plan de verán ou o plan sanitario do inverno, tratan de menosprezalo e críticoalo interpelándonos por el.

Eu de verdade que lle agradezo esta interpelación. Agradézolle á señora Prado porque nos dá a oportunidade — unha vez máis — de trasladar aos galegos como está a funcionar o Plan de inverno, que tanto critica, posto en marcha pola Xunta.

Vostedes só queren ruído, porque aí é onde se senten cómodos. Pero o ruído non produce nada, absolutamente nada. Nós, a diferenza de vostedes, falamos con actuacións, con datos, que, mal que lles pese, desmóntanlles o seu discurso derrotista que só fai falar mal do público. Señora Prado, con datos na man, a situación da atención primaria a 27 de xaneiro é que máis do setenta por cento galegos teñen cita en menos de catro días no seu médico de cabeceira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, a presión dos puntos de atención continuada e de urxencias atópase en niveis baixos de risco. As urxencias levan días en descenso e a porcentaxe de urxencias ingresadas atópase no quince por cento. A monitorización dos indicadores sobre a evolución da gripe son estables; tanto os datos asistenciais como os datos da rede de vixilancia de farmacias sentinela, evolución favorable. Das seiscentas camas de continxencias previstas no Plan de inverno, no día de hoxe só están despregadas pouco máis da metade. ¿Onde están os seus datos, señora Prado? ¿Quedaron na casa?

Señoría, está claro que ten un concepto raro do significado da saturación no ámbito sanitario. Os datos das asistenciais e os indicadores epidemiolóxicos din o que din. Fronte a eles, as súas mentiras. Estes bos datos son resultado do traballo de todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde, da súa dedicación, do seu compromiso por brindar cada día a mellor das atencións a toda a poboación; sen esquecerme — sei que lle molesta — dos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia e as farmacias que colaboraron de maneira estreita na posta en marcha da rede de vixilancia de farmacia sentinela, informándonos das dispensacións de medicamentos antigripais e de test de antíxenos. Ese labor de prevención e vixilancia epidemiolóxica permitiunos adiantarnos aos acontecementos empregando os recursos da maneira máis axeitada en cada momento.

Pero sen dúbida ningunha, a baixa incidencia da gripe que estamos a ter polo momento foi grazas aos galegos. O seu compromiso coa prevención, é dicir, coa vacinación, permitiunos ser unhas das comunidades máis protexidas fronte á gripe. ¿Tampouco lle parece un acerto? ¿Tampouco lle parece un acerto iso? No que vai de campaña Galicia suma case 800.000 persoas vacinadas. Isto supón máis do 65 por cento da poboación de máis de 60 anos, acadando o 85 por cento nos maiores de 80 anos. Unha porcentaxe elevada que demostra a concienciación e a sensibilidade da poboación galega fronte ás vagas de gripe. Aproveito estas intervencións para recordar e lembrar que a campaña de vacinación finalizará este venres 31 de xaneiro.

Remato xa, pero non sen antes incidir nas miñas palabras: neste momentos non hai saturación nin colapso ningún; a presión asistencial dos centros de saúde e das urxencias



mantense estable. O xoves teremos un novo informe da Dirección de Saúde Pública que nos dirá se a tendencia se mantén estable. En todo caso, pese ás boas perspectivas, non baixamos a garda. Estamos vixiantes para poder anticiparnos e estar preparados ante un eventual incremento da incidencia.

A súa alarma non ten fundamento. Lamento —repito— que para vostedes a sanidade pública sexa unha arma política. Por fortuna, hai dirixentes do seu partido que non pensan o mesmo. A proba está en que a semana pasada un concello gobernado polo Bloque, polo señor Lores, concretamente, recoñeceu a actividade dun hospital público do Servizo Galego de Saúde co premio Cidade de Pontevedra.

Vostedes sigan criticando todo o que facemos, continúen inmersos nese negaolismo que impregna todas as súas actuacións; esa atracción fatal que teñen, esa adicción pola palabra «non». Nós, mentres tanto, seguiremos traballando pola saúde dos galegos e das galegas e por un sistema sanitario público que é dos mellores do mundo. E isto dío o conselleiro de Sanidade, pero tamén, non se esqueza, señora Prado, un compañeiro seu, o doutor Lores.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Gomez Caamaño.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día, no apartado 8.1. Era unha pregunta que tivo unha solicitude de aprazamento por parte da Xunta de Galicia e a solicitude de aprazamento está rexistrada co documento 18059. Tamén houbo unha alteración da orde do día consistente en substanciar a continuación a pregunta que leva o documento de rexistro 16708, que figuraba no punto 8.5.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a declaración do proxecto para a instalación dunha planta de biometanización en Coeses, no Concello de Lugo, como iniciativa empresarial prioritaria

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora deputada dona Monserrat Valcárcel Armesto.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas.

Señora conselleira, ¿sóalle a canción de Queen «*I want to break free*»? Aí onde di «quero ser libre das túas mentiras», ben a poderían entoar as xentes de Lugo que hoxe nos acompañan no Parlamento, xa que queren verse libres da ameaza que supón a construción dunha planta de biometano que quere procesar 53.000 toneladas ao ano dunha mestura de residuos orgánicos de matadoiros, industrias de carne, peixe e leite que, segundo recoñece a propia empresa nos seus informes, emitirá cheiros durante as 24 horas, todos os días do ano e cun verquido de cen metros cúbicos ao día de augas residuais ao regato de Vilalvite e, posteriormente, ao Miño. Esta planta proxéctase a menos de quíntos metros das vivendas



cando, segundo a normativa europea, debería situarse polo menos a quilómetro e medio da poboación e, segundo os expertos, a máis de tres quilómetros se procesan residuos animais, como é o caso. E nesta mala ubicación a Xunta outorgoulle o carácter de iniciativa empresarial prioritaria, xa que, segundo vostedes, ten razóns de interese público e permítenlles a ubicación nun terreo forestal, reducíndolle ademais á metade os trámites autonómicos. E todo porque a empresa vai dar cinco postos de traballo.

Esta planta, con 53.000 toneladas ao ano, require unha achega constante e moi elevada de residuos para o seu procesamento; e algúns, como os de conserveiras, moi próximos non van ser, senón que todos van ser residuos que veñen de lonxe, o que provocaría un tránsito continuo de camións con cheiros preto da planta e, polo tanto, das vivendas.

Tamén, con este tamaño, o volume de residuos almacenados é grande, cun maior volume de dixerido a xestionar e tamén maiores riscos en caso de escape de emisións ou incendio. E xa me adianto a contarlle, antes de que me diga que somos os do «non», que si que hai instalacións de biogás metano que son razoables, aquelas co tamaño idóneo para procesar os residuos de pequenas explotacións agrícolas e gandeiras próximas e que producen biogás para esas mesmas instalacións agrogandeiras. Pero non é a situación desta, nin en tamaño nin, sobre todo, na mala ubicación.

Polo que lle pedimos rectificar; que reconsideren que esta planta sexa iniciativa empresarial prioritaria. Porque o Goberno da Xunta foi o responsable de outorgarlle xa no 2021 esa alfombra vermella, cando a súa ubicación é mala. A veciñanza de Lugo, que leva mobilizándose tantos meses manifestando a súa oposición á planta na que temen o futuro dos seus fillos, porque ven perigar o valor das súas casas e a súa saúde, estaríalle moi agradecida. ¿Van vostedes facelo? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Valcárcel, eu creo que os veciños de Lugo tamén lle estarían a vostede moi agradecidos se non os enganase co que acaba de explicar. Vostede sabe o que é unha iniciativa empresarial prioritaria, e sábeo porque ademais vostede mesma pediu o expediente administrativo e o comprobou perfectamente. A iniciativa empresarial prioritaria é unha figura que xa non existe; que existía no momento no ano 2021 cando se declarou e que non supón nada respecto do futuro do proxecto. E o malo de todo isto é que vostede o sabe, e vén aquí ler eses papeis para facer crer á xente que o futuro de que esta planta saia adiante ou non depende da súa cualificación como iniciativa empresarial prioritaria. Está faltando vostede á verdade, e vostede sábeo; vostede sábeo. *(Aplausos.)*

O único que supón a cualificación da iniciativa empresarial prioritaria é a axilización procedemental, a tramitación do procedemento polo órgano ambiental, que, na fase na



que estamos, é exactamente igual, tería que tramitarse exactamente igual. E vou a máis, a iniciativa empresarial prioritaria desapareceu, porque eu mesma refundín, dalgún xeito, a única figura de axilización industrial, que é o PIE, que si ten a forza de licenciar os proxectos. Este proxecto vai ter que ser obxecto de licenza municipal; entón, quixera eu saber se coa mesma forza que está reclamando algo que non vai ter ningún efecto para o proxecto, vai reclamálo o Concello de Lugo, que vai ter que dar a licenza a este proxecto. *(Aplausos.)*

Fale con claridade aos cidadáns, ¡fale con claridade aos cidadáns! Estamos na tramitación ambiental dun proxecto. O órgano ambiental ten que facer a declaración de impacto ambiental. É obrigado para o Goberno —para a Administración, neste caso— facer esa tramitación, e o futuro da planta non depende de que estea cualificado como iniciativa empresarial prioritaria. Vostede sábeo de sobra. Non poña esa cara, porque non a cremos máis por pór esa cara. *(Risos.)*

Mire, non existe no procedemento ningunha vía para caducar a iniciativa empresarial prioritaria, cumpre dous requisitos dos catro. Hai catro requisitos que se poden cumprir, dous son os necesarios para ser cualificado no seu momento como iniciativa empresarial prioritaria. Vostede comprobouno. E eu dígoles aquí: ¿comprobou o expediente administrativo que solicitou? ¿Cumpría ou non cumpría os requisitos? ¿E cal é a vía que vostede propón á Administración —que parece ser que non nos enteramos— para caducar un procedemento, para descualificar a iniciativa empresarial prioritaria? Acláreme, por favor: ¿cal é o efecto que ten respecto da autorización desta planta ou non o feito de que sexa iniciativa empresarial prioritaria? A min non, que eu xa o sei, aclárelles aos cidadáns de Lugo cal é o efecto que ten que sexa iniciativa empresarial prioritaria respecto da autorización, e sobre todo da licenza que ten que dar o Concello de Lugo.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Para a réplica, a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCCEL ARMESTO: Bueno, creo que o ton así, de enfadada, pola pregunta llelo tería que dar, ao mellor, ás concelleiras do PP, que no Concello de Lugo si que votaron que non a esta planta de biometano, *(Aplausos.)* ou, en todo caso, tería que enfadarse co seu propio organismo de Sanidade Pública, que fixo un informe negativo.

Entón, aquí eu creo que ou non ten boa comunicación con Elena Candia *(Murmurios.)* ou é que pensaron que a xente de Lugo ía pasar por todo e que se lle poñían unha planta con cheiros a todas horas do día non ían ter ningún problema e que ían tragar con iso.

A xente que nos acompaña hoxe aquí, que está tamén nunha sala anexa e os que están fóra son todas persoas ben informadas. Veñen sabendo ben o porqué e a que veñen, e agardan unha resposta clara a unha pregunta que eu lle fixen, sobre todo pensando en que o que quere esta xente —e repítollo— é verse libre desa ameaza que supón a construción dunha



planta de biometano que quere procesar 53.000 toneladas ao ano dunha mestura de residuos que emite cheiros durante as 24 horas do día, todos os días do ano.

Esta planta o problema que ten é que está proxectada a menos de 500 metros das vivendas. Sigo dicindo, coñecendo esa mala ubicación, danlle unha iniciativa positiva —dáme igual que sexa o PIE ou que sexa a iniciativa empresarial prioritaria—, cando iso lle outorga reducir os trámites. E, non é por nada, pero se a lexislación para esas iniciativas non ten en conta esa distancia para unha planta que molesta a veciñanza, pois terán que modificala. Porque digo eu que a saúde física e psíquica das persoas está por riba de calquera outra razón.

Polo que lle volvo pedir que rectifiquen e que non poñan esa planta de biometano nesa ubicación. (*Aplausos.*) É claramente o que lle estamos pedindo. Porque, a esa veciñanza ¿quen a vai indemnizar se as súas casas perden valor por ter esa planta de biometano?, ¿vai ser a Xunta?

E volvemos dicir o mesmo: ¿que resposta lle dá a toda esta xente de Lugo? É a única pregunta que eu lle fago. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Vancárcel, o seu é confundir, porque na confusión é onde está cómoda. Para vostede dá o mesmo IEP que PIE, e non, non dá o mesmo. Se isto fose un proxecto industrial estratéxico, a Xunta si tería que dicir respecto, por exemplo, na cualificación do solo, e non existiría licenza municipal.

Eu, sinceramente, creo que o sabe, que é o peor; repítolle, non é ignorancia, é que o sabe, e está mentindo aquí á cidadanía. Iso é o grave do que está facendo. Vostede distingue perfectamente as figuras.

Pero, en calquera caso, ¿vostede está a favor de buscar unha ubicación alternativa ou non? Porque a min non me queda absolutamente nada claro. En comisión preguntalle á Xunta se vai buscar unha ubicación alternativa; é dicir, o órgano ambiental dicíndolle ao promotor do proxecto que busque outra ubicación para o proxecto. ¿Pero vostede cre que o órgano ambiental ten competencia para buscar unha ubicación alternativa ao proxecto? Con todo —e volve vostede confundir outra vez—, o Partido Popular, no Concello de Lugo, si presenta unha moción para que o Concello de Lugo —que digo eu que algunha competencia terá urbanisticamente e sobre o territorio do seu municipio— traballe coa empresa en buscar unha ubicación alternativa. Dígallelo aos veciños de Lugo.

¿E que fixo o BNG en Lugo? Votar en contra da iniciativa do Partido Popular para buscar unha ubicación alternativa á planta de Coeses. (*Aplausos.*) Explíquelles vostede aos veciños



de Lugo para que lles quede claro que todo o que está reclamando a Xunta de Galicia non ten máis competencia que a avaliación ambiental e a autorización ambiental integrada deste proxecto e que ten que licenciar o Concello de Lugo. Vostede ao Concello de Lugo non lle reclama nada. Non lle reclama nada; aos seus socios non, pero si ao Partido Popular. Imos confundir aos veciños e que crean realmente que é o Partido Popular o que ten as competencias para cambiar a ubicación da planta. Pois non, efectivamente, non temos competencias.

Pero o seu é o de sempre: confundir a xente e dicir que non. Claro que son «os do non», ¡claro que son «os do non»!, ¡absolutamente os do non a calquera industria e sobre todo a incorporar confusión nas persoas! Non enganen a xente, explíquenlle claramente quen ten as competencias respecto deste procedemento. Que quede clarísimo que a condición de IEP non prexulga para nada que o proxecto se teña que autorizar ou non. Aquí ten que haber unha declaración de impacto ambiental, favorable ou desfavorable, e, no caso de que sexa favorable, é o concello o que ten a última palabra e o que ten que dar licenza para que se instale este proxecto. Vostede non escoita, ¿sabe por que? Porque todo isto xa o sabe, pero non llo quere dicir á xente, prefire mentirilles.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa orde do día.

Vai procederse á acumulación, para os efectos de debate, das preguntas 17810 e 1830 —os puntos 8.2 e 8.3—, respectando o artigo 159.1 do Regulamento, por referirse ao mesmo tema.

En primeiro lugar, refírome á pregunta rexistrada, como dicía, co documento 17810.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da constatación de mortes por fusilamentos e polo trato ás persoas represaliadas producidas na illa de San Simón entre outubro de 1936 e marzo de 1943

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas de coñecemento e divulgación que prevé impulsar a Xunta de Galicia logo da declaración da illa San Simón como lugar de memoria democrática

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta empezará o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.



Boa tarde, señor conselleiro.

Temos que volver falar aquí neste pleno de memoria histórica, aínda que sei que a vostedes non lles gusta moito, porque, como xa nos dixeron nalgunha ocasión, é unha teima que temos nós, os socialistas, por revivir a Franco. Pois, moi lonxe disto. Temos que volver falar, porque novamente o Partido Popular volveu demostrar o seu interese por reescribir a historia e negar a realidade do acontecido en Galicia durante a Guerra Civil e os anos de represión franquista.

Temos que volver falar porque un deputado do Grupo Parlamentario Popular deu a súa visión sobre o acontecido en San Simón nos anos da guerra e nos primeiros anos da Ditadura, unha visión moi lonxe da realidade, achacando os malos tratos alí sufridos polos presos a un director de prisión —dixo— moi ríxido, que pagou por iso, e negando que existisen nela mortes e fusilamentos.

Pero o grave disto non só é iso, o grave disto é que non foi só unha ocorrencia dun deputado do Partido Popular, porque aí estaba o portavoz do Partido Popular nesa comisión, que fixo espaventos e levou as mans á cabeza dicindo ¡que barbaridade!, cando eu falaba na miña intervención de que esa illa foi un campo de concentración dos máis temidos durante a Guerra Civil. E estou segura, ademais, de que foi el quen lle pasou esta información para a súa réplica, o que é un plus de gravidade por ser o portavoz do Grupo Popular e por ser de Redondela.

E diciálle isto porque non foi un feito illado froito do descoido dun deputado, senón que forma parte do negacionismo que dende hai moitos anos mantén o Partido Popular coa historia da illa de San Simón; negacionismo que os levou a frear todo o proxecto presentado nela durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño e a desvincular a illa dun anaco da súa historia. Coa chegada de Feijóo no ano 2009, desapareceu a denominación deste lugar como «illa da memoria», a exposición permanente e as actividades que nela se viñan facendo dende o ano 2006.

Pois ben, a esa «illa do pensamento», como vostedes a denominaron no ano 2010, quixérona converter, segundo dicía o daquela conselleiro de Cultura, o señor Varela, nun foco da actividade cultural. A partir de aí organizáronse neste lugar, a cargo de empresas privadas, o festival Sinsal, xincanas, estacións de ioga... E o colmo da desvergoña xa foi no ano 2019, cando o Goberno da Xunta autorizou a unha navieira organizar alí unha versión galega da noite de Halloween, «*Un samaiñ de medo en la isla de San Simón*» se anunciaba. Finalmente non se fixo, non sabemos se pola borrasca que entrou eses días, que ata a natureza tremeu con esa esperpéntica idea, ou pola presión dos familiares dos represaliados, ou doutros partidos, entre os que estabamos nós, os socialistas.

Quero dicir con isto que isto non foi algo illado, o da manifestación do outro día, senón que o Goberno do Partido Popular leva anos empeñándose en difuminar a memoria dos represaliados na illa de San Simón. Dixo Rueda que hai que deixar este tema aos historiadores, e demostra pouco coñecemento da cultura, porque dende Antonio Caeiro, no ano 1988, cunha película chamada *Illados*, foron moitos os historiadores que se



documentaron e se sucederon visibilizando e dando mostra documental das mortes e dos fusilamentos acontecidos na illa.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Castro.

Ten agora a palabra o señor Bará por tres minutos tamén.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, imos falar de San Simón, e eu quero falarlles de José Mejuto, un mecánico de Cangas de 31 anos, preso en San Simón, que lle escribe nos últimos días da súa vida cartas á súa familia, á súa muller, Alejandra Nogueiras, e aos seus catro fillos, que vemos aquí nesta fotografía, señor conselleiro. *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)*

Dilles nesa carta: «Cando sexades maiores e fagades unha visita a esta illa, non como eu fixen, á forza e coas mans atadas, senón en plena liberdade, recordade que alí estivo o voso pai, e que cada recanto desta illa é un recordo meu.» *(Aplausos.)*

Esta carta é un mandato para a súa descendencia, para a súa neta, Ana Paula Mejuto, que a está divulgando, pero é un mandato para toda a sociedade galega e para o Goberno galego, que ten que respectar este mandato de José Mejuto. Cada rincón da illa é un recordo seu e dos miles de presos que estiveron alí sufrindo unhas condicións infrahumanas de tortura e de morte.

Señor conselleiro, quero falarlle tamén da carta que lle escribiu á súa moza, a Lola, o alcalde de Bueu, Johán Carballeira, uns minutos antes de ser fusilado tamén por rebelión, por ser rebelde, como lle pasou a José Mejuto. Dille Johán Carballeira: «Conserva esta foto onde escribo, cando falta hora e media para morrer. Morremos ás sete, cando ti despertes e penses en min, seguramente».

Esta é a verdadeira historia de San Simón, do terror, da morte, da tortura en San Simón, como sufriron...

como sufriron Johán Carballeira, José Mejuto e centos de miles de presos que estiveron alí, *(Aplausos.)* que morreron alí, *(Aplausos.)* *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* como os 500 presos que morreron en San Simón, e como testemuña esta foto dun enterro en San Simón. *(Aplausos.)*

Vostedes teñen un problema de desmemoria e teñen un problema de falta de respecto ás vítimas e ás súas familias, ás que ofenden e aldraxan coas súas declaracións, e sobre todo ás que ofenden e aldraxan coas súas actuacións, señor conselleiro, por exemplo, exterminando as políticas de memoria desde o ano 2009, as políticas que impulsou o BNG no Goberno da Xunta, ou convertendo a «illa da memoria», a illa de San Simón, nun parque de atraccións xestionado por empresas privadas —sobre todo por navieiras— onde se fai de todo menos memoria histórica. Está aínda pendente a primeira actividade de memoria histórica organizada pola Xunta do Partido Popular en San Simón, señor conselleiro. Pedímoslles,



polo tanto, que non mintan, que non neguen a verdade. A historia de San Simón non é un debate de historiadores, é un patrimonio e un deber colectivo, en primeiro lugar, do presidente da Xunta deste país.

Quero facerlle unha pregunta moi concreta: despois de quince anos de esquecemento, ¿van dar a coñecer a historia da illa de San Simón como campo de concentración franquista no período de 1936 a 1943? Espero a súa resposta, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Para dar resposta, por ter que responder ás dúas preguntas, ten un tempo de seis minutos. E toma a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas tamén aos voceiros do Partido Socialista e BNG por permitir acumular estas dúas preguntas e así poder respondelas de forma conxunta. E tamén quero pedirllas desculpas por ter que darlles as costas á hora de responderlles, pero é a propia orientación do hemiciclo que así o fai.

Quero dicirlles que, evidentemente —contestándolles aos dous voceiros, tanto á voceira do Partido Socialista como ao do BNG—, non é que ao Partido Popular —neste caso ao Partido Popular de Galicia— non nos guste falar de memoria histórica, en absoluto, creo que nunca rexeitamos este debate; ao contrario, creo que, ademais, nos enriquece a todos. O que non nos gusta é, concretamente, a utilización que fan vostedes dos debates da memoria histórica, aí si que realmente temos unha fonda fenda, unha diferenza, entre a forma en que plantexan vostedes este debate e a forma en que o plantexa o Partido Popular.

Non sei que lle fai pensar ao señor Bará que eses exemplos que acaba de dicir vostede non os sentimos como propios tamén e que non son coñecidos por parte do Partido Popular de Galicia. *(Murmurios.)* Non sei que é o que o leva a vostede a pensar que só representan a unha parte do hemiciclo desta Cámara. Eu creo que todos nos sentimos representados e nos sentimos avergoñados polo que pasou durante eses sete anos na illa de San Simón e noutros espazos similares.

Creo que non vimos aquí polemizar sobre esta cuestión. Eu creo que o Partido Popular de Galicia ten, desde logo, unha historia clara en relación coa defensa das liberdades e dos dereitos das persoas. Creo que non imos vir aquí, durante este período de sesións —estes seis meses que se nos abren neste primeiro pleno—, discutir ou debater sobre quen patrimonializa máis a figura de Castelao, sobre quen quere máis a lingua galega ou sobre quen fala máis de memoria histórica. Creo que temos que falar de Galicia, creo que temos que falar do futuro e do noso patrimonio, pero eu creo que temos que falar tamén, presumindo do extraordinario patrimonio que temos no noso territorio, dos nosos potentes símbolos de identidade e cohesión social. Temos que falar dos nosos patrimonios da



humanidade, das nosas rutas xacobeas, dos 20.000 xacementos ou dos máis de 783 bens de interese cultural (*Murmurios.*), entre os que, efectivamente, se encontra este conxunto senlleiro das illas de San Simón e de San Antón que, na ría de Vigo, teñen e presentan un recurso extraordinario no ámbito natural, no ámbito turístico e no cultural.

Saben vostedes que ao longo da historia as illas de San Simón e Santo Antón acolleron distintas etapas: dende a Etapa Antiga, na que se presupón que xa estiveron poboadas, ata a Idade Media, cun factor moi importante no ámbito relixioso ou comercial; ademais, foron espazo onde floreceu —como saben ben vostedes— a lírica galega. E dentro do pasado máis recente, efectivamente, co inicio da Guerra Civil, as illas atravesaron un período no que nelas foron retidos milleiros de persoas. Esa época de represión —que ninguén discute, por suposto— ocuparía un período realmente escuro, e na actualidade lembrámolo, mais, por desgraza, lamentablemente, non imos poder mudalo por moita polémica que establezamos aquí; pero simplemente temos o dereito, a necesidade e a obrigaón de recoñecer o alí acontecido.

E ademais discrepo co señor Bará porque cada mes de xullo a Xunta de Galicia participa nun acto, na illa de San Simón —no que, ademais, colaboramos todos os anos—, para ser lembrados... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Bará, eu creo que escoitei con total corrección a súa intervención. Dígolle que a Xunta de Galicia participa todos os anos nese acto de recoñecemento ás persoas que alí faleceron. (*Murmurios.*)

Hoxe en día, estas illas constitúen un espazo público, aberto á cidadanía, que é sinónimo de recuperación e de lembranza, cunha actividade —mal que lles pese— vizosa e variada da que gozan milleiros de persoas todos os anos en distintas épocas. Fixéronse traballos de recuperación levados a cabo pola Xunta de Galicia iniciados no ano 1988, fíxose un plan director elaborado por César Portela, a finais dos anos noventa foi declarado ben de interese cultural pola súa categoría de monumento, e pasarían a formar parte del a illa e enseada da Rede Natura 2000 polo seu valor de hábitat natural europeo protexido. Aquel traballo que se iniciou hai máis de corenta anos hoxe é un exemplo de recuperación de patrimonio para o ben común. Hoxe por esa illa pasan ao redor de 30.000 visitas, a maior parte delas visitas guiadas, e hai distintas actividades, como son residencias literarias, que supoñen que a San Simón se achegan 24 escritores e 6 ilustradores, que desenvolvemos tamén coa Rexión Galicia-Norte de Portugal, o Campamento Fiddle, que permite que máis de 500 rapaces convivan, fagan xornadas de convivencia, ao redor da música, do ocio e do tempo libre; ou o Festival Sinsal, que durante tres días achega máis de 3.000 visitantes para desfrutar de grupos emerxentes nun contorno extraordinario.

Polo tanto, garántolles que a Xunta de Galicia vai seguir impulsando o desenvolvemento destas actividades culturais, de recoñecemento, deportivas e educativas na illa de San Simón e na illa de Santo Antón; sempre, por suposto, dando a coñecer o papel deste conxunto ao longo de toda a súa historia e que hoxe é sinónimo de recuperación do patrimonio e de apertura á cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para a réplica do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Señor conselleiro, falar de Galicia é falar tamén..., pero non só hai que falar, senón tamén honrar a memoria de todos aqueles galegos e galegas que loitaron pola nosas liberdades. E por iso vostede ten unha oportunidade aquí de recoñecer, de facer e de honrar a memoria de todas as persoas que foron represaliadas e sufriron a represión franquista na illa de San Simón.

E nós non facemos ningún tipo de utilización, senón que o que defendemos é que é imprescindible, por parte dos poderes públicos, a través das diferentes institucións —a institución autonómica tamén—, levar a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria democrática, desenvolvendo accións precisas, que é o que vostedes non fan dende hai quince anos. Non pensen nin de lonxe que os socialistas vemos isto como algo vingativo, senón restaurativo; restaurativo dunha débeda pendente coa historia, dunha débeda por ter agochado durante moitos anos o relato real e a historia tal e como aconteceu. E todo iso queremos facer dende o consenso dos partidos demócratas, que valoramos, porque defendemos vivir en liberdade e dende o respecto aos dereitos fundamentais destas persoas, dos seus familiares e dos dereitos fundamentais das persoas actuais. ¿Fronte a que? Fronte a unha ameaza como a da ultradereita, que avanza e que arrasa ao seu paso por todos os avances acadados en democracia; unha ultradereita que impón a súa moral e non respecta o diferente. Vostedes, señorías do Partido Popular —ou, mellor dito, os seus homólogos a nivel estatal—, están alimentando esta ultradereita ata que chegue un punto que van ser devorados por ela. E por iso entendemos que a mellor forma de poñer ese cordón sanitario e de loitar contra iso é de forma consensuada, aínda que coas nosas diferenzas, e levando a cabo políticas de memoria, porque coñecer a historia é a mellor forma de evitar que se repita. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Castro.

Para a réplica, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor conselleiro, a Xunta non participa na Homenaxe nacional ás vítimas do franquismo, ¡non participa!; é así, non o pode negar. Eu vou todos os anos e non vexo a ninguén da Xunta alí. ¡É que non participan!, ¡non están! *(Aplausos.)* A non ser que vostede, conselleiro, considere participar a que está alí un representante da empresa que ten a concesión da xestión, pero vostedes non están alí, ¡non está ninguén do Goberno!

E, claro, vostede di que fan moitísimas actividades alí —a maior parte fanas empresas privadas, xa o sabemos—, pero di que vostedes fan alí actividades culturais, deportivas, recreativas, de lecer e non sei que máis, pero non fan nin a primeira actividade relacionada coa memoria histórica. *(Aplausos.)* E iso é unha ofensa, señor conselleiro, ás vítimas, a José Mejuto, a Johán Carballeira, ás miles de persoas que estiveron alí e ás súas familias. Porque a diferenza entre a historia de San Simón como campo de concentración e as demais fases da historia é que esta parte da historia máis recente é unha memoria viva, é unha memoria dolorosa, que lles doe ás familias aínda; polo tanto, todo o que se diga e se faga sobre San Simón é unha agresión e un ataque ás súas vidas.



Polo tanto, señor conselleiro, quero preguntarlle concretamente tamén se van apoiar vostedes a declaración da illa de San Simón como lugar de memoria democrática, se van facer un plan de usos que diga o que se pode e non se pode facer alí, porque non é un lugar calquera. Non se pode facer, efectivamente, un samaín cun titular de atracción que di: «Vén pasar unha noite de terror en San Simón». ¿Como se lles puido a vostedes ocorrer autorizar esa actividade? (*Aplausos.*) ¡É que é un escándalo, señor conselleiro! (*Aplausos.*)

E queremos tamén que vostede diga se van facer unha programación arredor do seu significado como lugar de memoria histórica democrática, que conte o que pasou alí, pero tamén que sexa un lugar de aprendizaxe, un lugar de pedagogía dos valores democráticos, de solidariedade e de resistencia. Polo tanto, deixen de mentir, de negar a realidade, deixen de branquear o franquismo e respecten as vítimas e as súas familias en San Simón e en toda Galiza. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para réplica do Goberno, o señor López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señor Bará, eu creo que vostede fala con coñecemento de causa, e entendo que, ademais, está perfectamente documentado e que sabe, ademais, que, por moito que este goberno se empeñe, quen ten que facer o recoñecemento do lugar de memoria democrática non é o Goberno da Xunta de Galicia; sábeo vostede perfectamente. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, sabe vostede perfectamente que por moito que o apoie o Goberno da Xunta de Galicia, quen ten que facer ese recoñecemento, e non o fixo ata o de agora —e non o fixo— ... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) —¿Está? Está ou non está...—. Quen non o fixo, está claro, dende hai máis de seis anos —e levan vostedes apoiando este tema e este goberno no Goberno central—, é o Partido Socialista en Madrid, e son vostedes socios do Partido Socialista. Non vexo que, se tanto os preocupa, nos seus acordos de goberno co Partido Socialista, non estivera recollida a declaración de... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Claro!, é que, se é un tema tan transcendente e tan importante para vostedes, (*Aplausos.*) non entendo como lles escapou nese acordo co Goberno socialista que, por exemplo, non se restaurasen os lugares da memoria en Galicia, (*Aplausos.*) por exemplo. Sería unha cuestión que lles podería dar a vostedes, seguramente, moito discurso, pero non o fan; simplemente veñen aquí cuestionar o Partido Popular para intentar mesturar. E sabe vostede perfectamente —e coñéceo vostede perfectamente— que non é competencia do Goberno da Xunta de Galicia nin deste Parlamento declarar lugares da memoria democrática. (*Murmurios.*) E, se é así —como parece que se anunciou que será así—, pois, evidentemente, estaremos, por suposto, ao que se decida e faremos as accións que sexan necesarias e que se recollan nese documento. Pero, mentres tanto, a illa de San Simón non é lugar da memoria, non está declarado como lugar da memoria. (*Murmurios.*)

E como dixen na miña intervención, desde logo, nesta illa, a través de milleiros de anos, pasouse por moitos momentos. Creo que é unha oportunidade e que segue sendo unha



oportunidade todo este espazo: unha oportunidade turística, unha oportunidade medioambiental, cultural e de memoria, de recoñecemento; por suposto, ninguén escapa a esa realidade do coñecemento do seu conxunto.

A posición do Goberno galego é clara, clarísima. Traballamos para poñer en valor este conxunto senlleiro dende hai máis de corenta anos, sen renunciar nunca en ningún momento á súa historia. Por iso o noso traballo como institución consiste en seguir velando pola protección dese extraordinario patrimonio e pola divulgación das diferentes etapas que pasaron ao longo da súa historia. O Goberno galego xestiona este conxunto —como dixen antes— a través da cesión —do Goberno de España— de uso do ano 1997; compétenos, por tanto, á Xunta de Galicia a xestión deste espazo pola cesión do seu uso; cesión que se fixo hai trinta anos coa finalidade de facer exclusivamente as obras de recuperación e posterior desenvolvemento do Plan director deseñado por César Portela.

Quedan, polo tanto, dous anos de xestión para o vencemento desta cesión a Galicia. E quero informar —e gustaríame trasladarllo a esta Cámara— que o Goberno da Xunta de Galicia solicitará formalmente ao Goberno de España a cesión da titularidade das illas de San Simón e de Santo Antón para que pasen definitivamente a ser patrimonio de todos os galegos e de todas as galegas. (*Aplausos.*) Creo que ese si é un paso que temos que asumir e, desde logo, tamén espero e desexo que tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista nos apoiem nesa reivindicación.

Con esa concesión... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —agora lle explico o que vou facer, non se anticipe vostede— imos mellorar a oferta de actividades creativas e culturais, e imos tamén seguir potenciando a recuperación da memoria e seguir poñendo en valor toda a historia como unha parte das grandes xoias do noso patrimonio.

E aproveito tamén outro aspecto non menor, xa que os dous grupos levaron o tema ao foco da reclamación de cuestións pendentes, ao foco da memoria democrática, para recordarlles que a Xunta de Galicia, despois, ademais, dunha proposición realizada neste Parlamento, solicitou ao Goberno central a cesión do pazo de Meirás, da que no día de hoxe aínda non sabemos absolutamente nada. Como resposta, ata o de agora Galicia só tivo esquecemento dun goberno que nin tan sequera cumpre coas obrigacións mínimas do réxime de visitas.

Quizais sexa, ao mellor, un bo momento para recordar —en acto de memoria— e para que poidamos celebrar o de que Meirás, o pazo de Meirás, poida ser visitado pola cidadanía, como mínimo, tal e como estipula a lei. Aí si que a lei estipula un réxime de visitas. E o Partido Socialista e o BNG, acompañando o Partido Socialista no Goberno central, nin sequera son capaces de facer a cesión da propiedade á Xunta de Galicia, nin garanten o mínimo réxime de visitas establecido como ben de interese cultural. (*Aplausos.*) Esta é a realidade: «consellos vendo, pero para min non teño». Desde logo, creo que con isto queda perfectamente claro cal é o seu nivel de compromiso.

Polo tanto, volveremos reclamar esa cesión do pazo de Meirás. Esperemos contar co seu apoio para que Galicia poida contar dentro do seu patrimonio con estes lugares tan importantes para a historia e para a memoria de todos.



Poderemos debater seguramente nos próximos meses a xestión do noso patrimonio cultural as veces que, por suposto, estimen oportuno. E o Goberno galego —non lles caiba ningunha dúbida— estará a realizar —e estamos a realizar— un traballo do que nos sentimos realmente orgullosos. Queremos seguir poñendo en valor —por suposto, dando a coñecer e que a coñezan— a historia de todos estes espazos, a historia do noso patrimonio e a Galicia da que nos sentimos tan honrados.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor López Campos.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas básicas do Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos centros de información ás mulleres, que se porá en marcha neste ano 2025

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten tres minutos a señora Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleira.

A violencia de xénero é unha lacra que atenta contra os dereitos humanos e é un dos maiores extremos de desigualdade; unha lacra contra a que —non nos cansaremos de repetilo— só cabe tolerancia cero e na que, máis que en ningún eido, é precisa a unidade.

A promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero son, polo tanto, obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia. A nosa comunidade é pioneira neste eido, tanto en materia lexislativa como nas medidas de protección e acompañamento das vítimas, e tamén na prevención, formación e medidas para a promoción da igualdade.

Somos a primeira comunidade con direccións xerais específicas para a promoción da igualdade e para a loita contra a violencia de xénero; unhas materias ás que este ano 2025 a Xunta adica 56 millóns de euros, o que supón un 10 por cento máis que o ano pasado e o triplo do que adicaba o Bipartito; tres veces máis do que adicaban Bloque e Partido Socialista cando gobernaron.

Eses 56 millóns de euros servirán non só para manter os recursos, servizos e prestacións que xa temos, senón tamén para reforzalos e amplialos, blindando a atención ás vítimas de violencia de xénero con axudas que sitúan a nosa comunidade como referente. Este ano suman máis de 10 millóns de euros para axudas periódicas, axudas de pago único, as indemnizacións e as destinadas especificamente a mulleres feridas, orfos e vítimas da violencia vicaria e con medidas concretas de atención e acompañamento, formación e integración. Dende finais de decembro están en marcha os 5 centros de atención ás vítimas 24 horas.



En canto á promoción da igualdade, conselleira, xa ten anunciado que un dos eixos principais será o reforzo da sensibilización e da concienciación, impulsando a investigación e centrando o foco na mocidade, reforzando as axudas aos concellos para que poñan en marcha programas de igualdade e prevención cun 30 por cento máis de orzamento que o ano pasado.

Neste ámbito municipal vostede xa anunciou tamén a posta en marcha dun plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia, que vén acompañado do maior investimento da historia nestes centros que atenden e informan as mulleres galegas en douscentos concellos.

E precisamente da importancia dos CIM e dos pormenores deste plan é sobre o que hoxe lle queríamos preguntar, señora conselleira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, boas tardes.

A promoción da igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero son dúas das máximas prioridades para a Xunta de Galicia. Estes son uns obxectivos que debemos compartir todas as administracións públicas, porque soamente con esa unión de esforzos é como realmente entendemos que se conseguen os avances.

Pola nosa banda, sabemos e somos conscientes de que debemos de continuar redobrando esforzos neste ámbito local porque é o ámbito que todos sabemos que é o máis próximo para a cidadanía. Precisamente para poder chegar a todas as mulleres galegas en cada recuncho de Galicia, contamos nestes momentos cunha ampla rede de centros de información á muller espallados por toda a xeografía galega. Estamos falando de 84 centros que están nestes momentos en pleno funcionamento e que dan cobertura a preto de 200 concellos de Galicia; uns centros que, como ben saben, son de titularidade municipal, que atenden unha media de 17.600 mulleres cada ano e que garanten, ademais, que mentres haxa unha soa muller que precisa atención, que precisa apoio, que precisa ser escoitada, aí estarán para axudalas en todo o que sexa posible. Ademais, a través destes centros de información á muller, dáselle escoita activa a todo o colectivo LGTBI, sendo tamén neste caso un punto de referencia para todos eles.

Por iso, dende a Xunta de Galicia imos seguir reforzando unha vez máis os Centros de Información á Muller porque, como dicíamos, son os primeiros en escoitar e son os primeiros en darlles solución a todas estas mulleres. Queremos continuar estando ao seu lado e queremos continuar apoiando ese labor, que entendemos que é imprescindible.



Nestes momentos, como ben dicía vostede, señora Arias, xa estamos en marcha con ese Plan integral de actuación para a renovación de todos os CIM e tamén para o seu impulso, e queremos cumprir dous obxectivos que entendemos que son principais: por unha banda, coñecer a realidade destes centros, coñecer onde temos que poñer o foco máis importante para o seu impulso; e, por outro lado, blindar permanentemente toda esa atención que ofrecen. E farémolo, por suposto, apoiándonos, como non podía ser doutro xeito, a través desa escoita activa de todas as profesionais que traballan neste centro e tamén estando sempre en contacto directo coa realidade social de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, conselleira.

En primeiro lugar, quero felicitala pola súa aposta decidida polos Centros de Información á Muller como un pilar moi importante dentro das políticas de igualdade da Xunta de Galicia; unhas políticas que apostan por un feminismo inclusivo, reivindicativo e dialogante. Porque protexer a igualdade non é só unha obriga legal, senón tamén un pilar esencial para construír unha sociedade xusta e equilibrada. Promover a igualdade fomenta tamén a plena integración das mulleres no mercado laboral e mellora a competitividade da sociedade no seu conxunto. Promover a igualdade é, sobre todo, unha cuestión ética, pero tamén estratéxica de cara ao futuro. Por iso, como galega, síntome moi orgullosa de que a Xunta de Galicia teña asumida a loita pola igualdade como o seu sinal de identidade, e os Centros de Información á Muller como uns servizos fundamentais para iso, pola súa capilaridade no territorio, porque son en moitas ocasións o primeiro punto onde acoden as vítimas de violencia de xénero e o punto no que reciben a atención especializada, pero tamén porque son os lugares nos que se traballa na prevención, na formación e na información sobre igualdade e asesoramento xurídico, e tamén no acompañamento ás persoas LGTBI.

Señora conselleira, xa nos falou vostede de cal é o seu plantexamento para este ano respecto dos CIM, pero quizais podería incidir un pouco máis nas medidas concretas que se poñerán en marcha de cara a mellorar a atención aos usuarios dos CIM e tamén ás traballadoras; en definitiva, para mellorar a atención á igualdade, que é un pilar fundamental das políticas da Xunta de Galicia e da súa consellería.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.



Señora Arias, en paralelo á elaboración deste plan integral, en 2025 estamos dando pasos moi importantes para mellorar estes Centros de Información á Muller; uns centros aos que destinamos 6,5 millóns de euros, o que supón, como vostede dicía, un 30 por cento máis que neste ano 2024. E, precisamente, este esforzo materializámolo con máis fondos que van destinados a mellorar o equipamento, a contratar máis profesionais, para continuar achegando a todas estas traballadoras dos centros de información á muller máis formación e tamén para poñer en marcha máis actividades de promoción da igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

A todo isto únese, tal e como algunhas traballadoras nos trasladaron, a habilitación da sinatura anónima para todos os informes que realizan. Estamos traballando precisamente nesta medida porque queremos garantir sempre a protección e a seguridade de todas as traballadoras destes Centros de Información á Muller.

Señorías, os avances nos CIM non quedan aí, senón que en novembro tamén se aprobou un protocolo para a atención de todas as persoas LGTBI en todos estes centros. Polo tanto, o obxectivo é continuar blindando sempre esta rede. O noso obxectivo é melloralos do mellor xeito posible e tamén contar sempre con todas as traballadoras destes centros. Por iso hoxe, dende aquí, tamén lle quero dar as grazas polo seu esforzo e polo seu compromiso, que ás veces é moi pouco recoñecido, pero é imprescindible para que a sociedade galega continúe avanzando.

Esta aposta é un exemplo, señores deputados, do compromiso deste goberno pola igualdade e pola loita contra a violencia de xénero; un compromiso do que parece que adolecen outros partidos, que chegan a incluír nas súas listas electorais un condenado por abusos sexuais a unha menor. (*Murmurios.*) E, ademais, señores deputados, unha vez descuberto, néganse a dar explicacións ou a tomar medidas. (*Murmurios.*) Miren vostedes, precisamente aqueles que tanto se gaban de ser os abandeirados da igualdade, son os que dan os peores exemplos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten a palabra, por un tempo de tres minutos, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleira.



Quero que os primeiros segundos da miña intervención sexan para comentar a baixada das tarifas nas peaxes da AP-9 e da AP-53, da que dende o 1 de xaneiro deste ano desfrutan os galegos e as galegas grazas ao Goberno de Pedro Sánchez co apoio do BNG. *(Pausa do orador.)*

Ben, desgraciadamente, o certo é que dende o 1 de xaneiro os galegos e as galegas pagamos máis ca nunca por circular polas autoestradas de titularidade estatal en Galicia. Percorrer a AP-9 de Ferrol a Tui custa, dende o 1 de xaneiro, 26,85 euros, 3,35 euros máis que no 2024; se ben a maior suba a experimenta o tramo entre A Coruña e Vigo, xa que o traxecto entre ambas custa xa 20,45 euros. A AP-9 converteuse na autoestrada na que máis subiron as peaxes dende que goberna Pedro Sánchez, cun incremento acumulado que supera o 28 por cento; dende que goberna Pedro Sánchez —non o esquezamos— co apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego, que segue a ser o nacionalismo que máis barato lle sae a Sánchez e máis caro aos galegos.

No caso da AP-53, a suba acumulada dende que goberna Sánchez é do 18 por cento, un 3,89 por cento máis neste ano, no que o prezo da peaxe de Santiago-Dozón é xa de 7 euros. E é máis grave aínda se temos en conta que, pese ás promesas, a AP-53 segue a ser a día de hoxe a única autoestrada estatal que carece de calquera tipo de bonificación. O BNG anunciou que acadaría un compromiso co Ministerio de Transportes para estender as bonificacións á AP-53, pero a día de hoxe nada se concretou aínda respecto de cando serán efectivas e a canto ascenderán estas bonificacións.

Polo tanto, o Goberno estatal, co apoio do Bloque Nacionalista Galego, semella estar obsesionado en manter as autoestradas estatais en Galicia como as máis caras de España, o que vai en contra dos intereses dos usuarios destas vías e do conxunto das galegas e dos galegos. O ministro de Transportes dixo primeiro que non había cartos para as bonificacións nas autoestradas estatais en Galicia, e logo que si, que habería bonificacións para a AP-9, pero, iso si, acompañadas dunha suba que sitúa as peaxes no seu máximo histórico. En calquera caso, da promesa aos galegos dunha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta, nada de nada.

Polo exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia da suba de peaxes nas autoestradas galegas ao tempo que se fai efectiva unicamente a bonificación da AP-9?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlles resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a señora María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señor deputado, hai un par de semanas mantiven un encontro co sector do transporte de mercadorías e de viaxeiros e cos representantes do tecido empresarial de Galicia e tamén



dos autónomos de Galicia, polo problema que tiñan, a preocupación que tiñan, que non era outra que o «tarifazo» da AP-9, porque vimos todos os galegos como no mes de xaneiro se incrementaba AP-9 en máis dun 5 por cento e en preto do 4 por cento a AP-53. Efectivamente, hoxe un Vigo-A Coruña supera os 20 euros, un Santiago-Vigo, os 12 euros e un Santiago-Dozón, nada máis e nada menos que os 6,70 euros.

Estamos a falar claramente dun incremento totalmente inxustificado que está a lastrar a economía familiar dos nosos galegos e tamén, por suposto, a competitividade do noso sector empresarial. E, ademais, é especialmente sangrante cando estamos falando dunha infraestrutura que vertebra o noso territorio, que foi cualificada polo propio ministro como imprescindible e, ademais, que non ten outra alternativa de balde. Efectivamente, nos últimos cinco anos o incremento desta autoestrada en tarifas excede do 26 por cento, e o único que está a facer o Ministerio e o Goberno central é aplicar bonificacións que son bonificacións trampa, pois se aplican sobre tarifas que se incrementan cada ano máis e máis; bonificacións trampa que só benefician a concesionaria

Dende o Ministerio de Transportes, dende o Goberno central, seguen a agraviar a Galicia, por unha banda, dende o silencio, dando a calada por resposta en reiteradas solicitudes de reunións que lle temos trasladado, e tamén desde a desatención total que teñen as infraestruturas estatais que discorren pola nosa Galicia, non só por atrasos inxustificadas na execución das obras, senón pola falta de mantemento e conservación.

É lamentable que hoxe en día a AP-9 siga tendo o triste privilexio de ser unha das infraestruturas máis caras que estamos a ter en toda España, porque mentres o Goberno de Pedro Sánchez cunha man aplica bonificacións coa outra man aplica a subida das tarifas; mentres que anuncia a bombo e platillo nos medios de comunicación as bonificacións ás agochadas, incrementa as tarifas. E, ademais, estamos a falar só de bonificacións da AP-9, porque non sabemos que pasa coas bonificacións da AP-53 que nos anunciou o Bloque Nacionalista Galego. Señorías do Bloque Nacionalista Galego, miren ben quen lles compromete estas bonificacións, porque estamos xa rematando. Vence xaneiro e aínda non temos conta delas, porque o que ten o Executivo central con Galicia non é máis que agravio; agravio e silencio.

Pola nosa parte, por suposto, seguiremos a exixir a Óscar Puente luz e taquígrafos e que cumprimente os compromisos que adquiriu con Galicia. Por suposto, seguimos a pedirle cales son os criterios para rescatar unhas autoestradas si e outras non e cando van ser realidade esas bonificacións comprometidas coa AP-53, que son compromisos adquiridos por Galicia.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señora conselleira.



Galicia é líder nacional en quilómetros de autoestradas de pago; temos 334 quilómetros. Pola contra, Cataluña ten apenas 50 quilómetros de peaxe. É a consecuencia de ter uns nacionalistas, os galegos, que se limitan a aplaudir as continuas chantaxes ás que se somete o Goberno que apoian en beneficio case sempre dos mesmos, pero sempre en prexuízo dos mesmos, os galegos e as galegas.

Dende que goberna Pedro Sánchez co apoio do Bloque Nacionalista Galego fixéronse gratuítas oito autoestradas no resto do territorio nacional, pero a Galicia dinnos reiteradamente non, pese á promesa dunha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta. Dinnos non á súa transferencia, non á súa gratuidade e non ao seu rescate. En definitiva, unha vez máis, non a Galicia.

O non á gratuidade tradúcese nas peaxes máis altas da historia. O non á transferencia tradúcese nas dezasete prórrogas —novo récord— á tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da AP-9 a Galicia. E o non ao rescate tradúcese en que dende 2025, dende este ano, ese mantra de PSOE e BNG de que os galegos e as galegas pagamos as peaxes na AP-9 por culpa da prórroga acordada polo Goberno no ano 2002 xa non coa máis. ¿Por que? Porque a partir deste ano xa non hai excusas para non rescatar a AP-9. Tras coñecerse a nova contía anual das modificacións aprobadas polo Goberno, ábrese un novo escenario que invita a considerar o seu rescate. No pasado mes de setembro a Xunta remitiu ao Ministerio de Transportes o estudo sobre o custo da transferencia do rescate da AP-9, que conlevaría tamén a súa gratuidade. Partía dun custo de bonificacións para o ano 2025 de 56,3 millóns, e o Ministerio acaba de elevalo a máis de 81 millóns de euros ao ano. Con esta nova cifra, o custo da indemnización por rescate, aplicando unha taxa de desconto, e o custo das bonificacións ata o final da concesión aseméllase de maneira considerable.

E, por iso preguntolle, señora conselleira: ¿considera o Goberno da Xunta de Galicia que o Ministerio debe reconsiderar a súa decisión de non rescatar a AP-9?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señora presidenta.

Señor deputado, efectivamente, nesta Cámara e nesta lexislatura levamos xa moito tempo falando da AP-9 e, desgraciadamente, teremos que seguir a falar da AP-9 mentres non se cumpran os compromisos adquiridos con Galicia. Reclamamos —e, por suposto, seguiremos reclamando— a transferencia, pero, como ben di, é certo que agora se abre outro horizonte. Á vista do decreto do Ministerio de Transportes, que cifra en 3.800 millóns de euros a reserva de crédito necesario para afrontar as bonificacións ata o final da concesión e tendo en cota ese custo de indemnización por rescate, aplicando a taxa de desconto de 2.331 millóns de euros, pedimos ao Ministerio que recapacite e que valore esta ventá que ten agora aberta, porque con esas novas cifras os custos da indemnización das bonificacións e os custos da indemnización por rescate, aplicando as taxas de desconto, son moi equilibrados, e iso é



precisamente o que lle trasladamos ao ministro a semana pasada nunha comunicación oficial.

Igualmente, por suposto, é preciso que nos aclare cales son os criterios para bonificar e cales son os criterios para rescatar determinadas autoestradas: por que o que se aplica, por exemplo, na AP-7 da circunvalación a Valencia non é válido para a AP-9 ou por que non se materializa dunha vez esa transferencia da AP-9 que é reclamada pola unanimidade de todos os partidos neste Parlamento.

O señor Óscar Puente pensa que os galegos somos do pau e da cenoria, e trabúcase. Non pode ser tarifazo, tarifazo, tarifazo, bonificación da cenoria. Os galegos non somos parvos, os galegos queremos solucións e por iso pedimos e exiximos escoita activa e lealdade institucional, que é o que se espera de calquera administración. Por suposto, exiximos respecto, exiximos seriedade para con Galicia, que se leve adiante esa transferencia demandada dende hai máis de quince anos e que se leve adiante esa votación desa proposición de lei que se está atrasando día tras día sen saber por que polo Partido Socialista no Goberno central e que foi aprobada por unanimidade deste Parlamento galego.

Pola nosa parte, por suposto, non deixaremos de pedir ao ministro Óscar Puente que nos reciba, que nos escoite. Parece que ten medo a recibirnos. Por suposto que en Galicia tamén temos dereito a ter unhas estradas ben conservadas e ben mantidas e queremos ter tamén unhas vías de altas prestacións en condicións de conservación e mantemento, pero queremos ter unhas vías de altas prestacións galegas. Exixímoslle xa dunha vez que se deixe deste trato inxusto a Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Elena Espinosa Mangana e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as accións que pensa impulsar o Goberno galego co obxectivo de rebaixar as listaxes de agarda para consultas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, interpreto que intervirá a señora Espinosa Mangana.

Ten a palabra, por un tempo de tres minutos.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, a asistencia sanitaria é un dereito básico moi sensible, porque afecta a saúde das persoas, pero a xestión da sanidade está tinguida de escuro e só resplandece o labor dos profesionais. E dentro do conxunto da sanidade hai un buraco negro, que son as listas de espera. Non hai moito, coñecemos os datos das listas de espera referentes a xuño



de 2024. Con estes datos nas mans, as referentes a cirurxía e consultas da Área Sanitaria de Vigo empeoraron dende que se publicaron os de decembro do ano 2023.

Non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e para os seus familiares, cronificación das enfermidades e moitas máis consecuencias. Todos e todas entendiamos a situación tras a pandemia, pero, superada esta, como lle dicía, non conseguimos mellorar, e os datos de xuño do 2024 son peores que os de decembro do ano 2023. E convertéronse nun gran problema porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública. Non podemos olvidar que o Hospital Álvaro Cunqueiro, con menos quirófanos, con menos camas, sen cumprir o Plan funcional, tamén contribúe a esta situación.

Preguntámoslle que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar esas listas de espera; listas de espera que nos levan a ter 112 días de espera para unha consulta psiquiátrica ou para un TAC. E estou falando de probas absolutamente normais, porque, dende logo, tamén poderíamos falar de cifras moito máis elevadas se falamos, por exemplo, dos 235 días para un estudo do otorrino. Pero non quero que me chame demagoga, quero utilizar datos publicados pola Consellería e datos que calquera pode entender.

Por iso eu lle fago esta pregunta porque, señor conselleiro, de non dar unha explicación convincente, entenderemos que os datos das listas de espera poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia coa Área Sanitaria de Vigo.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlles resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora deputada, eu teño que recoñecer que admiro o valor do Partido Socialista para formular esta pregunta, sendo precisamente o Partido Socialista, nas comunidades nas que goberna, o líder en listas de agarda; teñen o récord de cifras máis altas de espera sanitaria. Os datos están aí publicados semestralmente polo Ministerio de Sanidade e acreditan que as listas de espera en Galicia están entre as máis baixas de España, moi por debaixo da media das comunidades que vostedes xestionan. *(Aplausos.)* E, señoría, a situación de Vigo é incluso mellor que a da media de Galicia, e así o acreditan os últimos datos publicados polo Ministerio a 31 de xuño do pasado ano.

Mire, comezando por consultas externas, Galicia ten un tempo medio de espera de 72 días. Somos a quinta comunidade autónoma con mellores datos; son 72 días, fronte aos 94 días de media a nivel estatal. Pero, mire, en Vigo o tempo medio de espera para unha consulta de especialista é aínda menor: 53,6 días; isto significa que un vigués agarda



corenta días menos que a media de España para ser atendido. E quero dicirles, para que se enfronten á realidade de como se xestionan as comunidades autónomas en que goberna o seu partido: en Asturias, 93 días; en Cataluña, 98 días; en Navarra, 126 días...; é dicir, 73 días máis que en Vigo, coa xestión socialista. E, señoría, os datos tamén resisten ben a comparación, se atendemos á lista de espera cirúrxica. O tempo medio de espera, para operarse en España, que é de 121 días; en Galicia é de 71 días, isto é, 50 días menos; e en Vigo, aínda é menor, 69 días. Ningunha comunidade socialista ten mellores resultados que Galicia: en, Asturias, 83 días; en Navarra, 78 días; en Castela-A Mancha, 118 días; en Cataluña, 137 días. Estes datos, a vostedes, deberían darlles un motivo de reflexión, ao igual que a porcentaxe de pacientes que agarda máis de seis meses por unha cirurxía. Mire, neste caso a media de España chega ao 20,5 por cento, mentres que en Galicia, ao 3,6 por cento; e en Vigo, ao 2 por cento. A Comunidade socialista con mellores datos está agardando máis de seis meses ao duplo de pacientes, mentres que en Castela-A Mancha, a case dez veces máis. Son datos, señoría, que ofrecen unha comparativa da posición en que está a Galicia.

Con todo —insisto—, non nos conformamos. Traballamos sempre para mellorar e para ofrecer a mellor atención sanitaria aos galegos, e o traballo que realizamos nos últimos meses —xa lle avanzo— nos está a permitir ir rebaixando as listas de agarda, incrementando tanto o número de cirurxías como de consultas realizadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Para a réplica, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, todos sabemos que o cómputo das listas de espera se falsea. Non o dicimos soamente os socialistas, (*Murmurios.*) senón que o dixon, reiteradamente, o Consello Consultivo. (*Murmurios.*)

Mire, vou ir ao cal eu lle preguntaba, e a resposta debería ser moi fácil, que é por máis recursos para a sanidade porque isto é o que reclamaban máis de sesenta e dúas mil persoas na manifestación celebrada en Vigo o pasado día 16. E aínda que o señor Rueda diga que somos os de sempre —si, señor conselleiro, somos os que sempre defendemos unha sanidade pública e de calidade—, as máis de sesenta e dúas mil persoas que alí estaban representaban os cidadáns, os usuarios da sanidade, os sindicatos, os partidos políticos, os profesionais..., porque todos rexeitamos a xestión que a Xunta de Galicia está facendo da sanidade, e así o manifestamos publicamente.

Eu tamén lle vou dar uns datos, pois eran 68.771 persoas as que estaban en listas de espera na Área Sanitaria de Vigo en xuño do ano pasado, e, se lle parecen poucas, dígolle que son máis do que a poboación do concello de Ferrol. Onte mesmo —xa que vostede falaba deses datos—, o defensor do paciente denunciaba o número de persoas que espera unha atención médica e indicaba que Galicia era a quinta comunidade autónoma con máis demora. Espero que vostede responda debidamente ao defensor do paciente.



Mire, eu creo que a súa consellería ten que facer un grande esforzo porque a xestión da sanidade en Vigo suscita a cualificación de mala e moi deficiente. As asignaturas pendentes en Vigo son moitas, pero as listas de espera son un excelente indicador. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Espinosa.

Para a réplica do Goberno, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Señoría —entendo—, logo de ver fracasar, co seu papel na Comisión de investigación sobre o mellor hospital pú-bli-co! de Galicia, busca, á desesperada, estratexias para desprestixiar a sanidade pública en Vigo. A sanidade pública viguesa é unha prioridade para a Xunta, e, por iso, destinamos a esta máis de mil millóns de euros no noso orzamento deste ano.

Mire, vou explicarlle as medidas que tomamos para manernos entre as comunidades con mellores datos de espera, especialmente na Área Sanitaria de Vigo. Para o caso dos servizos con maior lista de espera para as primeiras consultas, como o otorrino ou a rehabilitación, realizouse unha actividade extraordinaria en quenda de tarde. Mentres se resolven os procesos da OPE e do concurso de méritos, traballamos en manter o persoal de servizo fidelizado, con contratos específicos para reducir a lista de espera, traballando en quendas deslizantes e compaxinando a actividade asistencial coa cirúrxica. Nos servizos que dispoñen de profesionais en listas de contratación, estamos a contratar persoal que substitúa os permisos dos profesionais e, ademais, potenciamos categorías sanitarias que desenvolven, ao máximo, as súas competencias, como é o caso das enfermeiras xestoras. Todo isto desde a óptica de uso dos recursos humanos, pero tamén tomamos medidas que se poden ver directamente reflectidas no paciente.

En Galicia, contamos, desde o ano 2018, co Decreto de garantías de tempos máximos de acceso a prestacións sanitarias. Este decreto estableceu en Galicia un sistema de priorización que garante unha consulta co especialista en menos de corenta e cinco días e a intervención cirúrxica en menos de sesenta días; con isto, a sanidade galega demostra ser especialmente áxil para os casos máis graves, nos cales o tempo é crucial. Ademais do sistema de garantías de prezos máximos, no caso concreto da Área de Vigo, o tempo medio de espera durante o ano pasado para os pacientes de prioridade 1 foi de tan só 17 días; logramos este dato na prioridade 1 despois de mellorar en tres días o do ano anterior, á vez que aumentamos os pacientes atendidos, e a pesar de que ao longo do ano 2024 na Área Sanitaria de Vigo se realizaron 1.200 cirurxías máis, logramos reducir o tempo medio de espera en case un día.

Polo tanto, señoría, a situación da Área Sanitaria de Vigo é moito mellor que a do resto de España; incluso ten unha listas de espera lixeiramente inferiores á media galega. Non o digo eu, aí están os datos para comprobalo: atendemos máis, atendemos mellor e atendemos con menos espera. Vostedes non se basean nos datos nin na realidade. De feito, na Área Sanitaria de Vigo logramos atender, con datos completos do ano pasado, case un vinte por cento máis de pacientes, nas primeiras consultas, que no ano 2023.

É normal que queiran poñer unha venda nos ollos porque a realidade é tozuda e non lles dá a razón; a realidade di que a peor ameaza que teñen, agora e adiante, as listas de espera na



sanidade pública en Vigo é o problema que o Goberno de España ten montado con Muface e que non é capaz de resolver.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputadas/os máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os cambios que está a incorporar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar o programa galego de cribado neonatal

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta —como sabe—, por un tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Señor conselleiro, o Servizo Galego de Saúde ten moitas fortalezas e, sen dúbida, os cribados é unha delas. Nos orzamentos deste ano 2025, hai preto de tres millóns de euros destinados á detección precoz de enfermidades —o máis elevado da historia—, permitindo, así, a intervención temperá que resulta crucial na prevención e no tratamento das enfermidades graves.

Os galegos temos que estar orgullosos de ter o programa de cribado neonatal máis completo de España. Realízase mediante a coñecida «proba do talón», que permite identificar enfermidades metabólicas, endócrinas e xenéticas, antes de que aparezan os síntomas e, desa maneira, cunha diagnose precoz e cun tratamento axeitado, lógranse salvar moitas vidas. Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo son enfermidades consideradas raras ou moi raras e a pesar diso son un conxunto de patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos. En Galicia fomos pioneiros no cribado de enfermidades endócrinas e metabólicas neonatais, grazas a un Goberno sensible que vela pola saúde dos galegos. E hoxe seguimos sendo a Comunidade Autónoma de España que ofrece o cribado neonatal máis amplo, moi por enriba das 11 patoloxías que actualmente marca, como mínimo, o Ministerio de Sanidade. Ademais da detección de 37 patoloxías conxénitas primarias, tamén se identifican, de forma secundaria, 14 enfermidades máis; por tanto, chegamos a detectar un total de ata 51 enfermidades.

E no ano 2021, a Xunta de Galicia tamén foi pioneira coa aprobación da Estratexia galega de enfermidades raras 2021-2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, unha menor variabilidade no manexo do doente e da doente e unha xestión máis áxil, coordinada e eficiente.

Hoxe, señor conselleiro, no Grupo Popular queríamos preguntarlle que resultados hai coa ampla experiencia dos cribados neonatais na sanidade galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señoría, agradezo moito que vostede me pregunte polo programa galego de cribado neonatal porque o certo é que este programa é un dos maiores logros da sanidade pública galega.

A súa pregunta, é, ademais, acaída porque desde o pasado mes de novembro ampliamos o programa para a detección precoz de novas enfermidades endócrinas e metabólicas como a atrofia muscular espiñal, a inmunodeficiencia conxénita grave ou a hiperplasia suprarrenal conxénita. Ademais, desde o pasado 2 de decembro, está en marcha un novo cribado para detectar cardiopatías conxénitas críticas nas primeiras 24 horas de vida dos bebés.

Galicia conta cun programa de cribado neonatal que permite a detección temperá de 37 metabolopatías conxénitas primarias e 14 secundarias, acadando así as 51. Isto coloca Galicia, e o seu sistema público de saúde, como a Comunidade Autónoma coa carteira de patoloxías de cribado neonatal máis ampla do Estado. Estamos a falar dun programa de prevención importantísimo, xa que, a través de probas moi sinxelas e nada invasivas, permite detectar enfermidades antes de que se presenten os síntomas para poder aplicar, desa maneira, alternativas terapéuticas o máis pronto posible; por iso a práctica totalidade dos nenos nados en Galicia, é dicir, o 99,9 por cento participa nestes cribados neonatais.

Así, grazas á proba do talón, desde o ano 2000 ata o ano pasado, foron cribados máis de catrocentos setenta e seis mil neonatos galegos, dos cales se diagnosticaron 705 patoloxías. Neste período diagnosticáronse, entre outros casos: hipotiroidismo conxénito, 222 casos; fibrose quística, 62 casos; enfermidades metabólicas, 372 casos; atrofia muscular espiñal, 4 casos; inmunodeficiencia combinada grave, 1 caso; hiperplasia suprarrenal conxénita, 1 caso. En Galicia traballamos tamén con anticipación, e, por iso, desde hai xa case dous anos, incorporamos ao cribado as dúas enfermidades que agora incorpora o Ministerio de Sanidade.

Como digo, señoría, a cobertura galega, en comparación coa establecida na carteira básica dos servizos do Sistema nacional de saúde, é a máis completa. Os nosos cribados neonatais identifican 51 enfermidades distintas. Isto contrasta cos cribados obrigatorios a nivel estatal. Ata hai pouco, só recollían 11 enfermidades cribadas, incrementándose recentemente en catro enfermidades máis.

O Goberno galego vén facendo unha aposta decidida pola prevención: temos o calendario vacinal máis completo do mundo e temos tamén os cribados neonatais máis amplos de España.

Polo momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para a réplica, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro polo que vostede acaba de transmitir: realidades e certezas. Ninguén, no seu san xuízo, dubida do excelente Servizo de saúde pública que temos en Galicia.

Vostede acaba de ver, hoxe mesmo, o que temos que escoitar na Cámara acotío por parte da oposición, que descoñece ou coñece e trata de transmitir falsidades. Pero o certo e a verdade é que a sanidade galega está en boas mans; e o certo e a verdade é que —podemos afirmar— os nenos que nacen na nosa comunidade teñen garantida unha sanidade de calidade. E isto repetireino unha e mil veces —as que faga falta—. *(Aplausos.)*

A Xunta de Galicia garante, con este cribado neonatal incluído na carteira de servizos do Sergas, cunha proba segura e rápida, a posibilidade de detectar enfermidades graves antes de que causen os síntomas, e posibilita un tratamento precoz, evitando complicacións e mellorando a calidade de vida dos nosos nenos. Vostede acaba de informar sobre a ampliación do número de enfermidades incluídas neste cribado, ademais do cribado metabólico: a xordeira neonatal, tamén as cardiopatías conxénitas críticas que, por certo, son unha causa importante de mortalidade infantil, especialmente nos primeiros anos de vida.

Sabemos que Galicia ten o cribado neonatal máis amplo de España, pero tamén coñecemos que na Consellería —en que vostede ten a responsabilidade máxima— seguen a traballar na mellora constante dentro das súas competencias.

Por iso nesta segunda quenda, queremos preguntarlle que melloras está a incorporar a Xunta no programa galego de cribado neonatal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señora deputada.

Como ben sabe, a sanidade pública galega está en constante mellora e mostra liderado no que á política sanitaria se refire. No ano 2023 eran 34 as patoloxías primarias que englobaba o noso programa de cribados. Desde o pasado mes de novembro —como digo—, incorporamos tres novas enfermidades primarias aos cribados, concretamente: a adrenoleucodistrofia, ligada ao cromosoma X, cunha prevalencia dun caso por cada 17.000 nacementos; a mucopolisacaridose de tipo 1, cunha prevalencia estimada dun caso cada 50.000 nacementos; e, por último, a doenza de Pompe, cunha prevalencia non ben coñecida, pero, neste caso, ten unha alta mortalidade que se produce no período neonatal e, a pesar diso, ten un tratamento eficaz coa terapia de relevo encimática, que mellora a función cardíaca e prolonga a supervivencia destes nenos. Se comparamos esta enfermidade cos cribados, xa diagnosticamos un caso.



Pero a aposta polos cribados innovadores en Galicia vai máis alá. Despois de incorporar en novembro estas tres novas patoloxías, o pasado 2 de decembro puxemos en marcha un novo cribado para detectar cardiopatías conxénitas críticas nas primeiras 24 horas de vida. Trátanse de patoloxías que presentan unha incidencia de 2 casos por cada 1.000 nacementos, que poden comprometer gravemente a saúde do bebé e que son a causa aproximadamente dun vinte por cento dos falecementos ocorridos no período neonatal. É un cribado que realizamos de forma universal a todos os bebés nados en Galicia.

Ademais, Galicia, xunto con Madrid, lidera un proxecto de cribado xenómico neonatal, o Cringenés, en que participan 2.500 nenos de nove comunidades de España. Neste proxecto, úsase a mostra de sangue do cribado habitual para analizar, en paralelo, unha análise prospectiva de secuenciación do xenoma, o que permitirá ampliar e complementar o cribado bioquímico actual, incluíndo enfermidades que actualmente non dispoñen de marcadores, pero si para aquelas en que tamén existen opcións terapéuticas. É un proxecto que se leva a cabo nun consorcio de 33 profesionais, liderado pola doutora María Luz Couce, do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, e polo doutor Miguel Moreno, do Instituto de Investigación Sanitaria Ramón y Cajal; un proxecto co cal Galicia novamente se sitúa á vangarda dos países europeos neste tipo de iniciativas, con importantes repercusións na saúde.

O Executivo galego está plenamente comprometido cos cribados e con todas as iniciativas encamiñadas á detección precoz e á prevención, pois somos conscientes de que a detección temperá é a mellor maneira de abordar as enfermidades, dando unha mellor atención e evitando secuelas máis graves; por iso non escatimamos nin en esforzos nin en investimentos nesta materia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Imos coa última pregunta da sesión plenaria.

Neste caso, a referida, na orde do día, no apartado 9.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira das rías galegas

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta —entendo—, vai ter a palabra don Julio Ernesto.

Ten vostede tres minutos.

O señor ABALDE ALONSO: Para iso estou de pé.

Boas tardes, conselleiro, ou case boas noites, conselleiro.



Vou intentar que na miña intervención non me teña que acusar de enganar, de trabucar e, sobre todo, de dicir falsidades.

Durante todo este ano 2024, viñemos alertando da situación en que se atopaba a produción de bivalvos nas rías galegas. Durante este tempo, incluso a finais de setembro, algúns medios de comunicación xa dicían que a crise do marisqueo afundía a facturación das lonxas da ría de Arousa. Pero ¡bueno!, agora xa non son suposicións e xa non son —digamos— expectativas, senón que agora xa dispoñemos dos datos; e os datos do ano 2024 son realmente alarmantes.

Na ría de Arousa produciuse, no caso do berberecho, incluso unha perda do 93 por cento da produción nesta ría; situación que incluso tivo repercusión a nivel de medios nacionais e galegos, por suposto —pero tamén nacionais—, e internacionais. De feito, *The Guardian* publicou un artigo precisamente sobre a situación das nosas rías e da ría de Arousa, en concreto. Estas rías están sufrindo unha perda e unha deterioración, incrementando, ano a ano, a perda da produción, de forma que se están perdendo toneladas de bivalvos producidos e tamén millóns de euros de facturación nos bancos das nosas rías. Esta crise pasa factura, por suposto, aos traballadores e ás traballadoras do sector do marisqueo, que ven como practicamente o 50 por cento dos seus ingresos desapareceron neste ano 2024.

Ante todo este panorama, ¿que fai a Consellería do Mar? Reiteradamente, ante as nosas solicitudes, o que fai é negar a situación —facíao antes: negar a situación—, botar a culpa a causas ambientais, dar xustificacións sen estudos científicos etcétera, pero a realidade é que o sector reclama á Consellería que deixe as excusas e que se poña a traballar en serio no saneamento e na rexeneración das rías e dos bancos desas rías. Os parches xa non valen, conselleiro. Hai que actuar claramente para lograr o saneamento integral das rías e dos ríos que chegan a estas rías, incluíndo tamén os encoros, e controlar a contaminación que aí se produce.

As axudas que dá a Consellería son exiguas; de feito, para a rexeneración, dá un máximo de 15.000 euros por proxecto, e, polo tanto, as axudas aos mariscadores e ás mariscadoras non están chegando. No mes de novembro, en comisión parlamentaria, neste Parlamento, aprobouse por unanimidade unha proposición dos Socialistas de Galicia, que instaba á Xunta a poñer en marcha, de modo inmediato, a creación dun fondo para as axudas aos traballadores do mar afectados polos períodos de paralización dos distintos bancos, con cargo ao FEMP. A realidade é que estas axudas aínda non están nin anunciadas nin parece que o Goberno teña a intención de facelo.

Polo tanto, ante esta situación, o que lle preguntamos xa non é se vai negar ou non a baixa na produción porque é imposible negala, senón que preguntamos: ¿que valoración fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira nas nosas rías?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Parar darlle resposta ten a palabra o señor conselleiro do Mar, don Alfonso Villares.



Señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi boas tardes, señorías.

Señor Abalde, a verdade é que os datos están publicados na plataforma Pesca de Rías; datos que permiten ver que hai unha evolución cíclica de cadal, cunha serie de picos máximos de produción e doutros mínimos. E como ben sabe, no inverno do ano 2022-2023, houbo episodios de choivas que afectaron a produción do ano 2023 e, ademais, tamén nese ano se produciron dous acontecementos ambientais que afectaron de xeito significativo a produción: por un lado, as altas temperaturas do mar, no verán do ano 2023 e, por outro lado, as moitas choivas que tiveron lugar nos meses de outubro e novembro do ano 2023, o que levou consigo unha mortalidade excesiva da poboación de moluscos bivalvos, e o que provocou un descenso na produción do ano 2024.

Para tratar de paliar a situación, puxémonos mans á obra —como ten que ser— e configuramos, xunto co sector —representado, neste caso, polas federacións das confrarías de pescadores—, por un lado, o Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo 2024-2025, cunha achega de 123 millóns de euros e, paralelamente, tamén solicitamos ao Estado a declaración de zona catastrófica de emerxencia para o marisqueo, evidentemente vendo as manifestacións que facía todo o sector, conxuntamente con vostedes, cos representantes do Partido Socialista.

Nese plan, que, por un lado, deseñamos conxuntamente coas confrarías, o Goberno galego mobilizou na actualidade xa 70 millóns de euros; uns fondos que foron distribuídos a través de diferentes liñas de axudas, por un lado, dirixidas ás confrarías, ás federacións, ás organizacións de produtores e a outras entidades asociativas, e que están permitindo realizar unha serie de accións encamiñadas a reforzar a actividade extractiva, a mellorar as zonas produtivas e a implantar medidas de conservación dos recursos mariños. Un balance sobre o cal a última data en que demos conta foi o pasado martes nun encontro cos representantes das federacións de confrarías galegas.

Nesta liña tamén podemos sinalar a publicación, durante este mes, de dúas ordes de axudas: por un lado, a primeira, para a mellora e a xestión dos bancos marisqueiros, por 2,2 millóns de euros; e a segunda, para a restauración da biodiversidade dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades sostibles, por un valor de 1,2 millóns de euros. Polo tanto, señorías, os datos están aí e a nosa resposta está aquí; é unha realidade na cal estamos a traballar intensamente co sector co que pretendemos, por un lado, rexenerar máis bancos, no curto e no medio prazo, e xerar novas zonas de traballo reforzando a vixilancia e o labor dos biólogos; e, por outro lado, procurar especies máis resilientes e, por último, diversificar a produción, mellorando a comercialización final.

Ademais, imos seguir a estudar os factores da caída da produción e a influencia do cambio climático nas nosas rías, co fin de recuperar a súa plena capacidade, e farémolo da man dos centros científicos de referencia en ciencias mariñas. Un todo en que estamos todos unidos; evidentemente, só faltan vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Abalde.



O señor ABALDE ALONSO: Señor conselleiro, creo que, neste caso, quen está terxiversando a situación é o representante do Goberno e non o representante da oposición.

Mire, conselleiro (*O señor Abalde Alonso mostra unha gráfica.*) —se fai o favor de ver esta gráfica—, esta é a produción desde o ano 2002 ata o ano 2024. Desde o ano 2016 estase producindo unha baixa continuada na produción de ameixas na ría de Arousa. ¡Desde o ano 2016! e non desde o ano 2023, en que houbo a choiva —desde o ano 2016—. E desde o ano 2016 este Goberno está sen tomar medidas sobre a produción. Está simplemente alegando determinadas cuestións, amparándose —como dicía antes— en estudos científicos —por suposto, a min non me vai intentar convencer de que iso é malo—, cos cales, por suposto, estamos totalmente de acordo. Pero iso necesita, ademais, traballos intensos no campo, é dicir, nos bancos. Hai que traballar na rexeneración e hai que traballar co sector.

Estas cuestións que reclamamos hoxe aquí non son do Partido Socialista, senón do propio sector, que está dicindo que as axudas para a rexeneración dos bancos e para a biodiversidade non son suficientes. Vostede vólvenos sacar outra vez o Plan de rexeneración deses 123 millóns. ¿Cantas veces nos venderon ese plan?; ¿onde está ese plan? A oposición non coñece ese plan. E o peor é que o sector, en moitas ocasións, tampouco coñece o Plan.

Polo tanto, vostedes están poñendo aquí medidas que son puntuais e fraccionadas, e non hai un plan serio, é dicir, un plan —digamos— que poña as liñas estratéxicas claras para traballar para compensar a perda de produción. Necesítase, entre outras cosas, revisar o saneamento das rías. Está claro que a contaminación das rías está producindo un efecto indesexable sobre a supervivencia dos bivalvos. ¿Que está facendo a Consellería, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, para revisar a situación, por exemplo, das EDAR, é dicir, a situación da contaminación que pode vir dos ríos que alimentan as rías?; ¿estase facendo algo, señor conselleiro?; ¿están vostedes traballando niso? O sector, desde logo, di que non, que non o están facendo.

Polo tanto, non se escuden detrás das choivas do ano 2023. Desde o ano 2016 estase producindo unha baixa significativa da produción das nosas rías. É hora de que a Consellería poña remedio á situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Abalde.

Para a réplica do Goberno, o señor Villares.

Señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Mire, señor Abalde, a verdade é que, se hai algo que me doe, é escoitar da boca de representantes galegos, de políticos galegos —sexan da cor que sexan—, continuamente falar mal das nosas augas, das nosas rías e da nosa terra. Evidentemente, se facemos iso, despois pasa o que pasa —como ben vostede mencionou—, é dicir, que os periódicos internacionais o recollen, e dá a sensación de que Galicia é a peor zona do mundo onde habitar, onde vivir e onde traballar. E, para iso, en gran medida axudan as accións de malos galegos que ao que se dedican é a falar mal do noso, en vez de intentar entender que se está enriba da resolución dos problemas. (*Aplausos.*)



E, ademais, dígollo con sinceridade, porque, evidentemente, mentres vostede e o seu grupo, e o seu goberno ou o grupo que sustenta o Goberno central, cando eu falaba das choivas que houbo no ano 2023 —cando vostedes alzaban a bandeira conxuntamente cos seus compañeiros da oposición, do BNG—, vostedes dicían o mal que se estaba pasando durante eses meses con respecto ao marisqueo, nós reclamamos conxuntamente a declaración de zona de emerxencia; e reclamámola a quen había que reclamala: ao Estado. E o peor é que non tivemos nin unha soa resposta, nin se si, nin se non. A realidade é que do Goberno do Estado —que tamén é o Goberno dos galegos— non houbo ningunha axuda a unha situación crítica pola cal estaba pasando a nosa xente do mar. ¡Non houbo ningunha solución nin unha soa decisión! *(Aplausos.)*

¡Bueno, perdón, perdón! Houbo unha: mentres a xente o pasaba mal e non levaba cartos para a casa, vostedes seguían cobrando as cotas da Seguridade Social a esas familias que o estaban pasando tan mal. E mentres vostedes o estaban denunciando.

Esa é a acción que fai o Goberno do Partido Socialista en Madrid. E vostedes están continuamente a poñer no nome de todos os galegos, a terra, Galicia e o seu mar, como se fose o peor mar de todos os mares. E así pasa, que estamos a chegar a periódicos doutros países, que están a falar mal da nosa terra, grazas —repito— a malos galegos coma vostedes. *(Murmurios.) (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, nós imos seguir traballando da man dos científicos, señor Abalde —ben o sabe—, como traballamos cando vostede tamén rexía a universidade e estaba na universidade.

A ciencia vai dar os seus resultados, e son moitos os proxectos que estamos encargando, tanto proxectos propios como proxectos coas distintas universidades, para facer o posible para reverter a situación, e pouco a pouco ímolo conseguir. O que pido é que entendan que, evidentemente, a solución dos problemas non vai ser dun día para o outro porque, por desgraza, o bivalvo, os moluscos tardan de ano e medio a dous anos en crecer e en estar nunha idade para que poidan ser produtivos ou para que se poidan recoller e levar ao consumo. Hai que darlle ese tempo e ese tempo é o que hai que esperar tamén, e vostedes terían que entendelo, polo menos vostede, señor Abalde, que é unha persoa de ciencia e destas cousas tamén debería saber.

O que lle pido é que entenda; é que se poña a favor do sector; é que estea da man da xente do mar —que é o que eu creo que eles piden—; e é que tamén o Goberno central —que eu creo que aí vostedes teñen algunha man— poida tomar algunha decisión a favor do mar galego.

Eu pensaba tamén nese decreto ómnibus, que aprobaron o outro día; estiveren mirándoo por se igual poñían algunha medida en favor do marisqueo galego. *(Aplausos.)* ¡Non apareceu nada! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(O señor Prieto Perille pide o uso da palabra.)

Pide a palabra o señor Prieto. ¿Para que pide a palabra, señor Prieto?

(O señor Prieto Perille pronuncia palabras que non se perciben.)



Dean voz ao escano do señor Prieto, por favor.

O señor PRIETO PERILLE: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

No día de hoxe presento a miña renuncia como deputado do Grupo Popular, debido ás miñas novas responsabilidades profesionais nunha federación deportiva galega, en que empezarei a exercer a partir do día de mañá; ocupacións que son incompatibles cos meus labores de deputado pola provincia da Coruña.

É por iso que, diante do Pleno do Parlamento —xa que teño a oportunidade—, quero, antes de nada, agradecer ao presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e aos compañeiros do Grupo Popular, o respecto e o agarimo durante todo este tempo. Sinceramente, sentínme moi acollido e moi a gusto en todo o momento. Entrei no Grupo Parlamentario Popular hai uns meses, e vou deixar unha gran familia. E sinceramente é unha sensación moi agradable e satisfactoria para min.

Tamén quero agradecer, en liñas xerais, o talante dos outros tres grupos que nos acompañan nesta Cámara. Son naturais e evidentes as discrepancias e as posturas diferentes, pero tamén a seguridade de que —cadaquén coas súas ideas— todos intentamos defender os intereses de Galicia, das galegas e dos galegos. Seguramente tamén durante este tempo cometín algún erro; este é o momento de pedir desculpas a todos os deputados da Cámara. Síntome moi orgulloso de compartir proxectos e iniciativas, de compartir grandes momentos e de contribuír para aprobar grandes medidas para Galicia nesta Cámara.

Non me quero despedir sen antes destacar o gran labor dos servizos da Cámara, así como a atención dos traballadores do Parlamento. E tamén quero agradecer ás persoas que traballan día a día no Grupo Popular e que coidan o máis mínimo detalle para que os labores de todos os deputados sexan moito máis fáciles día tras día.

Como non podería ser doutra forma —independentemente de que hoxe cese como deputado—, quedo á vosa enteira e total disposición. E ánimovos a seguir traballando por Galicia, por esta gran terra, en defensa dos intereses de todos os galegos e as galegas.

Grazas de corazón. Unha aperta. *(Aplausos prolongados.)*


A señora PRESIDENTA (Candía López): Creo que falo en nome de todos desexándolle a mellor das sortes.

Rematamos o primeiro pleno do ano 2025. Debía empezar desexando un feliz ano —aínda que xa era un pouco tarde—. En todo caso, remato dando eses desexos e levantando a sesión.

E moi boa noite a todos.

Remata a sesión ás seis e corenta e nove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

